2020-2021

# PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

## CPI LUÍS DÍAZ MORENO

BELÉN PÉREZ ALDARIZ

2020-21

# ÍNDICE

**1. INTRODUCIÓN.......... 3**

**2. CONTEXTUALIZACIÓN .......... 3**

**3. VINCULACIÓN ENTRE CRITERIOS DE AVALIACIÓN E OUTROS ELEMENTOS CURRICULARES: OBXECTIVOS, COMPETENCIAS CLAVE, CONTIDOS, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, CONCRECIÓN DESTES ESTÁNDARES, ACTIVIDADES, METODOLOXÍA E TEMPORALIZACIÓN, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN, CRITERIOS DE CORRECCIÓN. .......... 6**

**3.1. CONSIDERACIÓNS PREVIAS: TEMPORALIZACIÓN E GRAO MÍNIMO DE CONSECUNCIÓN .......... 6**

**3.2. 1º ESO .......... 8**

**3.3. 2º ESO .......... 43**

**3.4. 3º ESO .......... 85**

**3.5. 4º ESO .......... 142**

**4. AVALIACIÓN .......... 194**

**4.1. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN .......... 194**

**1º e 2º ESO .......... 194**

**3º e 4º ESO .......... 194**

**4.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN .......... 195**

**1º e 2º ESO .......... 195**

**3º e 4º ESO .......... 197**

**4.3. INSTRUMENTOS DE AV. E CRITERIOS DE CORRECCIÓN .......... 199**

**4.4. AVALIACIÓN INICIAL .......... 202**

**4.5. PROMOCIÓN DO ALUMNADO .......... 203**

**5. MÍNIMOS ESIXIBLES – GRAOS DE CONSECUCIÓN MÍNIMA .......... 203**

**6. MEDIDAS DE ATENCIÓNÁ DIVERSIDADE .......... 204**

**7. EDUCACIÓN EN VALORES E ELEMENTOS TRANSVERSAIS .......... 205**

**8. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC .......... 206**

**9. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA .......... 207**

**10. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR .......... 207**

**11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES .......... 207**

**12. PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR .......... 208**

**13. RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES: PLAN DE TRABALLO, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN 208**

**14. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS .......... 209**

**15. ANÁLISE DA PROPIA PROGRAMACIÓN: MECANISMOS E INDICADORES PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN .... 210**

**16. APARTADOS DERIVADOS DAS INSTRUCIÓNS DO 30 DE XULLO DE 2020 ……………………………………………………………………………..210**

**16.1. TRANSICIÓN Ó ENSINO NON PRESENCIAL …………………...210**

**16.2. PLANS DE REFORZO E RECUPERACIÓN ………………………212**

# 1. INTRODUCIÓN

Quen subscribe esta programación é xefa do Departamento de Lingua galega e literatura no Centro Público Integrado Luís Díaz Moreno, situado en Baralla (Lugo), e imparte, durante o presente curso académico, a materia de lingua galega e literatura nos catro cursos da ESO (trátase dun departamento unipersoal).

A presente programación refírese á actividade docente para o curso 2020 / 2021 e está elaborada tendo en conta, entre outros:

- A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE).
- A Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Instrucións do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da CA de Galicia nos que se imparten as ensinanzas de EI, EP, ESO e do Bacharelato.
- Instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública e a actualización das recomendacións sanitarias ó protocolo do 22 de xullo de adaptación ó contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia.

# 2. CONTEXTUALIZACIÓN

No Proxecto Educativo descríbense as características do centro, do alumnado e do entorno; delas, consideramos que as seguintes teñen unha maior incidencia na práctica educativa e, polo tanto, deben terse presentes á hora de elaborar as programacións:

- O horario do centro, con xornada partida, dificulta que o alumnado dispoña de tempo suficiente para actividades extraescolares, tempo de lecer e tarefas escolares, por isto, evitarase, na medida do posible, encargar traballo diario para realizar na casa, máis alá do referente a:
    - Traballos e proxectos en grupo, que terán que realizar fóra da aula, aínda que se dedicarán algunhas sesións para organizalos, buscar información…
    - Preparación de exames.
    - Presentación de tarefas avaliables, xeralmente escritos de diferente tipo.
    - Lecturas.
- Entre as finalidades educativas que se recollen no PE, establecidas en función das características do alumnado, figuran: "potenciar a utilización das novas tecnoloxías como recurso educativo" e "fomentar o interese pola lectura, a través do uso da biblioteca, club de lectura, proxecto lector…"; deste xeito, como se detallará máis adiante, empregaranse as TIC habitualmente nas clases, o alumnado elaborará traballos e proxectos empregando as TIC…; por outro lado,

como tamén se especificará máis adiante, proporase unha serie de lecturas para cada curso.

- Tamén se contemplan no PE os obxectivos tendentes a lograr a normalización lingüística; entre eles: "evitar que o galego se convirta nunha lingua recesiva ó entrar en contacto co castelán" e "fomentar a valoración da cultura propia, como base da que partir para o coñecemento e valoración das outras"; para contribuír á consecución destes obxectivos, proporanse, como temáticas para algúns dos traballos e proxectos que realizará o alumnado, a análise dos aspectos sociolingüísticos do entorno, a reflexión sobre a propia práctica lingüística, a reflexión sobre os prexuízos lingüísticos, a investigación de aspectos diversos da cultura galega…
- A elaboración destes traballos e proxectos ós que acabamos de facer referencia implica que o alumnado debe tomar decisións, organizarse… (especialmente no caso dos proxectos, que serán realizados, na medida do posible, polo conxunto do grupo), o que dá resposta ó obxectivo de: "desenvolver a capacidade para aprender a aprender, o que require autonomía, planificación, toma de decisións e asumir responsabilidades", recollido no PE, como un dos obxectivos da ESO no que se debe incidir, dadas as características do contexto.

Por outro lado, cómpre ter en conta que, ó igual que en cursos anteriores, os departamentos de Lingua e literatura galega e de Lingua e literatura castelá chegaron a determinados acordos coa finalidade de non repetir contidos e poder dedicarse, con maior profundidade, a outros aspectos da programación. Tales acordos quedan reflectidos na seguinte táboa:

## Acordos en canto á tipoloxía textual

| | DPTO. GALEGO | DPTO. CASTELÁN |
|---|---|---|
| **1º ESO** | Noticias<br>Mensaxes electrónicas / móbil<br>Normas e instrucións de uso (instrutivos)<br>Textos explicativos de dicionarios, enciclopedias, páxinas web…<br>Cartas, notas e avisos. | Narrativos<br>Descritivos<br>Expositivos<br>Argumentativos<br>Dialogados |
| **2º ESO** | Crónicas, reportaxes, noticias, documentais<br>Diarios, avisos, solicitude<br>Cartas persoais, correspondencia escolar<br>Textos explicativos de dicionarios, enciclopedias, páxinas web…<br>Participación en foros<br>Cuestionarios<br>Narrativos e descritivos | Instrutivos: normas convivencia, regras de xogos…<br>Expositivos<br>Argumentativos |
| **3º ESO** | Expositivos<br>Presentacións, relatorios, mesas redondas<br>Convocatorias e actas<br>Instrutivos: regulamentos.<br>Textos explicativos de dicionarios, enciclopedias, páxinas web…<br>Intervención en foros | Publicitarios<br>Medios de comunicación: información e opinión (noticias, reportaxes, crónica, entrevista…).<br>Narración<br>Descrición<br>Argumentación<br>Debate, coloquio, conversa |

| | | |
|---|---|---|
| **4º ESO** | Argumentativos e argumentativos na prensa (editorial…).<br>Publicitarios<br>Presentación, relatorios, mesas redondas…<br>Laborais: currículo, carta presentación, ficha contratación, contrato, nómina, vida laboral.<br>Administrativos: carta administrativa e comercial, solicitude, reclamación.<br>Textos explicativos de dicionarios, enciclopedias, páxinas web… | Narrativos<br>Descritivos<br>Instrutivos<br>Expositivos<br>Diálogo (teatro)<br>Debate, coloquio |

## Acordos en canto á morfoloxía e sintaxe

| | GALEGO | CASTELÁN |
|---|---|---|
| **1º ESO** | -De substantivo: xénero e número<br>-De adxectivo: graos (contraccións).<br>-De artigo: 2ª forma e contraccións.<br>-Verbo: conxugación.<br>- Adverbios, pronomes, demostrativos…→ só en relación con modalidades oracionais e con mecanismos de cohesión, incluíndo conectores temporais.<br>- Modalidades oracionais.<br>- Funcións nas oracións simples. | Todas as clases de palabras |
| **2º ESO** | -Estrutura de nomes e verbos.<br>-Análise sintáctica de frases (repaso da oración simple). | Exercicios de recoñecemento de tódalas clases de palabras (a modo de repaso). |
| **3º ESO** | - Exercicios xerais de identificación de tódalas clases (a modo de repaso) e uso de formas correctas.<br>- Máis polo miúdo:<br>a) Artigo: contraccións e segunda forma.<br>b) Contraccións.<br>c) Valores de posesivo e demostrativo<br>d) Subclasificacións de adverbios, conxuncións, cuantificadores. | - Exercicios xerais de identificación de tódalas clases (a modo de repaso).<br>- Máis polo miúdo:<br>a) Clasificación semántica do substantivo.<br>b) Graos adxectivo<br>c) Conxugación de verbos<br>d) Subclasificación de adverbios e conxuncións.<br>e) Elementos constitutivos da palabra.<br>- Análise sintáctica (oración simple). |
| **4º ESO** | Verbos<br>Perífrases verbais<br>Creación de palabras | -Valores expresivos das clases de palabras.<br>-Análise sintáctica |

# 3. VINCULACIÓN ENTRE CRITERIOS DE AVALIACIÓN E OUTROS ELEMENTOS CURRICULARES: OBXECTIVOS, COMPETENCIAS CLAVE, CONTIDOS, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, CONCRECIÓN DESTES ESTÁNDARES, ACTIVIDADES, METODOLOXÍA E TEMPORALIZACIÓN, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN, CRITERIOS DE CORRECCIÓN.

## 3.1. CONSIDERACIÓNS PREVIAS: TEMPORALIZACIÓN E GRAO MÍNIMO DE CONSECUNCIÓN

A materia correspondente a cada curso aparece organizada e secuenciada en triscos e/ou unidades que constan dos seguintes elementos: criterios de avaliación, obxectivos, competencias clave, temporalización, contidos, actividades, metodoloxía, estándares, concreción dos estándares, instrumentos de avaliación e criterios de corrección.
Polo que respecta á temporalización, refírese ó conxunto do trisco e/ou unidade, non a cada un dos estándares, malia ser esta unha indicación das Resolucións polas que, cada ano, se ditan instrucións para o desenvolvemento do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes. Esta decisión débese a que, de seguir esta indicación e sinalar unha temporalización para cada estándar, teriamos que contemplar, non xa sesións, senón minutos de cada sesión, posto que en 2º, 3º e 4º de ESO o número de estándares é maior có número de sesións do curso. É evidente que tal concreción non só non resultaría útil, senón completamente artificiosa, xa que o máis probable é que incluso a temporalización referida a cada trisco e/ou unidade se vexa alterada na posta en práctica da programación (ritmo de aprendizaxe do alumnado…).
No que se refire ó "grao mínimo de consecución para superar a materia", do que tamén se pide, nas Resolucións, unha aplicación a cada un dos estándares, como indicamos no apartado 5 desta programación, o carácter holístico da competencia en comunicación lingüística require, en moitos casos, unha consideración conxunta de varios estándares, e non é posible o seu tratamento de xeito illado.
Teñamos en conta que, por exemplo, na elaboración de calquera texto escrito, interveñen, cando menos, os seguintes estándares (referidos neste caso a 1º de ESO): 2.8.2, 2.8.3, 2.8.4, 2.8.5. 3.1.1., 3.4.1., 3.4.2, 3.5.1, 3.8.1, etc., e algo similar acontece coas intervencións orais.
Por outro lado, as propias características de moitos dos estándares da nosa materia impiden a posibilidade de adxudicarlles un grao mínimo de consecución dun xeito tan preciso, de non ser este un 100%. É o caso, entre outros moitos (realmente, a maioría), dos seguintes:

*LGB1.3.1. (1º ESO). Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).*

Graduar cuantitativamente este estándar suporía ter en conta todas as ocasións nas que o alumnado intervén oralmente durante as clases[1] e, sobre esa base, anotar aquelas nas que se considera que mostrou unha actitude cortés (atendendo ademais a unha serie de ítems: intervir da orde correspondente…) e calcular se o fixo no tanto por cento de ocasións recollidas na programación (70%, 80%....).
*LGB3.4.1 (1º ESO). Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.*
Preséntase aquí o problema de determinar a base sobre a que calcular unha porcentaxe mínima de consecución: todas as palabras que compoñen o texto?, só aquelas máis susceptibles de erro ortográfico ou morfolóxico?... e, por outro lado, todos os erros teñen a mesma consideración?

Por outra parte, debemos ter presente que a expresión "grao mínimo de consecución para superar a materia" significa que o alumnado non pode compensar as súas carencias ou dificultades nun determinado estándar coas habilidades, coñecementos, competencias… que poida demostrar noutros, posto que, de non acadar a porcentaxe mínima establecida para un estándar, suspendería a materia, independentemente de que o seu grao de consecución no resto dos estándares fose axeitado.
Somos conscientes de que é preciso establecer uns mínimos esixibles para a superación da materia, e así o facemos no punto 5 desta programación pero, como vemos, a aplicación práctica do método proposto resulta inviable.

1 Evidentemente, non se podería reducir a súa avaliación a un único momento puntual obviando todas as demais intervencións.

## 3.2. 1º ESO

### TRISCO 1. CORREOS ELECTRÓNICOS E OUTRAS FORMAS DE COMUNICACIÓN: CARTAS PERSOAIS, NOTAS E AVISOS

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

B2.2. Comprender, interpretar e sintetizar textos da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil e normas e instrucións de uso.
B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos sinxelos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.
B1.2. Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e educativo, e seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe con progresiva autonomía.

**Obxectivos:** b, d, e, h **Competencias clave:** CCL, CSC, CD **Temporalización:** 5 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B1.2. Comprensión e interpretación de textos orais utilizados no ámbito social e educativo (instrucións, presentacións de tarefas e breves exposicións orais de temáticas variadas).<br>B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil, normas e instrucións de uso.<br>B2.9. Produción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil. | O paquete de actividades en liña “mensaxes @”(linguagalega.org) serviranos para traballar a comprensión dos distintos elementos que integran as mensaxes electrónicas (textos, elementos propios dos correos, abreviaturas…).<br>Analizaranse tamén cartas, avisos, notas, normas e instrucións de uso, e pedirase ó alumnado a elaboración deste tipo de textos. | O traballo será sobre todo de carácter práctico, xa que irán adquirindo ou consolidando coñecementos a través das actividades, que serán realizadas a grande grupo, exceptuando a elaboración de textos escritos propios. |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGB2.2.1. Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónicas, normas e instrucións de uso.<br>LGB2.9.1. Produce textos propios das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.<br>LGB1.2.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía. | a) Coñece e identifica os elementos comúns ás mensaxes transmitidas a través de correos electrónicos: CC, CCO, Asunto…<br>b) Interpreta o signifcado destas siglas, símbolos… e úsaos correctamente.<br>c) *Comprende o significado de textos sinxelos, como cartas persoais, enviados por esta canle.<br>d) *Redacta correos electrónicos persoais empregando o rexistro axeitado, as fórmulas de saúdo e despedida…<br>e) Envía correos electrónicos e ábreos cando os recibe.<br>f) Interpreta  mensaxes que incorporan as abreviaturas habituais na mensaxería instantánea.<br>g) *Redacta cartas persoais, sexa por medios tecnolóxicos ou en papel, co rexistro axeitado e empregando as fórmulas de encabezamento e despedida oportunas.<br>h) Diferencia entre nota e aviso: intención, ámbitos de uso e características lingüísticas.<br>i) *Comprende a información contida en notas e avisos.<br>l) *Redacta notas e avisos axeitados a cada situación. | Estes contidos poderán formar parte dos exames, nos que se indicará a valoración de cada parte.<br>Poderase pedir tamén a elaboración dun texto escrito (carta, correo…). Os criterios de corrección serán os indicados no apartado 4 no referente a “entregas periódicas”. |

## TRISCO 2. REPASO BÁSICO: ORTOGRAFÍA, PUNTUACIÓN, ACENTUACIÓN

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

B3.4. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
B3.5. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.
B3.2. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.

**Obxectivos:** a, b, d, e **Competencias clave:** CCL, CAA **Temporalización:** 7 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.<br>B3.5. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.<br>B3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias. | -Ortografía: encher ocos, marcar a palabra correcta, distinguir significados de parellas homófonas, uso de maiúsculas e minúsculas…<br>- Puntuación de oracións e de textos breves.<br>- Acentuación: poñer til, explicar as razóns de que determinadas palabras leven til, elaboración oracións con palabras con til diacrítico…<br>- Pronunciación: diferenciar palabras opostas polo grao de apertura das vogais... | O enfoque deste trisco será eminentemente práctico; recorrerase á teoría só nos casos imprescindibles, partindo dos coñecementos previos sobre estas cuestións. Ningún dos contidos tratados é novo para o alumnado, polo que se trata dun “trisco” de repaso, de consolidación. O alumnado realizará as tarefas individualmente e logo corrixiranse a grande grupo, para que poida sinalar os seus propios erros. |

| **Estándares de aprendizaxe** | **Concreción de estándares de aprendizaxe** | **Instrumentos de avaliación e criterios de corrección** |
|---|---|---|
| LGB3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.<br>LGB3.4.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos.<br>LGB3.5.1. Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual.<br>LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega. | a) *Emprega correctamente b, v, h, ñ, n, s, x… e outras grafías.<br>b) *Divide en sílabas<br>c) *Identifica e clasifica os grupos de consoantes (ditongos crecentes, decrecentes, homoxéneos; tritongos; hiatos) e aplica estes coñecementos na división silábica.<br>d) *Distingue sílabas tónicas e átonas e clasifica as palabras en función deste criterio (agudas, graves, esdrúxulas).<br>e) *Aplica as normas de acentuación de xeito correcto.<br>f) *Uso correcto do til diacrítico.<br>g) *Diferencia o significado de parellas de palabras segundo leven, ou non, til diacrítico.<br>h) Diferencia vogais semiabertas e semipechadas nas palabras con til diacrítico e nas súas homógrafas.<br>i) *Pronuncia correctamente as vogais semiabertas e semipechadas nas parellas que se diferencian polo til diacrítico.<br>l) *Emprega correctamente os signos de puntuación.<br>m) *Revisa os seus escritos para non cometer de novo os mesmos erros.<br>n) *Fai uso do dicionario ou outros recursos para consultar a forma correcta das palabras e presentar os seus escritos axeitadamente. | Este tipo de actividades prácticas formarán parte da materia que pode ser avaliada mediante exame escrito.<br>Asemade, é un dos aspectos que se avalía nos escritos que, periodicamente, o alumnado debe entregar.<br>Os criterios de corrección están indicados no punto 4 da programación.<br>Realizarase unha proba específica sobre estes contidos que será cualificada con positivo, negativo, visto ou NP, segundo o apartado 4 desta programación. |

## TRISCO 3. TEXTOS INSTRUTIVOS

B2.2. Comprender, interpretar e sintetizar textos da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil e normas e instrucións de uso.
B2.8. Planificar, producir e revisar o escrito co fin de producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.
B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.
B3.4. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
B3.8. Recoñecer, usar e explicar os conectores textuais máis comúns (sobre todo os temporais e os explicativos).

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

**Obxectivos:** b,e,h,l  **Competencias clave:** CCL, CCA  **Temporalización:** 4

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil, normas e instrucións de uso.<br>B2.8. Planificación e revisión do escrito, de forma guiada, para producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.<br>B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.<br>B3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.<br>B3.8. Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos. | Traballarase con textos instrutivos, orais e escritos, de cara á súa comprensión e identificación de características. Así mesmo, elaboraranse instrucións escritas.<br>Aproveitaranse estes textos para ampliar o vocabulario. | Primará un enfoque práctico, dirixido sobre todo á compresión e expresión, así como á adquisición de novo vocabulario. |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGB2.2.1. Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso.<br>LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos, e concordancias dentro do sintagma nominal e dentro do sintagma verbal.<br>LGB2.8.4. Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas).<br>LGB2.8.5. Revisa o texto con respecto ás normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.<br>LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación.<br>LGB3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.<br>LGB3.8.1. Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos. | a) Coñece as principais características dos textos instrutivos, tanto lingüísticas como tipográficas.<br>b) *Comprende o contido dos textos instrutivos orais e escritos e pode, polo tanto, seguir unhas instrucións.<br>c) Identifica e analiza os verbos característicos dos textos instrutivos: imperativos, infinitivos, formas non impersoais…<br>d) *Produce textos instrutivos atendendo ás súas características básicas.<br>e) *Emprega, axeitadamente, os conectores habituais nos textos instrutivos.<br>f) *Adquire novo vocabulario, presente nos textos. | Os contidos formarán parte das probas de avaliación; non se descarta a recollida de textos, que serían valorados conforme o indicado nesta programación. |

# TRISCO 4. ESQUEMAS E RESUMOS

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B2.1. Aplicar técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.
B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.

**Obxectivos:** b, e, f, h, l **Competencias clave:** CCL, CAA, CD **Temporalización:** 7 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B2.1. Aplicación de técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.<br>B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula. | Traballo práctico a partir de textos: subliñar, esquematizar, resumir, ampliar, explicar… | O enfoque será eminentemente práctico, traballarase directamente cos textos, tanto a grande grupo como de xeito individual. |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGB2.1.1. Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos.<br>LGB2.1.2. Recoñece a intencionalidade do emisor a partir de elementos contextuais explícitos.<br>LGB2.1.3. Reconstrúe o sentido global e compón o | a) *Fai unha lectura fluída do texto<br>b) Subliña os elementos esenciais<br>c) *Redacta un resumo coherente e coa información ben seleccionada<br>d) *Elabora esquemas xerárquicos cos datos | Este tipo de actividades prácticas formarán parte da materia que pode ser avaliada mediante exame escrito.<br>Non se descarta a recollida |

| | | |
|---|---|---|
| esquema xerarquizado das ideas.<br>LGB2.1.4. Procura o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o sigdo. polo contexto.<br>LGB2.1.5. Interpreta o sigdo. de elementos non lingüísticos (símbolos, iconas, etc.).<br>LGB2.1.6. Busca información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos: xornais, revistas, libros, enciclopedias, buscadores de internet.<br>LGB2.1.7. Contrasta os contidos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.<br>LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación. | esenciais<br>e) *Redacta un texto a partir dun esquema<br>f) *Aclara as dúbidas de significado das palabras buscándoas no dicionario ou deducíndoo polo contexto.<br>g) *Anota as palabras cuxo significado non sabía<br>h) Interpreta o significado dos elementos non lingüísticos que poden aparecer nun texto<br>i) Busca e selecciona información para ampliar a que lle proporciona un texto.<br>l) Amplía un texto coa información seleccionada, redactándoo coherentemente.<br>m) Despois do traballo cun texto, explica o que xa sabía, o que aprendeu, as ideas erróneas previas…<br>n) *Adquire novo vocabulario vencellado ó tema dos textos traballados na aula: deportes. | dalgunha actividade.<br>Os criterios de corrección están especificados no apartado 4 desta programación. |

## TRISCO 5. ARREDOR DA NOTICIA

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais (noticias de actualidade) e elaborar un resumo.
B1.4. Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e identificar prexuízos ou mensaxes discriminatorias.
B2.3. Comprender, interpretar e sintetizar escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.
B2.6. Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexionar sobre os usos lingüísticos discriminatorios.
B2.10. Producir, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.

**Obxectivos:** a, c, d, e, h, l, ñ **Competencias clave:** CCL, CAA, CSC, CD **Temporalización:** 10 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de calquera texto oral ou daqueles propios dos medios de comunicación especialmente noticias de actualidade, próximas aos intereses do alumnado.<br>B1.4. Escoita crítica e reflexiva das mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención aos programas informativos.<br>B2.3. Comprensión, interpretación e síntese de textos dos medios de comunicación, fundamentalmente textos narrativos.<br>B2.6. Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmitan prexuízos ou usos lingüísticos discriminatorios, especialmente, os que aparecen nos medios de comunicación. | a) As actividades que se realizarán "en liña" xiran en torno á comprensión e análise de textos xornalísticos (especialmente noticias) dos medios escritos e audiovisuais: adxudicar titulares a seccións, xuntar títulos con subtítulos, analizar a obxectividade e a subxectividade, comprensión xeral das noticias…<br>b) Elaborarán resumos de noticias e tamén noticias propias (baseadas na realidade ou ficticias).<br>c) Realizarán un traballo en grupo sobre os apartados c) e d) de "concreción dos estándares", que deberán entregar por escrito e expoñer oralmente. | Partirase dunha breve información teórica para, posteriormente, traballar de forma práctica a partir de textos e actividades.<br>Para a realización das actividades, combinarase o traballo individual co traballo en grupo.<br>Será preciso, máis que para outros "triscos" o traballo fóra da aula, especialmente para o traballo que se proporá. |

| | | |
|---|---|---|
| B2.10. Produción, a partir dun modelo, de textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente noticias, en formato papel ou dixital. | | |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGB1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias actualidade).<br>LGB1.1.2. Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos.<br>LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, as ideas principais e as secundarias de programas informativos.<br>LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas.<br>LGB1.4.3. Identifica e rexeita os usos lcos. que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.<br>LGB2.3.1. Comprende, interpreta e sintetiza escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.<br>LGB2.6.1. Manifesta unha actitude crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexiona sobre os usos lcos. discriminatorios.<br>LGB2.6.2. Identifica e evita o uso de expresións habituais que evidencian prexuízos de distinta natureza: relixiosos, raciais e sexistas.<br>LGB2.10.1. Produce, a partir dun modelo, textos propios | a) *Comprende a información procedente de noticias sinxelas de carácter oral (tv, radio…).<br>b) *Realizar resumos incorporando só a información relevante extraída de noticias orais.<br>c) Analiza a estrutura e os contidos de programas informativos, diferenciando aspectos como:<br>- información principal e secundaria<br>- intención comunicativa<br>- obxectividade e subxectividade<br>- usos lingüísticos discriminatorios, etc.<br>d) Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir de aspectos como:<br>- lugar que ocupa no xornal, programa…<br>- extensión que se lle outorga<br>- inclusión, ou non, de elementos gráficos ou audiovisuais de apoio<br>- obxectividade e subxectividade, etc.<br>e) *Comprende textos xornalísticos escritos e elabora resumos coherentes deles.<br>f) *Identifica e evita o uso de expresións habituais que evidencian prexuízos de distinta natureza: | a) Tanto a breve información teórica como a parte práctica, poderán ser obxecto de avaliación formando parte dos exames da avaliación.<br>b) Ademais, os resumos de noticias e/ou as propias noticias elaboradas, poderán ser un dos escritos que se recollen periodicamente.<br>c) Traballo en grupo: recollida do traballo escrito e avaliación da exposición oral. |

| | | |
|---|---|---|
| dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.<br>LGB2.10.2. Coñece a estrutura do xornal (seccións e xéneros) e os elementos paratextuais que acompañan as noticias. | relixiosos, raciais e sexistas.<br>g) *Redacta noticias atendendo ás características do xénero e ás normas ortográficas, á coherencia, á presentación…<br>h) *Coñece as principais características da noticia (estrutura, disposición da información…).<br>i) *Recoñece as seccións dos xornais e o tipo de información que engloba cada unha.<br>l) Analiza os titulares desde a perspectiva dos seus constituíntes (antetítulo, título, subtítulo) e desde o tipo de información (obxectiva ou subxectiva) que achegan.<br>m) Interpreta os elementos gráficos que acompañan os textos xornalísticos. | |

# TRISCO 6. O NOME (XÉNERO E NÚMERO. GRAOS DO ADXECTIVO). O ARTIGO .

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B3.6. Recoñecer e explicar o uso das distintas categorías gramaticais[2], utilizar este coñecemento para distinguir erros e diferenciar as flexivas das non flexivas.

**Obxectivos:** b, e  **Competencias clave:** CCL, CAA  **Temporalización:** 4 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B3.6.Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais básicas (substantivo, adxectivo cualificativo, verbo, adverbio, etc.) así como a diferenza entre palabras flexivas e non flexivas para a creación e comprensión de textos. | A maioría realizaranse "en liña" e consistirán na identificación de substantivos e adxectivos, cambiar xénero e nº, construír enunciados co adx. en distinto grao, empregar a segunda forma do artigo, así como as contraccións nas que intervén un artigo… Coñecementos que deberán aplicar tamén nas diversas ocasións en que teñan que redactar. | Despois dun repaso teórico empregando páxinas web, o alumnado fará as actividades descritas coa axuda, cando sexa necesario, da docente. |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGB3.6.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, utiliza este coñecemento para corrixir erros e distingue as flexivas das non flexivas. | a) Comprende o concepto de categoría gramatical flexiva e non flexiva.<br>b) *Aplica as regras de formación de feminino e plural.<br>c) *Asigna o xénero correspondente a cada substantivo e adxectivo, realizando as concordancias oportunas. | Este tipo de actividades prácticas formarán parte da materia que pode ser avaliada mediante exame escrito. Evidentemente, cuestións como o uso do xénero ou plural correctos, a |

[2] Neste "trisco" traballarase co substantivo, o adxectivo e o artigo. Noutros "triscos" retomarase este criterio para o traballo con outras categorías gramaticais.

| | | |
|---|---|---|
| | d) Distingue e *usa correctamente os graos do adxectivo.<br>e) Distingue os casos nos que se pode usar a segunda forma do artigo.<br>f) Diferencia entre artigo (incluída segunda forma) e pronome persoal átono.<br>g) *Emprega correctamente as contraccións nas que intervén algunha forma do artigo (determinado ou indeterminado). | concordancia, o emprego axeitado dos distintos graos do adx…, isto é, a aplicación das normas morfolóxicas (B3.4.) serán tidas en conta á hora de valorar os seus escritos ó longo de todo o curso. |

## TRISCO 7. VERBOS. TEXTOS NARRATIVOS

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B3.6. Recoñecer e explicar o uso das distintas categorías gramaticais, utilizar este coñecemento para distinguir erros e diferenciar as flexivas das non flexivas.
B2.12. Producir textos de distintos xéneros: descricións, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos

**Obxectivos:** b, e, h **Competencias clave:** CCL, CAA **Temporalización:** 5 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B3.6. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais básicas (substantivo, adxectivo cualificativo, verbo, adverbio, etc.) así como a diferenza entre palabras flexivas e non flexivas para a creación e comprensión de textos.<br>B2.12. Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos de distintos xéneros: descricións, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos | -Identificación das formas verbais en textos.<br>-Análise dos tipos de verbos característicos dos textos narrativos.<br>-Análise e conxugación de verbos, maioritariamente en liña.<br>-Quenda de preguntas sobre conxugación entre o propio alumnado.<br>-Transformación de enunciados variando o tempo verbal.<br>-Elaboración de textos nos que predomine | Partirase de actividades introdutorias que inclúen cuestións básicas como a identificación de verbos. Repasarase, a grande grupo, a conxugación verbal, facendo fincapé naqueles elementos que adoitan resultar máis problemáticos: acentuación dalgunhas formas, verbos |

| | | |
|---|---|---|
| | determinado tempo verbal… | semirregulares, verbos regulares… e pasarase ó resto das actividades prácticas descritas. |
| **Estándares de aprendizaxe** | **Concreción de estándares de aprendizaxe** | **Instrumentos de avaliación e criterios de corrección** |
| LGB3.6.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, utiliza este coñecemento para corrixir erros e distingue as flexivas das non flexivas.<br>LGB2.12.1. Produce textos de distintos xéneros: descricións, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos. | a) *Identifica as formas verbais.<br>b) Analiza formas verbais: persoa, tempo, modo, conxugación.<br>c) *Emprega correcta e coherentemente as formas verbais nos seus textos, incluíndo verbos semirregulares (cando menos, aqueles máis comúns) e irregulares.<br>d) *Produce textos narrativos coherentes atendendo ás súas características lingüísticas, especialmente no referente ó uso dos tempos verbais. | Ademais de formar parte da materia susceptible de ser avaliada a través dun exame, poderán empregarse outros instrumentos de avaliación:<br>a) Entrega de texto(s) narrativo(s) que responda ás características demandadas pola profesora, que se valorará segundo o indicado no apartado 4 referente ás entregas periódicas.<br>b) Proba (oral ou escrita) para comprobar os coñecementos sobre conxugación verbal, que se avaliará segundo o indicado no punto 4. |

# TRISCO 8. MECANISMOS DE COHESIÓN TEXTUAL: A COHESIÓN GRAMATICAL E LÉXICA. OS CONECTORES

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B3.6. Recoñecer e explicar o uso das distintas categorías gramaticais, utilizar este coñecemento para distinguir erros e diferenciar as flexivas das non flexivas.
B3.7. Recoñecer, usar e reflexionar sobre os mecanismos da cohesión textual como a deíxe persoal.
B3.8. Recoñecer, usar e explicar os conectores textuais máis comúns (sobre todo os temporais e os explicativos).

**Obxectivos:** b, e, l, n **Competencias clave:** CCL, CAA **Temporalización:** 7 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B3.6. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais básicas (substantivo, adxectivo cualificativo, verbo, adverbio, etc.) así como a diferenza entre palabras flexivas e non flexivas para a creación e comprensión de textos.<br>B3.7. Recoñecemento, uso e reflexión dos mecanismos da cohesión textual como a deíxe persoal.<br>B.3.8. Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e os explicativos. | Traballarase con textos e enunciados, analizando os elementos de cohesión, como a deíxe e os conectores. Aproveitarase para repasar a forma das categorías gramaticais que poden desempeñar este función deíctica (pronomes, demostrativos…) e mais os conectores (conxuncións, adverbios…). Elaboración de enunciados e textos por parte do alumnado. | Partirase dunha explicación teórica sobre a cohesión e a necesidade do emprego correcto dos elementos de cohesión na construción de textos. Pero primaranse as actividades prácticas. |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGB3.6.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, utiliza este coñecemento para corrixir erros e distingue as flexivas das non flexivas<br>LGB3.7.1. Recoñece e explica nos textos as referencias deícticas persoais.<br>LGB3.8.1. Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos. | a) *Identifica demostrativos, posesivos, pronomes persoais e adverbios e comprende a súa función deíctica.<br>b) Recoñece e explica nos textos as referencias deícticas persoais, espaciais e temporais: substitución por demostrativo, por posesivo, por adverbio e/ou por pronome.<br>c) Comprende a necesidade destas referencias deícticas para evitar repeticións léxicas.<br>d) *Emprega axeitadamente estas referencias como elemento de cohesión.<br>e) Identifica e clasifica os conectores textuais máis común.<br>f) *Emprega correctamente os conectores textuais. | Os contidos deste "trisco" poderán formar parte dos exames que se realicen, nos que se indicará a valoración que se lle outorga a cada parte.<br>Non se descarta a posibilidade de que o alumnado deba entregar algún escrito con determinados conectores ou outros elementos de cohesión dados. |

## TRISCO 9. DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA E REALIDADE GALEGA

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo, valorar positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.
B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo dos contextos familiares do alumnado.
B4.3. Adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.
B4.4. Coñecer a situación sociolingüística e legal das linguas de España.
B4.5. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.

**Obxectivos:** ñ, o **Competencias clave:** CCL, CSC **Temporalización:** 9 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.<br>B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.<br>B4.3. A lusofonía.<br>B4.4. Análise da situación sociolingüística, a partir do contexto familiar do alumnado.<br>B4.5. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.<br>B4.6. Situación sociolingüística e legal das linguas de España.<br>B4.7. Prexuízos lingüísticos. | a) Actividades prácticas "en liña" para achegarse ó concepto de diversidade lingüística e a outros do campo da sociolingüística, para analizar gráficas…<br>b) Actividades coa web "orella pendella", dedicada á recollida de literatura popular | Ós conceptos teóricos chegarase a través das actividades prácticas realizadas, especialmente ás que se realizarán "en liña".<br>O traballo coa web "orella pendella" irá dirixido á valoración da cultura tradicional galega como sinal de identidade.<br>Ó longo do "trisco" combinarase o traballo individual co traballo en pequenos grupos. |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lcos. de noso na lit. de tradición oral e no xénero humorístico.<br>LGB4.1.2. Coñece as linguas que se falan en Galicia.<br>LGB4.1.3. Coñece os territorios da comunidade lusófona. | a) *Comprende o concepto de diversidade lingüística e achega exemplos que demostran que vivimos nun mundo con multitude de linguas.<br>b) *Comprende conceptos básicos de sociolingüística (cooficialidade, substitución lingüística, lingua materna, lingua minorizada, lingua inicial…). | Os contidos poderán ser obxecto de avaliación formando parte dos exames previstos, nos que se indicará a valoración que se outorga a cada parte. |

| | | |
|---|---|---|
| LGB4.1.4. Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) en lingua galega adaptados á súa idade.<br>LGB4.2.1. Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contexto familiar e a do resto do alumnado.<br>LGB4.2.2. Coñece e valora os antropónimos galegos.<br>LGB4.3.1. Analiza a súa propia práctica lca. e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normal. da lga. galega<br>LGB4.4.1. Coñece a lexislación que regula os dereitos lcos. individuais.<br>LGB4.5.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de novos e vellos prexuízos cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno. | c) Interpreta e elabora gráficos relativos a datos sociolingüísticos.<br>d) Comprende a vinculación do galego coa transmisión da cultura de tradición oral.<br>e) Coñece a variedade de xéneros propios da literatura oral.<br>f) *Comprende o contido de textos literarios tradicionais.<br>g) Relata, oralmente, contos, lendas… ou calquera outro texto correspondente á literatura galega oral.<br>h) *Coñece as linguas que se falan en Galicia.<br>i) Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona.<br>l) Coñece os datos básicos referentes á situación sociolingüística de Galicia e compáraos cos do seu entorno.<br>m) Coñece e valora os antropónimos galegos, a súa orixe, o seu significado…<br>n) Reflexiona sobre a súa práctica lingüística e sobre como contribúe á normalización…<br>ñ) Coñece a principal lexislación que regula os dereitos lingüísticos.<br>o) Detecta e analiza prexuízos cara ó galego, tanto do seu propio comportamento como do seu entorno. | |

# TRISCO 10. MODALIDADES ORACIONAIS. CATEGORÍAS GRAMATICIAS RELACIONADAS: ADVERBIOS, INTERROGATIVOS, EXCLAMATIVOS

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B3.6. Recoñecer e explicar o uso das distintas cat. gram., utilizar este coñecemento para distinguir erros e diferenciar as flexivas das non flex.
B3.10. Recoñecer as modalidades asertivas, interrog., excl., desid., dubitat. e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.

**Obxectivos:** b, e, h **Competencias clave:** CCL, CAA **Temporalización:** 5 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B3.6. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais básicas (subst., adxectivo cualificativo, verbo, adverbio, etc.) así como a diferenza entre palabras flexivas e non flexivas para a creación e comprensión de textos.<br>B3.10. Recoñecemento das modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa inten-ción comunicativa do emisor. | A maioría das actividades serán realizadas en liña e xirarán en torno á identficación e clasificación de modalidades oracionais e das categorías gramaticais indicadas, e ó uso correcto das categorías relacionadas. | Partirase do traballo con modalidades oracionais, que nos introducirá nos exclamativos, interrogativos e adverbios.<br>A expresión en voz alta de enunciados con distintas modalidades será tamén necesaria para apreciar a distinta entoación. |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGB3.6.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, utiliza este coñecemento para corrixir erros e distingue as flexivas das non flexivas.<br>LGB3.10.1. Recoñece as modalidades asertivas, interr., | a) Identifica e clasifica as modalidades oracionais.<br>b) *Usa as modalidades axeitadas a cada contexto.<br>c) Distingue os tipos de oracións interrogativas: directas, indirectas, parciais, totais. | Os contidos traballados neste “trisco” poderán formar parte da materia avaliada a través de exame, no que se indicará |

| | | |
|---|---|---|
| excl., desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor. | e) *Emprega os signos de puntuación correctamente (exclamación e interrogación).<br>f) *Identifica e clasifica os interrogativos e os exclamativos, e úsaos de xeito correcto.<br>g) *Identifica e usa correctamente os adverbios de dúbida nas oracións dubitativas. | a valoración específica de cada parte. |

## TRISCO 11. ENCICLOPEDIAS, DICIONARIOS, GLOSARIOS, WEBS EDUCATIVAS...

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B2.4. Comprender, interpretar e sintetizar escritos do ámbito educativo do alumnado, especialmente, textos descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, e información de dicionarios e enciclopedias en distintos soportes.
B5.8. Familiarizarse, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo.

**Obxectivos:** d, e, h, l **Competencias clave:** CCL, CAA, CD, CSC **Temporalización:** 5 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B2.4. Comprensión e interpretación de textos do ámbito educativo, especialmente, descriivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes.<br>B5.8. Familiarización, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolu-ción de dúbidas de traballo. | Realizaranse as actividades do paquete web “manexando obras de consulta” (www.linguagalega.org), deseñadas específicamente para traballar estes criterios de avaliación, contidos e estándares. | A partir dunha comprobación básica e práctica da capacidade do alumnado para a busca por orde alfabética, realizarase o resto das actividades en liña, sendo a docente unha guía na aprendizaxe do alumnado a partir das tarefas de carácter práctico. |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGB2.4.1. Comprende, interpreta e sintetiza textos propios da vida educativa: webs educativas, información de dicionarios, glosarios e enciclopedias en distintos soportes.<br>LGB2.4.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe guiadas, con progresiva autonomía.<br>LGLB5.8.1. Familiarízase, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo. | a) *Busca, seguindo a orde alfabética, un termo en distintos tipos de obras (dicionario, enciclopedia…) e soportes.<br>b) Diferencia entre dicionario, enciclopedia, glosario, web educativa… e recorre a cada obra segundo o tipo de información que procure.<br>c) Diferencia tipos de dicionarios (de sinónimos, de dúbidas, de idiomas…) e coñece o tipo de información que achega cada un, empregándoos de acordo á información que necesite.<br>d) *Interpreta a información que ofrecen os dicionarios: xénero, clase de palabra, orixe, acepcións…<br>e) *Escolle os significados axeitados ó contexto no que a palabra estea inserida.<br>f) *Busca e atopa información, de xeito autónomo, empregando este tipo de obras.<br>g) *Comprende a información (sinxela e de carácter xeral) ofrecida por estes medios.<br>h) Familiarízase con determinadas web das que pode extraer contidos educativos e "navega", de xeito autónomo, procurando a información demandada. | Á parte da posibilidade de que estes contidos formen parte do exame, avaliaranse a través dunha proba escrita (realizada na clase) na que o alumnado deba procurar en dicionarios, webs, enciclopedias… una determinada información que lle demandará a docente. Esta actividade será avaliada con positivo, negativo ou visto, tal como corresponde ó explicado no apartado 4 desta programación no referente ó control do traballo diario. |

# TRISCO 12. PREXUÍZOS LINGÜÍSTICOS E PRINCIPAIS FENÓMENOS DIALECTAIS.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B4.5. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.
B4.6. Recoñecer e apreciar as variantes diatópicas do galego.
B1.6. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

**Obxectivos:** h, ñ, o **Competencias clave:** CCL, CSC, CCEC, CAA **Temporalización:** 5 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B4.7. Prexuízos lingüísticos.<br>B4.8. Recoñecemento e valoración dos princi-pais fenómenos que caracterizan as variedades diatópicas do galego.<br>B1.6. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela | Realizaranse as actividades contidas no paquete web "V. dialectais", que invitan á reflexión sobre determinados prexuízos lcos.<br>O alumnado elaborará tamén, en grupo, un documento no se que recollan os trazos dialectais da súa zona e se distingan de desviacións da norma, tales como vulgarismos, hiperenxebrismos…. | Partindo das actividades mencionadas, que serán realizadas a grande grupo, o alumnado reflexionará sobre os seus propios prexuízos lingüísticos, especialmente no relativo a fenómenos dialectais, e sobre os trazos característicos da súa zona. |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGB4.5.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de novos e vellos prexuízos cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.<br>LGB4.6.1. Aprecia as variantes diatópicas do galego como símbolo de riqueza lingüística e cultural.<br>LGB4.6.2. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona. | a) *Comprende o significado da expresión "prexuízo lingüístico".<br>b) Identifica prexuízos lingüísticos propios e do seu entorno e reflexiona sobre eles.<br>c) *Coñece a existencia de variantes diatópicas do galego e algúns dos seus trazos máis relevantes: seseo, gheada, plural das palabras rematadas en – | Os contidos traballados neste "trisco" poderán ser obxecto de exame (neste tipo de probas indicarase sempre a valoración correspondente a cada parte). |

| | | |
|---|---|---|
| LGB4.6.3. Coñece as principais variantes diatópicas do galego e clasifica producións lingüísticas segundo o bloque dialectal ao que pertencen.<br>LGB1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas.<br>LGB1.6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega.<br>LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto. | ón…<br>d) Clasifica estes trazos dialectais segundo o bloque dialectal correspondente.<br>d) *Respecta calquera trazo dialectal e reflexiona sobre os posibles prexuízos que puidera ter ó respecto.<br>e) *Coñece os trazos dialectais propios da súa zona.<br>f) Diferencia entre pronuncia dialectal (seseo, gheada…) e vulgarismos fónicos, tratando de corrixir estes últimos. | |

## TRISCO 13. SINTAXE: FUNCIÓNS SINTÁCTICAS PRIMARIAS

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B.3.9. Coñecer as regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado correcto.

**Obxectivos:** e, h **Competencias clave:** CCL, CAA **Temporalización:** 8 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B.3.9. Coñecemento das regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto. | - Escoller e/ou achegar suxeitos a determinados predicados, e viceversa, atendendo á concordancia.<br>- Indicar funcións sintácticas en oracións simples.<br>- Substitución duns elementos por outros que desempeñen a mesma función.<br>- Elaborar enunciados seguindo unha estrutura | As exposicións e explicacións da docente iranse intercalando con actividades prácticas, de xeito que o alumnado poderá afianzar cada parte antes de continuar |

| | | |
|---|---|---|
| | sintáctica determinada.<br>- Ampliar e reducir enunciados sen que varíe a estrutura primaria... | coa identificación de máis funcións.<br>Requerirase unha participación moi activa por parte do alumnado. |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGB3.9.1. Producir textos orais e escritos de diferentes xéneros, usando as regras de concordancia.<br>LGB3.9.2. Identificar as funcións sintácticas no seo da oración. | a)*Identifica as funcións primarias dentro da oración: Sux., Pdo. CD, CI…<br>b)*Constrúe enunciados atendendo ás regras de concordancia (Sux.-Pdo.).<br>c) Substitúe elementos dunha oración por outros que desempeñen a mesma función sintáctica. | Os contidos poderán formar parte dos exames correspondentes. Realizarase tamén unh proba específica para avaliar estes contidos (punto 4 da programación). |

# TRISCO 14. TEXTOS LITERARIOS E NON LITERARIOS

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**
B5.2. Comparar textos literarios e non literarios e diferenciar textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.

**Obxectivos:** h, l **Competencias clave:** CCL **Temporalización:** 4 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
| --- | --- | --- |
| B5.2. Comparación de textos literarios e non literarios e diferenciación de textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais. | O paquete de actividades "textos lit. e non lit." (.linguagalega.org) contén exercicios encamiñados á diferenciación entre estes textos desde unha perspectiva esencialmente práctica. | Realizaranse as actividades a grande grupo, lendo os textos en voz alta e reflexionando sobre o seu contido e as súas características, o que permitirá chegar a un acordo para responder as cuestións que se formulan nestas actividades. |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
| --- | --- | --- |
| LGLB5.2.1. Compara textos literarios e non literarios e describe as súas diferenzas e similitudes.<br>LGLB5.2.2. Diferencia textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais. | a) *Diferencia textos literarios de non literarios.<br>b) Recoñece as principais características que definen un texto literario: función poética, intención…<br>c) *Diferencia os tres grandes xéneros literarios: poesía, narrativa, teatro. | Estes contidos poderán formar parte dos exames previstos para a avaliación, nos que se indicará a valoración de cada parte. |

## TRISCO 15. LÍRICA.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións de poemas recitados ou cantados, sinalar a temática ou temáticas abordadas e describir os valores estilísticos dos textos.
B5.6. Escribir textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.

**Obxectivos:** h, l, n  **Competencias clave:** CCL, CCEC  **Temporalización:** 5 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B5.3. Lectura expresiva e comprensiva, audicións de poemas recitados ou cantados, determinación da temática ou temáticas abordadas e descrición dos valores estilísticos dos textos.<br>B5.6. Produción de textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. | Realizaranse as actividades do paquete de web "lírica" (www.linguagalega.org), elaboradas atendendo ós criterios de avaliación e ós estándares aquí especificados.<br>Proporase tamén a creación dun texto lírico por parte do alumnado. | As actividades en liña serán realizadas a grande grupo, o que permite o intercambio de opinións, o debate… sobre distintos aspectos dos poemas; propiciarase así a expresión da opinión persoal sobre os poemas, a comparación con outros que poidan coñecer…Darase paso a recomendacións do propio alumnado sobre outros poemas, autores, versión musicadas…ou o que queiran achegar sobre o tema. |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGLB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente, fai audicións de poemas recitados ou cantados, sinala a temática ou temáticas abordadas e describe os valores estilísticos dos textos<br>LGLB5.6.1. Escribe textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. | a) *Le expresiva e fluidamente textos líricos.<br>b) *Comprende o sentido xeral de textos líricos lidos e/ou escoitados.<br>c) Identifica e analiza os elementos principais de textos líricos: tema, voz poética, recursos estilísticos, métrica, tipo de composición…<br>d) Escribe textos líricos de intención estética. | Esta materia pode formar parte dos exames da avaliación, nos que se indicará a valoración correspondente a cada parte. No caso de pedir a elaboración dun texto literario, este nunca se valorará negativamente. |

## TRISCO 16. NARRATIVA

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B5.4. Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves e recoñecer a funcionalidade dos elementos formais básicos.
B5.6. Escribir textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula

**Obxectivos:** h, l, n **Competencias clave:** CCL, CCEC **Temporalización:** 5 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B5.4. Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e recoñecemento da funciona-lidade dos elementos formais básicos.<br>B5.6. Produción de textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. | Realizaranse as actividades do paquete web "narrativa" (www.lingagalega.org) elaboradas atendendo ós criterios de avaliación e ós estándares aquí especificados.<br>Proporase tamén a creación dun texto narrativo literario por parte do alumnado. | As actividades en liña serán realizadas a grande grupo, o que permite o intercambio de opinións, o debate… sobre distintos aspectos dos textos narr.; propiciarase así a expresión da opinión persoal, a comparación con outros que poidan coñecer…Darase paso |

| | | |
|---|---|---|
| | | a recomendacións do alumnado sobre contos, novelas, autores…ou o que queiran achegar sobre o tema. |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGLB5.4.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves e recoñece a funcionalidade dos elementos formais básicos.<br>LGLB5.6.1. Escribe textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos lit. e dos recursos retóricos traballados na aula. | a) *Le expresiva e fluidamente textos literarios narrativos.<br>b) *Identifica e analiza os elementos da narración: tema, narrador, espazo, tempo, personaxes, estrutura…<br>c) *Comprende textos narrativos escritos e orais.<br>d) Escribe textos literarios narrativos breves. | Esta materia pode formar parte dos exames da av., nos que se indicará a valoración correspondente a cada parte. No caso de pedir a elaboración dun texto literario, este nunca se valorará negativamente. |

## TRISCO 17. TEATRO

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B5.5. Ler dramatizada e comprensivamente, visionar pezas teatrais e apreciar os seus compoñentes e procedementos máis relevantes.
B5.6. Escribir textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos lit. adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.

**Obxectivos:** h, l, n **Competencias clave:** CCL, CCEC **Temporalización:** 5 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B5.5. Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e apreciación dos seus compoñentes e procedementos máis relevantes.<br>B5.6. Produción de textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. | Realizaranse as actividades do paquete web "teatro" (www.linguagalega.org), ademais da lectura dramatizada dalgunha obra teatral completa. | As actividades en liña serán realizadas a grande grupo, o que permite o intercambio de opinións, o debate… sobre distintos aspectos dos textos; propiciarase así a expresión da opinión persoal, a comparación con outros que poidan coñecer…Darase paso a recomendacións do alumnado sobre obras teatrais, autores…ou o que queiran achegar sobre o tema. |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGLB5.5.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e aprecia os seus compoñ. e procedementos máis relevantes.<br>LGLB5.6.1. Escribe textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos lit. adquiridos e dos recursos ret. traballados na aula. | a) *Le expresiva e fluidamente textos dramáticos.<br>b) Identifica e analiza os principais elementos dos textos teatrais: diálogo, anotacións…<br>c) *Comprende o contido de obras teatrais lidas e/ou visualizadas.<br>d) Escribe textos teatrais sinxelos. | Esta materia pode formar parte dos exames da av., nos que se indicará a valoración correspondente a cada parte. No caso de pedir a elaboración dun texto lit., este nunca se valorará negativamente. |

## TRISCO 18. O CÓMIC E A CANCIÓN.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B5.7. Describir e caracterizar os trazos definitorios básicos do cómic e a canción como linguaxes artísticas.

**Obxectivos:** h, l, n **Competencias clave:** CCL, CCEC **Temporalización:** 5 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B5.7. Descrición e caracterización dos trazos definitorios básicos do cómic e a canción como linguaxes artísticas. | Partindo da lectura de cómics na aula, extraeranse as súas características básicas e estableceranse comparacións co xénero narrativo e co dramático. Realizaranse actividades similares no referente ás cancións, establecendo comparacións co xénero poético. | Para a lectura dos cómics poderanse repartir pxes. entre o alumnado; a grande grupo, extraeranse as características básicas (viñetas, tipos de plano, modalidades oracionais, onomatopeas….) e o mesmo alumnado deberá |

| | | |
|---|---|---|
| | | tamén establecer comparacións entre distintos xéneros literarios. |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGLB5.7.1. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos do cómic como linguaxe artística.<br>LGB5.7.2. Identifica e describe, nun cómic dado, os ppais. trazos.<br>LGLB5.7.3. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da canción como linguaxe artística.<br>LGB5.7.4. Identifica e describe, nunha canción dada, os seus principais trazos definitorios. | a) Identifica os elementos característicos do cómic.<br>b) *Le e comprende o contido de cómics.<br>c) Identifica os elementos característicos da canción.<br>d)* Comprende o contido xeral de cancións | Esta materia poderá ser obxecto de exame, no que se indicaría a valoración outorgada a cada parte. |

## TRISCO: TRABALLOS E PROXECTO

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**
B1.3. Coñecer e apreciar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas como planificadas.
B1.5. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para realizar exposicións orais planificadas e participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas.
B1.8. Participar activamente en situacións propias do ámbito educativo (pedir aclaracións, intercambiar opinións e expor conclusións).
B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.
B3.2. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.
B2.11. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas.
B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

B1.10. Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social.
B3.12. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.

**Obxectivos:** a, b, c, d, e, g, h, l, ñ, o **Competencias clave:** CCL, CSC, CAA, CSIEE, CCEC, CD **Temporalización:** 12 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa con actitude de interese, de cooperación e de respecto<br>B1.5. Coñecemento e aplicación, con axuda das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), de estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade.<br>B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo (pedimento de aclaracións, intercambio de opinións e exposición de conclusións).<br>B1.9. Coñecemento e aplicación de estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais.<br>B3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias.<br>B2.11. Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes.<br>B1.7. Produción de discursos orais, en interven-cións espontáneas, adecuados á situación e á intención | A elaboración dos traballos e proxectos requerirá busca de información en distintos soportes, organización dos membros do grupo; selección e tratamento da información; redacción de borradores, corrección, preparación da exposición oral…<br>1ª av.: análise de noticias actuais, extraídas de diferentes medios.<br>2ª e 3ª av.: proporanse temas (para traballos e/ou proxecto) relacionados coa vida do centro (tema da biblioteca, visita dalgún autor/a, celebracións…), cos acentecementos que se vaian producindo e que poidan ser do interese do alumnado e, sobre todo, con aspectos de sociolingüística (lexislación, comunidade lusófona, análise da situación sociolingüística do entorno, reflexión sobre a propia práctica lingüística…). | Na aula introduciranse os temas obxecto do traballo, organizaranse os grupos en cada trimestre, axudarase a organizar as funcións de cada membro do grupo e guiarase na elaboración do traballo escrito e preparación da exposición oral.<br>Obviamente, requírese traballo fóra da aula. |

| | | |
|---|---|---|
| comunicativa desexada, con coheren-cia, cohesión e corrección.<br>B1.10. Construción de discursos adecuados, cohesionados e cohrentes desde o punto de vista comunicativo, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa.<br>B3.12. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outra presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. | | |

| **Estándares de aprendizaxe** | **Concreción de estándares de aprendizaxe** | **Instrumentos de avaliación e criterios de corrección** |
|---|---|---|
| LGB1.3.1. Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a lxe. discrimin.).<br>LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal.<br>LGB1.5.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.<br>LGB1.5.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas.<br>LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo, respectando as regras de interacción.<br>LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instr. | a) Mostra unha actitude respectuosa perante as intervencións orais dos compañeiros e compañeiras: garda silencio, escoita…<br>b) Domina os aspectos prosódicos nas súas intervencións: ritmo, ton, volume, pronuncia…<br>c) Amosa unha postura corporal axeitada durante as súas exposicións orais.<br>d) Diríxese ó auditorio.<br>e) Emprega as TIC para facer máis claras e atractivas as súas exposicións orais.<br>f) Selecciona e incorpora ó seu traballo información obtida dos medios dixitais e noutros soportes.<br>g) Apóiase en guións previamente elaborados para expoñer oralmente.<br>h) Emprega un rexistro formal. | No apartado 4 desta programación indícanse os criterios de corrección aplicables ó traballo e ó proxecto. |

| | | |
|---|---|---|
| da persoa moderadora nos debates e coloquios.<br>LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.<br>LG1B1.9.2. Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.<br>LGB1.9.3. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa.<br>LGB1.9.4. Incorpora palabras propias do nivel formal ás súas producións orais.<br>LGB1.9.5. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.<br>LGB1.9.6. Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, pro-gresivamente, de evitalos.<br>LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correct. os fonemas propios da lga.g.<br>LGB2.11.1. Produce, en papel ou dixital, textos descr., narr. e expos. propios da vida educ., especialm., resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre tarefas e aprendiz.<br>LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.<br>LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar | i) Intervén na rolda de preguntas e debates que se poidan xerar despois de cada exposición oral, respectando as regras de interacción.<br>l) No traballo exposto e na rolda de preguntas e/ou debate posterior, cínguese ó tema, sen divagacións.<br>m) Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, pro-gresivamente, de evitalos.<br>n) Redacta o traballo coherentemente, sen erros ortográficos… e cunha presentación axeitada. | |

| | | |
|---|---|---|
| e fonema fricativo palatal xordo).<br>LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).<br>LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.<br>LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.<br>LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.<br>LGB3.12.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | | |

## 3.3. 2º ESO

## TRISCO 1. CORREOS ELECTRÓNICOS E OUTRAS FORMAS DE COMUNICACIÓN: CARTAS PERSOAIS, NOTAS E AVISOS (criterios de av., obxectivos, CC… referidos ó currículo de 1º e 2º)

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B2.2. Comprender, interpretar e sintetizar textos da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil e normas e instrucións de uso (1º)
B2.2. Comprender e interpretar textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes (2º)
B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos sinxelos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.
B1.2. Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e educativo, e seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe con progresiva autonomía.

**Obxectivos:** b, d, e, h **Competencias clave:** CCL, CSC, CD **Temporalización:** 5 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B1.2. Comprensión e interpretación de textos orais utilizados no ámbito social e educativo (instrucións, presentacións de tarefas e breves exposicións orais de temáticas variadas) (1º)<br>B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil, normas e instrucións de uso (1º)<br>B2.9. Produción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móvil (1º) | O paquete de actividades en liña “mensaxes @”(linguagalega.org) serviranos para traballar a comprensión dos distintos elementos que integran as mensaxes electrónicas (textos, elementos propios dos correos, abreviaturas…).<br>Analizaranse tamén cartas, avisos, notas, normas e instrucións de uso, e pedirase ó alumnado a elaboración deste tipo de textos. | O traballo será sobre todo de carácter práctico, xa que irán adquirindo ou consolidando coñecementos a través das actividades, que serán realizadas a grande grupo, exceptuando a elaboración de textos escritos propios. |

| | | |
|---|---|---|
| B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos aos intereses do alumnado: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes (2º) | | |

| **Estándares de aprendizaxe** | **Concreción de estándares de aprendizaxe** | **Instrumentos de avaliación e criterios de corrección** |
|---|---|---|
| LGB2.2.1. Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónicas, normas e instrucións de uso.<br>LGB2.9.1. Produce textos propios das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.<br>LGB1.2.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.<br>2ºESO:<br>LGB2.2.1. Comprende e interpreta a información máis relevante de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.<br>LGB2.2.2. Comprende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá. | a) Coñece e identifica os elementos comúns ás mensaxes transmitidas a través de correos electrónicos: CC, CCO, Asunto…<br>b) Interpreta o signifcado destas siglas, símbolos… e úsaos correctamente.<br>c) *Comprende o significado de textos sinxelos, como cartas persoais, enviados por esta canle.<br>d) *Redacta correos electrónicos persoais empregando o rexistro axeitado, as fórmulas de saúdo e despedida…<br>e) Envía correos electrónicos e ábreos cando os recibe.<br>f) Interpreta  mensaxes que incorporan as abreviaturas habituais na mensaxería instantánea.<br>g) *Redacta cartas persoais, sexa por medios tecnolóxicos ou en papel, co rexistro axeitado e empregando as fórmulas de encabezamento e despedida oportunas.<br>h) Diferencia entre nota e aviso: intención, ámbitos de uso e características lingüísticas. | Estes contidos poderán formar parte dos exames, nos que se indicará a valoración de cada parte.<br>Poderase pedir tamén a elaboración dun texto escrito (carta, instrucións…). Os criterios de corrección serán os indicados no apartado 4 no referente a “entregas periódicas”. |

| | | |
|---|---|---|
| | i) *Comprende a información contida en notas e avisos.<br>l) *Redacta notas e avisos axeitados a cada situación.<br>m) Coñece as principais características dos textos instrutivos, tanto lingüísticas como tipográficas.<br>n) *Comprende o contido dos textos instrutivos orais e escritos e pode, polo tanto, seguir unhas instrucións.<br>ñ) Identifica e analiza os verbos característicos dos textos instrutivos: imperativos, infinitivos, formas non impersoais…<br>o) *Produce textos instrutivos atendendo ás súas características básicas. | |

## TRISCO 2. REPASO BÁSICO: ORTOGRAFÍA, PUNTUACIÓN, ACENTUACIÓN (repaso de 1º)

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B3.5. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
B3.6. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.
B3.2. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.

**Obxectivos:** a, b, d, e **Competencias clave:** CCL, CAA **Temporalización:** 4/5 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B3.5. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.<br>B3.6. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.<br>B3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias. | -Ortografía: encher ocos, marcar a palabra correcta, distinguir significados de parellas homófonas, uso de maiúsculas e minúsculas…<br>- Puntuación de oracións e de textos breves.<br>- Acentuación: poñer til, explicar as razóns de que determinadas palabras leven til, elaboración oracións con palabras con til diacrítico…<br>- Pronunciación: diferenciar palabras opostas polo grao de apertura das vogais...<br>- Xénero e número: sinalar o xénero, transformar do masculino ó feminino e viceversa, escribir plurais, corrixir erros... | O enfoque deste trisco será eminentemente práctico; recorrerase á teoría só nos casos imprescindibles, partindo dos coñecementos previos sobre estas cuestións. Ningún dos contidos tratados é novo para o alumnado, polo que se trata dun “trisco” de repaso, de consolidación. O alumnado realizará as tarefas individualmente e logo corrixiranse a grande grupo, para que poida sinalar os seus propios erros. |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGB3.5.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.<br>LGB3.5.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos<br>LGB3.6.1. Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual.<br>LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega. | a)*Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas do idioma: grafías, uso de maiúsculas e minúsculas, xénero das palabras...<br>b)*Aplica correctamente as regras de acentuación.<br>c) Explica a razón de que determinados termos leven, ou non, til gráfico.<br>d) *Puntúa os textos propios e alleos correctamente.<br>e) Explica a razón do emprego de cada signo de puntuación.<br>f)*Emprega o til diacrítico axeitadamente.<br>g)*Diferencia o significado das parellas opostas pola presenza/ausencia de til diacrítico.<br>h) Diferencia o significado das parellas opostas polo grao de apertura das vogais de grao medio. | Os contidos deste trisco poderán formar parte dos exames previstos, nos que se indicará o valor que se lle outorga a cada pregunta.<br>Realizarase unha proba específica para estes contidos, que será puntuada con positivo, negativo, visto ou non presentado, segundo o indicado no apartado 4 desta programación.<br>Nos escritos que se recollerán ó longo do curso, valoraranse especialmente os contidos aquí traballados (apartado 4 da programación). |

## TRISCO 3. TEXTOS INSTRUTIVOS

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B2.2. Comprender e interpretar textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.
B2.4. Comprender e interpretar en formato papel ou dixital, textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.
B3.5. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

**Obxectivos:** b, d,e,h  **Competencias clave:** CCL, CSC  **Temporalización:** 3

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos aos intereses do alumnado: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes<br>B2.4. Comprensión e interpretación, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.<br>B3.5. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. | Traballarase sobre textos instrutivos, de cara á súa comprensión e identificación de características principais, así como á adquisición de vocabulario. Do mesmo xeito, elaboraranse composicións escritas seguinte os modelos. | Adoptarase unha perspectiva práctica, na que primará a lectura, compresión e expresión. |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGB2.2.2. Comprende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá.<br>LGB2.2.3. Comprende e interpreta normas de convivencia, regras de xogos, correspondencia escolar.<br>LGB2.4.1. Comprende e interpreta textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.<br>LGB3.5.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. | *a) Comprende textos instrutivos orais e escritos e, polo tanto, pode seguir instrucións.<br>* b) Identifica as características deste tipo de textos.<br>* c) Redacta textos instrutivos atendendo ás súas características, corrección ortográfica, presentación... | Os contidos deste trisco formarán parte das probas de avaliación, e poderán ser tamén avaliados a través da recollida de textos, tal como se indica no punto 4 desta programación. |

# TRISCO 4. PROPIEDADES TEXTUAIS II: ADECUACIÓN E COHERENCIA

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B1.6. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
B2.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión.

**Obxectivos:** b, f, h, o **Competencias clave:** CCL, CSC, CAA **Temporalización:** 4/5 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B1.6. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.<br>B2.1. Coñecemento e uso de técnicas de análise do contido e de estratexias de lectura comprensiva: esquemas, resumos, etc. | -Seleccionar o rexistro máis axeitado para unha determinada situación comunicativa.<br>-Indicar o tipo de texto que se requeriría para determinadas situacións comunicativas.<br>- Elaborar enunciados adecuados a cada situación comunicativa.<br>- Manter conversas simuladas adecuadas a unha situación dada.<br>- Indicar idea principal e ideas secundarias nun determinado texto.<br>- Enunciar as ideas en torno ás que xira cada parágrafo dun texto e a relación co tema principal.<br>- Solucionar problemas de comprensión dun determinado texto.<br>- Esquematizar e resumir a información dun texto.<br>- Corrixir as incoherencias dun texto e explicar en que consisten.<br>- Elaborar textos coherentes. | A metodoloxía empregada terá como base o traballo con textos e situacións comunicativas, polo que primará o aspecto práctico dos contidos. |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.<br>LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).<br>LGB1.6.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).<br>LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.<br>LGB2.1.1. Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas.<br>LGB2.1.3. Identifica a idea principal e as secundarias e comprende a relación existente entre elas. | a)*Exprésase oralmente e por escrito de xeito adecuado a cada situación comunicativa, seleccionando o rexistro e a estrutura textual que corresponda.<br>b) *Exprésase oralmente e por escrito de maneira coherente.<br>c) *Pronuncia correctamente os fonemas galegos nas súas intervencións orais.<br>d) *Emprega, nas súas intervencións orais, unha lingua correcta desde o punto de vista morfosintáctico e léxico.<br>e) *Elabora resumos coherentes de textos e esquematiza os seus contidos, demostrando a súa comprensión.<br>f) *Identifica as ideas principais e secundarias dun texto.<br>g) Identifica as incoherencias que pode presentar un texto e explica en que consisten.<br>h) Soluciona problemas de comprensión dos textos, recorrendo a dicionarios, enciclopedias, Internet…<br>i)*Adquire novo vocabulario a partir dos textos traballados.<br>l)*Elabora textos adecuados e coherentes. | Os contidos deste trisco poderán formar parte dos exames previstos, nos que se indicará o valor que se lle outorga a cada pregunta.<br>Nos escritos que se recollerán ó longo do curso, valoraranse, entre outros, os contidos aquí traballados (apartado 4 da programación). |

# TRISCO 5. PROPIEDADES TEXTUAIS III: COHESIÓN

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B3.8. Recoñecer e usar os nexos textuais de espazo, oposición e contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.

**Obxectivos:** e, h **Competencias clave:** CCL, CAA **Temporalización:** 4/5 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B3.8. Recoñecemento, uso e explicación dos nexos e conectores textuais (espaciais, de oposición e contraste) e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos. | -Indentificación en textos dos mecanismos de cohesión textual gramaticais e léxicos, así como dos conectores.<br>-Clasificación dos elementos de cohesión dos textos traballados.<br>- Identificación dos elementos textuais e extratextuais ós que fan referencia estes mecanismos.<br>- Identificación e clasificación de conectores.<br>- Corrección e modificación de textos pouco cohesionados.<br>- Elaboración de oracións con conectores dados, atendendo ó significado que achegan.<br>- Elaboración de textos amplos atendendo ós mecanismos de cohesión. | Partirase dunha breve presentación teórica por parte da docente, e pasarase ás actividades prácticas, procurando a súa realización de xeito individual, en pequeno grupo e a grande grupo. |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGB3.8.1. Identifica e usa distintos tipos de conectores de espazo, oposición, contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que lle proporcionan cohesión a un texto.<br>LG3.8.2. Utiliza os elementos lingüísticos para a cohesión interna. | a)*Identifica as palabras deícticas nun texto e a súa categoría gramatical:<br>- Deícticos de persoa: pronomes persoais, posesivos e demostrativos.<br>- Deícticos de tempo: adverbios de tempo.<br>- Deícticos de espazo e lugar: adverbios de lugar.<br>b) Clasifica os deícticos en persoais, de tempo ou de espazo.<br>c) Identifica o elemento, textual ou extratextual, ó que se refiren os deícticos.<br>d)*Identifica os principais mecanismos de cohesión de carácter léxico:<br>- Repetición de palabras<br>- Substitución por sinónimos, hiperónimos, paráfrasis.<br>- Substitución por pronomes, adverbios...<br>e) Identifica o elemento ó que se refiren estes elementos de cohesión.<br>f) Identifica e clasifica os principais conectores.<br>g) *Usa correctamente os conectores en contextos dados, atendendo ó seu significado (oposición, adición…).<br>h)*Elabora textos cohesionados. | Os contidos do "trisco" poderán formar parte dos exames previstos, nos que se indicará o valor outorgado a cada pregunta.<br>Recollerase un texto cunhas características determinadas (inclusión de certos conectores…) que será cualificado con positivo, negativo, visto, non presentado, segundo os criterios especificados no apartado 4 da programación. |

# 6. UNIDADE: FALANDO DE DROGAS

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos medios de comunicación (crónicas, reportaxes e documentais) e elaborar esquemas e resumos.
B1.4. Identificar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e interpretar as connotacións e mensaxes discriminatorias implícitas.
B2.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión.
B2.3. Comprender e interpretar, en formato papel ou dixital, textos propios dos medios de comunicación (noticias).
B2.10. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos propios dos medios de comunicación a partir dun modelo (noticias).
B2.12. Producir e sintetizar, en formato papel ou dixital, textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narracións e descricións.
B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.
B3.10. Aplicar progresivamente o coñecemento e o uso das estratexias de autoavaliación e a aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe.

**Obxectivos:** a, b, c, d, e, f, h, l, ñ **Competencias clave:** CCL, CAA, CD, CSC, CCC, CSIEE **Temporalización:** 6/7 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual.<br>B1.4. Escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo: noticias reportaxes e crónicas<br>B2.1. Coñecemento e uso de técnicas de análise do contido e de estratexias de lectura comprensiva: esquemas, resumos, etc. | -Elaboración de texto narrativo, con fragmentos descritivos, a partir da visualización dun vídeo mudo sobre os efectos das drogas.<br>-Intercambio de textos para a corrección entre iguais e reelaboración tendo en conta os aspectos corrixidos.<br>- Lectura de texto expositivo sobre as drogas e reflexión sobre a súa ortografía, así como resposta a preguntas de comprensión: explicar significados, esquematizar, resumir…<br>- Visualización dunha noticia do telexornal, en | A unidade artellarase en torno á temática das drogas, que será o núcleo da tipoloxía textual tratada: narración, descrición (en menor medida), textos xornalísticos, exposición. Estes textos pertencen ó ámbito escrito e ó audiovisualCombínase o traballo individual co realizado a grande grupo. |

| | | |
|---|---|---|
| B2.3. Comprensión e interpretación, en formato papel e dixital, de textos propios dos medios de comunicación (noticias).<br>B2.10. Produción, en formato papel ou dixital, de textos propios dos medios de comunicación (noticias).<br>B2.12. Produción e síntese, en formato papel ou dixital, de textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narrativos e descritivos.<br>B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.<br>B3.10. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso. | torno ás drogas, e análise de contido e estrutura.<br>- Elaboración dunha noticia xornalística escrita a partir dos contidos da anterior.<br>- Lectura de reportaxe e resposta a cuestións sobre comprensión. | |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais).<br>LGB1.4.1. Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas.<br>LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións | a)*Comprende o contido dunha noticia xornalística, sexa audiovisual, sexa escrita, e analiza a súa estrutura (titular, entrada, corpo) e as súas características principais (resposta a interrogantes, pirámide invertida, obxectividade…).<br>b)*Elabora unha noticia xornalística respectando as súas características básicas.<br>c)*Comprende o contido de reportaxes e analiza as súas características esenciais. | Os contidos deste trisco poderán formar parte dos exames previstos, nos que se indicará o valor que se lle outorga a cada pregunta. |

| | | |
|---|---|---|
| a partir das coincidencias e diferenzas atopadas.<br>LGB1.4.3. Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións.<br>LGB1.1.2. Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos.<br>LGB2.1.1. Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas.<br>LGB2.1.2. Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto, analiza a forma das palabras ou usa dicionarios para contextualizar as acepcións.<br>LGB2.1.3. Identifica a idea principal e as secundarias e comprende a relación existente entre elas.<br>LGB2.1.6. Contrasta os contidos dos textos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.<br>LGB2.3.1. Comprende e interpreta textos propios dos medios de comunicación (noticias).<br>LGB2.3.2. Localiza a información destacada de textos propios dos medios de comunicación: portadas e titulares.<br>LGB2.10.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos propios dos medios de comunicación a partir dun modelo (noticias).<br>LGB2.12.1. Produce, en formato papel ou dixital, escritos de distinta tipoloxía a partir dun modelo, fundamentalmente, narrativos e descritivos.<br>LGB2.12.2. Sintetiza e resume narracións e descricións sen parafrasear o texto resumido.<br>LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para | d) Compara a mesma noticia en diferentes medios e analiza semellanzas e diferenzas, extraendo conclusións.<br>e) Coñece as características dos textos narrativos e os seus elementos.<br>f)*Elabora textos narrativos atendendo a unhas características dadas.<br>g)*Diferencia narración de descrición e elabora textos incluíndo ambas modalidades.<br>h) Identifica e corrixe erros ortográficos, de expresión… en textos alleos e propios.<br>i)*Comprende textos expositivos e demóstrao resumindo, esquematizando, explicando… os seus contidos.<br>l)*Amplía o seu vocabulario con termos dos escritos traballados.<br>m) Emprega o dicionario e outras fontes para resolver problemas de comprensión, ortografía… e ampliar a información. | |

| | | |
|---|---|---|
| expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación comunicativa.<br>LGB3.7.2. Exprésase, con estilo propio, utilizando os recursos da lingua con flexibilidade e creatividade.<br>LG3.10.1. Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación, propondo solucións para a súa mellora. | | |

## TRISCO 7: TEXTOS DESCRITIVOS

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B2.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión.
B2.12. Producir e sintetizar, en formato papel ou dixital, textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narracións e descricións.
B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.

**Obxectivos:** b, e,f, h, l **Competencias clave:** CCL, CD, CAA **Temporalización:** 4/5 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B2.12. Produción e síntese, en formato papel ou dixital, de textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narrativos e descritivos.<br>B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.<br>B3.10. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso. | -Lectura de textos descritivos e actividades encamiñadas á súa comprensión e á adquisición de vocabulario.<br>-Clasificación de textos descritivos atendendo a diferentes criterios (obxecto da descrición: topografía, etopea...), descrición científica ou literaria, obxectiva ou subxectiva...<br>- Produción de textos descritivos. | O enfoque será fundamentalmente práctico, dirixido á análise de textos e á súa elaboración. |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGB2.12.1. Produce, en formato papel ou dixital, escritos de distinta tipoloxía a partir dun modelo, fundamentalmente, narrativos e descritivos.<br>LGB2.12.2. Sintetiza e resume narracións e descricións sen parafrasear o texto resumido.<br>LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación comunicativa.<br>LGB3.7.2. Exprésase, con estilo propio, utilizando os recursos da lingua con flexibilidade e creatividade.<br>LG3.10.1. Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación, propondo solucións para a súa mellora. | a)*Diferencia narración de descrición e elabora textos incluíndo ambas modalidades.<br>b)*Distingue tipos de descrición segundo distintos criterios.<br>c)*Elabora descricións cunhas características dadas.<br>b) Identifica e corrixe erros ortográficos, de expresión… en textos alleos e propios.<br>c)*Amplía o seu vocabulario con termos dos escritos traballados. | Os contidos deste trisco poderán formar parte dos exames previstos, nos que se indicará o valor que se lle outorga a cada pregunta.<br>Non se descarta a petición dun texto descritivo, que sería puntuado con positivo, negativo, visto ou non presentado, segundo o indicado no apartado 4 desta programación. |

## 8. UNIDADE: O CAMIÑO DE SANTIAGO

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos medios de comunicación (crónicas, reportaxes e documentais) e elaborar esquemas e resumos.
B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula
B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo. Apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.
B4.4. Describir a situación legal das linguas do Estado español.
B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.
B3.11. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.

**Obxectivos:** b, d, e, h, l, ñ, o **Competencias clave:** CCL, CAA, CSC, CCC, CD **Temporalización:** 7 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual.<br>B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.<br>B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo. | - Visualización de documental e resposta a preguntas de comprensión.<br>- Actividades de vocabulario a partir do documental anterior: vestimenta de peregrinos e alimentación.<br>- Explicación da situación lingüística da PI na IM e da súa evolución ata hoxe, a partir dos datos ofrecidos por mapas lingüísticos da IM e por unha animación que reflicte a evolución ó longo do tempo.<br>- Identificación nun mapa das zonas lingüísticas | Trátase dunha unidade globalizada na que participan docentes de varias materias, de xeito que, durante tres semanas, as clases xirarán en torno á temática do Camiño de Santiago, abordada desde distintas perspectivas.<br>O traballo realizado nas outras materias incorporarase, na |

| | | |
|---|---|---|
| B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.<br>B4.6. Situación legal das linguas do Estado español.<br>B2.9. Produción, en formato papel ou dixital, de escritos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.<br>B3.11. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. | actuais polas que atravesa o Camiño Francés.<br>- Identificación das características lingüísticas básicas das linguas da PI.<br>- Proxecto (especificado máis abaixo). | medida do posible, ó proxecto que se realizará na nosa materia (explicado máis abaixo). |

| **Estándares de aprendizaxe** | **Concreción de estándares de aprendizaxe** | **Instrumentos de avaliación e criterios de corrección** |
|---|---|---|
| LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais).<br>LGB1.1.2. Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos.<br>LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación comunicativa.<br>LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se | a)*Comprende a información que ofrecen documentais audiovisuais.<br>b)*Elabora esquemas e/ou resumos sobre información contida en documentais audiovisuais.<br>c)*Amplía o seu vocabulario con termos referidos ós alimentos e á vestimenta.<br>d) Coñece a convivencia de múltiples linguas que se daba e se dá no Camiño de Santiago.<br>e)* Identifica as zonas lingüísticas polas que atravesa o Camiño Francés.<br>f) Identifica as características lingüísticas básicas | Os contidos deste trisco poderán formar parte dos exames previstos, nos que se indicará a valoración que se lle outorga a cada pregunta.<br>Vinculado ós contidos deste trisco estará a elaboración do proxecto, cuxa avaliación se especifica máis abaixo. |

| | | |
|---|---|---|
| constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso en diferentes contextos.<br>LGB4.1.2. Distingue entre linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas e aplica estes conceptos ao caso galego.<br>LGB4.1.3. Coñece as linguas que se falan en España e valora a súa existencia como un elemento de riqueza cultural.<br>LGB4.4.1. Coñece a lexislación que regula a utilización do galego e a súa promoción no ámbito educativo e local.<br>LGB2.9.1. Produce textos propios da vida cotiá e das relacións persoais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.<br>LGB3.11.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | das linguas da Península Ibéricas.<br>g) Coñece a situación sociolingüística das linguas da Península Ibérica: minorizadas, maiorizadas, minoritarias, maioritarias…<br>h) *Aplica estes conceptos á situación do galego e establece comparacións.<br>i) Coñece a lexislación básica que afecta a estas linguas.<br>l) Comprende textos poéticos vinculados ó Camiño de Santiago e analiza os seus trazos básicos.<br>m) *Elabora diarios atentendo ás características propias deste tipo de textos.<br>n) Participa en proxectos conxuntos. | |

# TRISCO 9: NOMES E VERBOS. A ESTRUTURA DAS PALABRAS

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B3.7. Recoñecer a estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para mellorar a comprensión e produción textuais.

**Obxectivos:** b, e **Competencias clave:** CCL, CAA **Temporalización:** 5 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B3.7. Recoñecemento da estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para a mellora da comprensión e produción textuais. | - Diferenciación de formas verbais e calquera outro tipo de categoría gramatical.<br>- Análise da estrutura de formas verbais e identificación dos constituíntes.<br>- Análise de formas verbais e conxugación.<br>- Transformacións de enunciados variando persoa e/ou tempo.<br>- Actividades con verbos: cubrir ocos, corrección, escolla de determinadas formas…<br>- Elaboración de textos breves en distintos tempos. | Combínase o traballo individual co realizado a grande grupo, así como as actividades en liña (especialmente no referido ós verbos), as feitas en papel e as de carácter oral. |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGB3.7.1. Coñece e utiliza adecuadamente substantivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos.<br>LGB3.7.2. Exprésase, con estilo propio, utilizando os recursos da lingua con flexibilidade e creatividade. | n) *Diferencia os verbos de calquera outra categoría gramatical.<br>ñ) Segmenta formas verbais identificando os seus constituíntes: Raíz, vogal temática, SMT, SNP.<br>o) *Analiza formas verbais: persoa, tempo, modo, | Os contidos deste trisco poderán formar parte dos exames previstos, nos que se indicará o valor que se lle outorga a cada pregunta. |

| | | |
|---|---|---|
| | conxugación.<br>p) *Conxuga verbos regulares, semirregulares e irregulares.<br>q) *Emprega correctamente as formas verbais nos seus escritos. | Realizarse unha proba específica para parte destes contidos, que será puntuada con positivo, negativo, visto ou non presentado, segundo o indicado no apartado 4 desta programación. |

## TRISCO 10. SINTAXE

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B3.9. Coñecer os compoñentes sintácticos para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto.

**Obxectivos:** e, h **Competencias clave:** CCL **Temporalización:** 6/7 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B3.9. Coñecemento dos compoñentes sintácticos no nivel da frase para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto. | -Análise sintáctica dos diferentes tipos de frases.<br>-Reducir e ampliar frases sen que varíe a estrutura primaria.<br>-Elaborar frases segundo unha estrutura dada.<br>-Análise de oracións simples (e das frases dentro delas).<br>- Reducir e ampliar oracións simples sen que varíe a estrutura primaria.<br>-Construír oracións simples segundo unha estrutura dada. | Será preciso comprobar, previamente a impartir estes contidos, o dominio do alumnado das categorías gramaticais, necesario para poder analizar frases sintácticamente. Se este dominio non fose o axeitado, proporanse actividades de reforzo e, ó tempo que se |

| | | |
|---|---|---|
| | -Completar oracións con frases que desempeñen determinadas funcións. | analiza, irase reforzando este punto (cambiar un determinante por outro, un substantivo por outro…). O enfoque será completamente práctico e esixirá o traballo individual por parte do alumnado, aínda que partirá dunha exposición da docente. |

| **Estándares de aprendizaxe** | **Concreción de estándares de aprendizaxe** | **Instrumentos de avaliación e criterios de corrección** |
|---|---|---|
| LG3.9.1. Completa, transforma e elabora enunciados de maneira axeitada e correcta atendendo aos compoñentes sintácticos. | a)*Diferencia os tipos de frases atendendo ós seus compoñentes (frase nominal, substantiva, adxectiva, verbal, adverbial, preposicional).<br>b)*Diferencia frases simples, compostas e complexas.<br>c)*Analiza sintacticamente frases de calquera tipo.<br>d) Reduce e amplía frases sen que varíe a estrutura primaria.<br>e) *Elabora frases seguindo unha estrutura dada.<br>f)*Recoñece as funcións sintácticas que as frases poden desempeñar dentro das oracións simples.<br>g) *Analiza sintacticamente oracións simples.<br>h) Reduce e amplía oracións sen que varíe a estrutura primaria.<br>i)*Elabora oracións seguindo unha estrutura sintáctica dada. | Os contidos deste “trisco” poderán formar parte dos exames previstos, nos que se indicará a valoración que se lle outorga a cada pregunta.<br>Non se descarta a realización dunha proba específica para estes contidos, que se valorará con positivo, negativo, visto, non presentado, segundo o exposto no apartado 4 deste programación. |

| | | |
|---|---|---|
| | k)*Constrúe oracións simples atendendo ás regras de concordancia entre SUX e PDO., PTVP de SUX ou OD… | |

## TRISCO 11.VARIEDADES SOCIAIS: TEXTOS FORMAIS E COLOQUIAIS

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B1.5. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
B1.8. Participar activamente en situación propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.
B1.10. Producir discursos breves e comprensibles, nun rexistro neutro, informal ou máis culto, sobre temas da vida cotiá ou educativa.
B2.2. Comprender e interpretar textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.
B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.
B4.6. Identificar e clasificar as variantes diafásicas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega e valorala como variante unificadora, así como apreciar a variante diatópica propia.

**Obxectivos:** a, b, c, d, e, h, l, ñ, o **Competencias clave:** CCL, CSC, CSIEE, CCEC, CAA, CD **Temporalización:** 3/4 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B1.5. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e cunha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.<br>B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión. | - Idenficación de características propias de cada rexistro/nivel en diversos textos e clasificación deles.<br>- Relación de situacións comunicativas e textos.<br>- Elaboración de textos en distintos niveis/rexistros.<br>- Participación en conversas simuladas e en debates. | Seguirase unha metodoloxía de carácter indutivo, partindo de textos e situacións comunicativas, para que sexa o alumnado quen chegue a regras xerais (características de cada |

| | | |
|---|---|---|
| B1.10. Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativo.<br>B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos aos intereses do alumnado: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.<br>B2.9. Produción, en formato papel ou dixital, de escritos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.<br>B4.8. Recoñecemento das variantes diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar, uso normalizado da variante dialectal propia da zona e utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal. | - Identificación de termos pertencentes á xerga estudantil.<br>- Lectura e actividades de comprensión de textos formais e informais.<br>- Análise do contido e a estrutura propia destes textos.<br>- Relación de textos formais e informais con situacións comunicativas determinadas.<br>- Elaboración de escritos da mesma tipoloxía textual. | rexistro/nivel, de cada tipoloxía…). |
| **Estándares de aprendizaxe** | **Concreción de estándares de aprendizaxe** | **Instrumentos de avaliación e criterios de corrección** |
| LGB1.5.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia e prosodia correcta, recoñece os erros nas producións orais propias e alleas e propón solucións para melloralas.<br>LGB1.5.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia galega.<br>LGB1.5.3. Asume, se a posúe, a variante dialectal propia e utilízaa na súa práctica habitual.<br>LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo con respecto ás regras de interacción e ás opinións alleas.<br>LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás | a) Coñece as características básicas do rexisto/nivel formal e culto, as do rexistro neutro ou estándar, as do rexistro informal e as do nivel vulgar.<br>b)*Distingue textos segundo o rexistro/nivel empregado.<br>c) *Emprega nas súas mensaxes, tanto orais como escritas, o rexistro/nivel axeitado, e asume a súa variante dialectal na práctica habitual.<br>d) *Participa en conversas informais (simuladas) sobre diversos temas: expresar unha opinión, facer unha invitación, pedir indicacións, dar instrucións, | Os contidos deste trisco poderán formar parte dos exames previstos, nos que se indicará a valoración que se lle outorga a cada pregunta.<br>As actividades orais, como a participación en conversas simuladas e/ou en debates, serán avaliadas polo propio alumnado (autoavaliación e avaliación entre iguais) |

| | | |
|---|---|---|
| instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.<br>LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.<br>LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.<br>LGB1.10.3. Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa.<br>LGB1.10.4. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.<br>LGB2.2.1. Comprende e interpreta a información máis relevante de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.<br>LGB2.9.1. Produce textos propios da vida cotiá e das relacións persoais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.<br>LGB4.6.1. Identifica e clasifica as variantes diafásicas do galego.<br>LGB4.6.2. Analiza a súa práctica lingüística e identifica nela os trazos propios da xerga estudantil.<br>LGB4.6.3. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora.<br>LGB4.6.4. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona. | solicitar unha información… usando o rexistro, pronuncia e prosodia axeitados.<br>e) Participa en debates sobre temas acordados, respectando as regras de interacción, as opinións alleas, cinguíndose ó tema... e cunha lingua axeitada.<br>f)*Pode expresarse oralmente e por escrito usando correctamente as fórmulas de tratamento de cortesía, así como, no contexto axeitado, termos da xerga estudantil.<br>g)*Comprende e produce (atendendo tamén á súa estrutura) textos de tipoloxía variada nos que se usa habitualmente un rexistro neutro ou coloquial: diario, carta persoal, aviso, invitación, participación en foros...<br>h)*Comprende e produce (atendendo tamén á súa estrutura) textos de tipoloxía variada nos que se usa un rexistro formal: convite, carta…, solicitude, participación en foros. | seguindo un padrón facilitado pola docente. A cualificación será de positivo, negativo, visto ou non presentado (escasa ou nula intervención). |

## TRISCO 12. XÉNEROS E SUBXÉNEROS LITERARIOS (con contidos de 1º)

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B5.5. Comparar textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.
B5.6. Analizar textos literarios, de maneira guiada, identificar os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.
B5.7. Escribir textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.

**Obxectivos:** h, l, n **Competencias clave:** CCL, CCEC **Temporalización:** 3 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B5.5. Comparación de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.<br>B5.6. Análise de textos literarios, de maneira guiada, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.<br>B5.7. Produción de textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. | -Lectura de textos literarios dos distintos xéneros e subxéneros e análise do seu contido: resumos, paráfrases…<br>-Identificación das características que definen cada xénero e cada subxénero.<br>-Identificación e análise dos recursos retóricos nos diferentes textos.<br>- Transformación de textos: do xénero lírico ó narrativo, do narrativo ó dramático… | Impartirase este trisco desde un enfoque práctico, primando o traballo cos textos. Os aspectos teóricos empregaranse, basicamente, para a súa aplicación na práctica. As actividades será realizadas sobre todo de xeito individual e a grande grupo. |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGLB5.5.1. Compara textos pertencentes aos diferentes xéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.<br>LGLB5.5.2. Compara textos pertencentes ao mesmo xénero pero a diferentes subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.<br>LGB.5.6.1. Analiza textos literarios, de maneira guiada, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.<br>LGLB5.7.1. Escribe textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula | a)*Diferencia textos dos grandes xéneros literarios: lírico, narrativo, dramático, didáctico.<br>b)*Identifica as características principais de cada xénero literario.<br>c)*Diferencia os principais subxéneros da lírica.<br>d) Establece comparacións entre os distintos subxéneros líricos.<br>e) *Diferencia os principais subxéneros narrativos.<br>f) Establece comparacións entre os distintos subxéneros narrativos.<br>g)*Diferencia os principais subxéneros teatrais.<br>h) Establece comparacións entre os distintos subxéneros dramáticos.<br>i) *Identifica e clasifica os recursos retóricos en textos literarios.<br>l) Analiza a funcionalidade dos recursos retóricos en textos literarios.<br>m)*Comprende o contido dos textos literarios e podo resumilos, parafrasealos…<br>n) Escribe ou transforma textos con intención estética. | Os contidos deste trisco poderán formar parte dos exames previstos, nos que se indicará a valoración que se lle outorga a cada pregunta. |

## TRISCO 13. XÉNERO LÍRICO (con contidos de 1º)

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B5.2. Ler expresiva e comprensivamente e facer audicións de poemas recitados ou cantados, determinar o tema principal, a estrutura xeral e pór de relevo os principais recursos estilísticos.
B1.8. Participar activamente en situación propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.
B2.6. Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura que permita identificar usos lingüísticos discriminatorios e manifestar posturas de acordo ou desacordo e respecto ás mensaxes expresadas.

**Obxectivos:** a, c, d, h, l **Competencias clave:** CCL, CSC, CAA **Temporalización:** 4/5 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B5.2. Lectura expresiva e comprensiva e audición de poemas recitados ou cantados; determinación do tema principal, a estrutura xeral e os principais recursos estilísticos.<br>B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.<br>B2.6. Actitude reflexiva e crítica ante a lectura para identificar usos lingüísticos discriminatorios, manifestar posturas de acordo e desacordo e expor razoadamente as ideas respectando as ideas dos demais. | -Lectura, escoita e análise de textos líricos: resumo, paráfrase, análise de recursos, subxénero (se é o caso)…<br>-Creación de textos líricos<br>- Actividades de adquisición de novo vocabulario<br>- Expresión de opinións (orais e/ou escritas) sobre textos poéticos. | Impartirase este trisco desde un enfoque práctico, primando o traballo cos textos. Os aspectos teóricos empregaranse, basicamente, para a súa aplicación na práctica. As actividades serán realizadas sobre todo de xeito individual e a grande grupo, propiciando o intercambio de opinión sobre os textos, as recomendacións do alumnado sobre outros poemas, versións musicadas… |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGLB5.2.1. Le expresiva e comprensivamente e fai audicións de poemas recitados ou cantados, determina o tema principal, a estrutura xeral e pon de relevo os principais recursos estilísticos.<br>LGB1.8.3. Expresa e compara con compañeiras/os a súa opinión sobre unha obra de lectura.<br>LGB2.6.1. Detecta mensaxes que transmiten prexuízos e evita usos lingüísticos discriminatorios.<br>LGB2.6.2. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.<br>LGB2.6.3. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.<br>LGB2.6.4. Respecta as opinións dos demais. | a) *Le expresiva e fluidamente textos líricos.<br>b) *Comprende o sentido xeral de textos líricos lidos e/ou escoitados.<br>c) *Identifica e analiza os elementos principais de textos líricos: tema, voz poética, estrutura, recursos estilísticos…<br>d) Establece comparacións entre diferentes textos líricos.<br>e) Expresa opinións persoais razoadas sobre textos poéticos.<br>f) Escribe textos líricos de intención estética. | Os contidos deste trisco poderán formar parte dos exames previstos, nos que se indicará a valoración que se lle outorga a cada pregunta.<br>Non se descarta a realización dunha proba específica deste trisco, que constaría dun texto lírico e actividades de comprensión similares ás realizadas na aula. Sería cualificada con positivo, negativo, visto ou NP.<br>No caso de pedir a elaboración dun texto literario, este nunca se valorará negativamente |

## TRISCO 14. XÉNERO NARRATIVO (con contidos de 1º)

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B5.3. Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localizando e describindo os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.
B1.8. Participar activamente en situación propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.
B2.6. Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura que permita identificar usos lingüísticos discriminatorios e manifestar posturas de acordo ou desacordo e respecto ás mensaxes expresadas.

B2.12. Producir e sintetizar, en formato papel ou dixital, textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narracións e descricións.

**Obxectivos:** a, b, c, d, e, h, l **Competencias clave:** CCL, CD, CSC, CAA **Temporalización:** 4/5 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B5.3. Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e localización e descrición dos elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.<br>B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.<br>B2.6. Actitude reflexiva e crítica ante a lectura para identificar usos lingüísticos discriminatorios, manifestar posturas de acordo e desacordo e expor razoadamente as ideas respectando as ideas dos demais.<br>B2.12. Produción e síntese, en formato papel ou dixital, de textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narrativos e descritivos. | -Lectura, escoita e análise de textos narrativos: resumo, paráfrase, análise de recursos, subxénero (se é o caso)…<br>- Identificación das modalidades narrativas, descritivas e dialogadas dentro do xénero narrativo.<br>-Creación de textos narrativos, modalidade narrativa, descritiva, dialogada<br>- Ampliación de textos narrativos con descricións, diálogos....<br>- Actividades de adquisición de novo vocabulario<br>- Opinión argumentada sobre obras literarias narrativas. | Impartirase este trisco desde un enfoque práctico, primando o traballo cos textos. Os aspectos teóricos empregaranse, basicamente, para a súa aplicación na práctica. As actividades será realizadas sobre todo de xeito individual e a grande grupo. Propiciarase a expresión da opinión persoal, a comparación con outros que poidan coñecer…Darase paso a recomendacións do alumnado sobre contos, novelas, autores…ou o que desexen achegar sobre o tema. |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGLB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localiza e describe os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.<br>LGB1.8.3. Expresa e compara con compañeiras/os a súa opinión sobre unha obra de lectura.<br>LGB2.6.1. Detecta mensaxes que transmiten prexuízos e evita usos lingüísticos discriminatorios.<br>LGB2.6.2. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.<br>LGB2.6.3. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.<br>LGB2.6.4. Respecta as opinións dos demais.<br>LGB2.12.1. Produce, en formato papel ou dixital, escritos de distinta tipoloxía a partir dun modelo, fundamentalmente, narrativos e descritivos.<br>LGB2.12.2. Sintetiza e resume narracións e descricións sen parafrasear o texto resumido. | a) *Le expresiva e fluidamente textos literarios narrativos.<br>b) *Identifica e analiza os elementos da narración: tema, narrador, espazo, tempo, personaxes, estrutura, recursos…<br>c) *Comprende textos narrativos escritos e orais.<br>d) *Identifica as modalidades narrativas, descritivas e dialogadas dentro do xénero narrativo.<br>e)*Elabora textos destas modalidades.<br>f) Expresa unha opinión persoal razoada sobre obras literarias narrativas.<br>g) Escribe textos literarios narrativos breves. | Os contidos deste trisco poderán formar parte dos exames previstos, nos que se indicará a valoración que se lle outorga a cada pregunta.<br>Non se descarta a realización dunha proba específica para este trisco, con actividades do tipo das realizadas na aula.<br>Sería cualificada con positivo, negativo, visto ou NP.<br>No caso de pedir a elaboración dun texto literario, este nunca se valorará negativamente. |

## TRISCO 15. XÉNERO DRAMÁTICO (con contidos de 1º)

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B5.4. Ler dramatizada e comprensivamente, visionar pezas teatrais e recoñecer os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.
B1.8. Participar activamente en situación propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.
B2.6. Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura que permita identificar usos lingüísticos discriminatorios e manifestar posturas de acordo ou desacordo e respecto ás mensaxes expresadas.

**Obxectivos:** a, c, d, h, l **Competencias clave:** CCL, CSC, CAA **Temporalización:** 4/5 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B5.4. Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e recoñecemento dos compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.<br>B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.<br>B2.6. Actitude reflexiva e crítica ante a lectura para identificar usos lingüísticos discriminatorios, manifestar posturas de acordo e desacordo e expor razoadamente as ideas respectando as ideas dos demais. | -Lectura, escoita e análise de textos dramáticos: resumo, paráfrase, análise de recursos, subxénero (se é o caso)…<br>-Creación de textos dramáticos.<br>- Transformacion de textos narrativos en textos teatrais.<br>- Actividades de adquisición de vocabulario.<br>- Expresión de opinións sobre textos dramáticos. | Impartirase este trisco desde un enfoque práctico, primando o traballo cos textos. Os aspectos teóricos empregaranse, basicamente, para a súa aplicación na práctica. As actividades será realizadas sobre todo de xeito individual e a grande grupo, permitindo o intercambio de opinións, o debate… sobre distintos aspectos dos textos; propiciarase así a expresión da opinión persoal, a comparación con outros que poidan coñecer…Darase paso a recomendacións do alumnado sobre obras teatrais, |

| | | |
|---|---|---|
| | | autores…ou o que queiran achegar sobre o tema. |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGLB5.4.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e recoñece os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.<br>LGB1.8.3. Expresa e compara con compañeiras/os a súa opinión sobre unha obra de lectura.<br>LGB2.6.1. Detecta mensaxes que transmiten prexuízos e evita usos lingüísticos discriminatorios.<br>LGB2.6.2. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.<br>LGB2.6.3. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.<br>LGB2.6.4. Respecta as opinións dos demais. | a) *Le expresiva e fluidamente textos dramáticos.<br>b)* Identifica e analiza os principais elementos dos textos teatrais: diálogo, anotacións…<br>c) *Comprende o contido de obras teatrais lidas e/ou visualizadas.<br>d) Expresa unha opinión razoada sobre textos dramáticos.<br>e) Escribe textos teatrais sinxelos. | Os contidos deste trisco poderán formar parte dos exames previstos, nos que se indicará a valoración que se lle outorga a cada pregunta.<br>No caso de pedir a elaboración dun texto lit., este nunca se valorará negativamente. |

## 16. UNIDADE: CINE

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos medios de comunicación (crónicas, reportaxes e documentais) e elaborar esquemas e resumos.
B5.8. Describir e caracterizar os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica.

**Obxectivos:** d, e, h, l, n, ñ **Competencias clave:** CCL, CAA, CCEC **Temporalización:** 5/6 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual.<br>B5.8. Descrición e caracterización dos trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica | -Lectura e actividades de comprensión de textos xornalísticos, documentais... relacionados co cine galego.<br>-Visualización de curtametraxes a análise da linguaxe fílmica, así como resumo e, se é o caso, debate sobre o seu contido. | Procurarase que o alumnado adquira certo coñecemento do cine galego (festivais, directores/as, actores e actrices...) a través dos textos xornalísticos, documentais... En canto á linguaxe cinematográfica, as súas características básicas serán expostas pola docente por medio dunha presentación con numerosos exemplos, o que lles permitirá identificalas posteriormente en curtametraxes. |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais).<br>LGB1.1.2. Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos.<br>LGLB5.8.1. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica.<br>LGB5.8.2. Identifica e describe os principais trazos da linguaxe cinematográfica nunha ou varias secuencias fílmicas. | a) Identifica os tipos de planos e angulación cinematográficos.<br>b) Recoñece a función do son: música, silencio, ruídos…<br>c) Identifica as elipses narrativas temporais e espaciais.<br>d) *Comprende o contido dunha película, unha curtametraxe… e é capaz de resumilo oralmente e/ou por escrito.<br>e) Expresa unha opinión razoada sobre unha curtametraxe.<br>f)*Comprende textos cuxo contido está relacionado co cine galego. | Os contidos poderán formar parte dos exames previstos, nos que se indicár a valoración que se lle outorga a cada pregunta. Non se descarta a recollida dalgunha actividade: resumo e opinión sobre unha curtametraxe... |

## A SOCIOLINGÜÍSTICA A TRAVÉS DE TRABALLOS

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B1.2. Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos ámbitos social e educativo.
B1.3. Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.
B1.7. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas.
B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.
B2.5. Seleccionar a información que se obtén nas bibliotecas, nas TIC e outras fontes e integrar os coñecementos adquiridos no proceso de aprendizaxe continua.
B2.8. Usar procedementos de planificación e revisión para conseguir a adecuación, coherencia, cohesión e corrección dos contidos nas relacións internas e externas do texto.

B2.11. Producir, en formato papel ou dixital, textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos das materias curriculares.
B2.13. Usar as TIC para textualizar, revisar e mellorar os escritos: procesadores de texto, programas de presentación e dicionarios electrónicos.
B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo. Apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.
B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega no contorno.
B4.3. Coñecer as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo, adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.
B4.5. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.
B5.9. Servirse, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.

**Obxectivos:** a, b, c, d, e, f, g, h, l, ñ, o **Competencias clave:** CCL, CAA, CD, CSC, CSIE, CCEC **Temporalización:** 2

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos<br>B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado.<br>B1.7. Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade.<br>B1.9. Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais.<br>B2.5. Uso, progresivamente autónomo, das bibliotecas e das TIC para seleccionar información. | A elaboración dos traballos requerirá busca de información en distintos soportes, organización dos membros do grupo; selección e tratamento da información; redacción de borradores, corrección, preparación da exposición oral…<br>Realizaranse na 1ª e na 3ª avaliación e xirarán en torno a aspectos relacionados coa sociolingüística (ver estándares de aprendizaxe) e/ou con outros aspectos relacionados coa vida do centro (tema da biblioteca, autor/a a quen se lle dediquen as Letras Galegas, etc.) | Nos casos en que se precise, a docente ofrecerá material do que partir para comezar coa elaboración do traballo (mapas, algúns enderezos web…); guiará o alumnado no proceso, resolvendo dúbidas, corrixindo algún aspecto… e dará unhas instrucións claras tanto sobre a forma como sobre o contido do traballo.<br>Porén, obviamente, requírese traballo fóra da aula por parte |

| | | |
|---|---|---|
| B2.8. Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa (tema, fins e destinatarios) para elaborar producións con adecuación, coherencia, cohesión e corrección nas relacións internas e externas dos contidos do texto.<br>B2.11. Produción, en formato papel ou dixital, de textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos das materias curriculares.<br>B2.13. Uso das TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) tanto para a textualización, como para a revisión e mellora do escrito.<br>B4.3. A lusofonía.<br>B4.4. Situación sociolingüística do galego.<br>B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecemento do xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.<br>B4.7. Prexuízos lingüísticos.<br>B5.9. Aproveitamento, baixo guía, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes. | | do alumnado. |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os feitos e datos relevantes en textos orais do ámbito social e educativo.<br>LGB1.2.2. Comprende e segue as instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.<br>LGB1.3.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).<br>LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal.<br>LGB1.7.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.<br>LGB1.7.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente.<br>LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.<br>LGB1.9.2. Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.<br>LGB1.9.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal nas prácticas orais da lingua. | a)Identifica e anota os feitos relevantes da exposición oral dos compañeiros/as:<br>- Linguas que se falan en Galicia por mor da emigración e descrición básica dos países dos que son orixinarias.<br>- Comunidade lusófona e territorios que a integran.<br>- Relación de Galicia coa comunidade lusófona.<br>- Recursos en rede portugueses sobre literatura, música, xogos…<br>- Situación sociolingüística de Galicia e do seu entorno.<br>- Reflexión sobre as propias prácticas lingüísticas.<br>- Principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo.<br>- Prexuízos cara ó galego.<br>- Perfil do autor/a a quen se homenaxea nas Letras Galegas deste ano.<br>b) Respecta as instrucións para a exposición oral e para o traballo escrito.<br>c) Mostra unha actitude respectuosa perante as intervencións orais dos compañeiros e compañeiras: garda silencio, escoita…<br>b) Domina os aspectos prosódicos nas súas intervencións: ritmo, ton, volume, pronuncia…<br>c) Amosa unha postura corporal axeitada durante as súas exposicións orais.<br>d) Diríxese ó auditorio. | No apartado 4 desta programación indícanse os criterios de corrección aplicables a este instrumento. |

| | | |
|---|---|---|
| LGB1.9.4. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral.<br>LGB1.9.5. Recoñece a avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.<br>LGB2.5.1. Utiliza, de forma progresivamente autónoma, diversas fontes de información e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais e escritos.<br>LGB2.5.2. Coñece e utiliza habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital.<br>LGB2.5.3. Coñece o funcionamento das bibliotecas, así como as bibliotecas dixitais e é quen de solicitar libros e vídeos de xeito autónomo.<br>LGB2.8.1. Elabora esquemas sinxelos para ordenar as ideas e estruturar o texto.<br>LGB2.8.2. Adecúa as súas producións ao rexistro formal e educativo.<br>LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos de cohesión interna do texto (a deíxe, as referencias internas de tipo léxico e os conectores).<br>LGB2.8.4. Usa os signos de puntuación do texto en relación coa organización oracional e coa forma do texto (os parágrafos e a distribución e ordenación das ideas expresadas)<br>LGB2.8.5. Revisa e reescribe o texto con respecto polas regras ortográficas e morfolóxicas.<br>LGB2.8.6. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, | e) Emprega as TIC para facer máis claras e atractivas as súas exposicións orais.<br>f) Selecciona e incorpora ó seu traballo información obtida dos medios dixitais e noutros soportes.<br>g) Apóiase en guións previamente elaborados para expoñer oralmente.<br>h) Emprega un rexistro formal.<br>i) Intervén na rolda de preguntas e debates que se poidan xerar despois de cada exposición oral, respectando as regras de interacción.<br>l) No traballo exposto e na rolda de preguntas e/ou debate posterior, cínguese ó tema, sen divagacións.<br>m) Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.<br>n) Redacta o traballo coherentemente, sen erros ortográficos… e cunha presentación axeitada.<br>ñ) Inclúe elementos gráficos no seu traballo: gráficas, imaxes…, relacionados directamente co tema que trata.<br>o) Elabora, aplica e interpreta cuestionarios cando o contido do traballo así o esixe. | |

| | | |
|---|---|---|
| dicionarios electrónicos e correctores.<br>LGB2.8.7. Complementa as producións con elementos textuais e paratextuais: ilustracións e gráficos.<br>LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos das materias curriculares.<br>LGB2.13.1. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos, e correctores para textualizar e revisar e mellorar os escritos.<br>LGB4.1.4. Coñece as linguas que se falan na actualidade en Galicia por mor da emigración.<br>LGB4.1.5. Valora a importancia da relación de Galicia coa comunidade lusófona e coñece os territorios que a integran.<br>LGB4.1.6. Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) e educativos en lingua galega adaptados á súa idade e compáraos con outros similares da lusofonía.<br>LGB4.2.1. Describe a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contorno (concello e comarca), compáraa coa situación doutros contextos e analiza as diferenzas.<br>LGB4.3.1. Coñece as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo.<br>LGB4.3.2. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega. | | |

| | | |
|---|---|---|
| LGB4.5.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter estético e socioeconómico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.<br>LGLB5.9.1. Sérvese, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes. | | |

## PROXECTO: DIARIO DO CAMIÑO DE SANTIAGO (complemento da Unidade 6)

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B3.11. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.
B1.3. Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.
B2.2. Comprender e interpretar textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.
B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.
B2.11. Producir, en formato papel ou dixital, textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos das materias curriculares.

**Obxectivos:** a, b, c, d, e, h    **Competencias clave:** CCL, CAA, CSC, CD    **Temporalización:** 3 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B3.11. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.<br>B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado.<br>B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos aos intereses do alumnado: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.<br>B2.9. Produción, en formato papel ou dixital, de escritos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.<br>B2.11. Produción, en formato papel ou dixital, de textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos das materias curriculares. | O proxecto será realizado, no final do segundo trimestre, polo conxunto do grupo, aínda que haberá que repartir as funcións de cada membro.<br>Estará vinculado á unidade “O camiño de Santiago” e consistirá na elaboración, por parte do alumnado, dun diario ficticio do camiño (en forma de vídeo, de libro colectivo con fotos…), onde relatarán o seu suposto día a día, incorporando descricións dos monumentos do camiño, referencias á literatura, á xente, á gastronomía, á vestimenta…, isto é, a todos os elementos vistos no desenvolvemento da unidade.<br>Despois deberán realizar un informe sobre a súa participación no proxecto: que achegaron, como se tomaron as decisións… | Ó principio da unidade, a docente detallará en que consistirá o proxecto que deberán realizar ó final dela, para que o alumnado vaia tendo presentes os elementos dos que se poderá servir.<br>Unha vez rematada a unidade, repartiranse os roles que desempeñará cada alumno/a, o traballo ó que se compromete cadaquén e os momentos nos que deben presentar e ir poñendo en común.<br>Aínda que o proxecto require traballo fóra da aula, é conveniente que se dediquen varias sesións á súa realización na aula, para asegurarse de que cadaquén comprende a tarefa que debe realizar dentro do proxecto e para controlar a implicación de cada membro. |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGB3.11.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.<br>LGB1.3.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).<br>LGB2.2.1. Comprende e interpreta a información máis relevante de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.<br>LGB2.9.1. Produce textos propios da vida cotiá e das relacións persoais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.<br>LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos das materias curriculares. | a) Comunícase cos demais membros da aula con respecto, coherencia, corrección… sobre aspectos relacionados coa organización do proxecto.<br>b) Participa activamente na realización do proxecto facéndose responsable das tarefas que asume.<br>c) Elabora partes do diario en colaboración cos seus compañeiros/as, atendendo ás características propias deste tipo de textos.<br>d) Redacta un informe sobre a súa participación no proxecto. | Máis que avaliar o produto final, nos proxectos valorarase o proceso atendedo ó indicado no apartado 4 da programación. Ademais destas indicacións, no caso deste proxecto en concreto, terase en conta:<br>-Incorporación do léxico visto (comida, vestimenta).<br>-Incorporación de referencias ás linguas.<br>-Incorporación de descrición de lugares.<br>O alumnado, a través dun patrón proporcionado pola docente, realizará unha autoavaliación (da que formará parte un informe) e unha avaliación entre iguais. |

## 3.4. 3º ESO

## TRISCO 1. CORREOS ELECTRÓNICOS E REXISTROS LINGÜÍSTICO (con contidos de 2º)

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

B2.2. Comprender, interpretar e sintetizar textos da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil e normas e instrucións de uso.
B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos sinxelos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.
B1.2. Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e educativo, e seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe con progresiva autonomía.

B1.5. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
B1.8. Participar activamente en situación propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.
B1.10. Producir discursos breves e comprensibles, nun rexistro neutro, informal ou máis culto, sobre temas da vida cotiá ou educativa.
B2.2. Comprender e interpretar textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.
B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.
B4.6. Identificar e clasificar as variantes diafásicas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega e valorala como variante unificadora, así como apreciar a variante diatópica propia.

**Obxectivos:** a, b, c, d, e, h, l, ñ, o **Competencias clave:** CCL, CSC, CSIEE, CCEC, CAA, CD Temporalización: 6 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B1.2. Comprensión e interpretación de textos orais utilizados no ámbito social e educativo (instrucións, presentacións de tarefas e breves exposicións orais de temáticas variadas).<br>B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil, normas e instrucións de uso.<br>B2.9. Produción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.<br><br>B1.5. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e cunha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.<br>B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.<br>B1.10. Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativo.<br>B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos aos intereses do alumnado: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.<br>B2.9. Produción, en formato papel ou dixital, de escritos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros. | O paquete de actividades en liña "mensaxes @"(linguagalega.org) serviranos para traballar a comprensión dos distintos elementos que integran as mensaxes electrónicas (textos, elementos propios dos correos, abreviaturas…).<br>No referente ó rexistro, realizaranse actividades relativas a:<br>- Idenficación de características propias de cada rexistro/nivel en diversos textos e clasificación deles.<br>- Relación de situacións comunicativas e textos.<br>- Elaboración de textos en distintos niveis/rexistros.<br>- Participación en conversas simuladas e en debates.<br>- Identificación de termos pertencentes á xerga estudantil.<br>- Lectura e actividades de comprensión de textos formais e informais.<br>- Análise do contido e a estrutura propia destes textos.<br>- Relación de textos formais e informais con situacións comunicativas determinadas.<br>- Elaboración de escritos da mesma tipoloxía textual. | O traballo será sobre todo de carácter práctico, xa que irán adquirindo ou consolidando coñecementos a través das actividades, que serán realizadas a grande grupo, exceptuando a elaboración de textos escritos propios.<br><br><br>Seguirase unha metodoloxía de carácter indutivo, partindo de textos e situacións comunicativas, para que sexa o alumnado quen chegue a regras xerais (características de cada rexistro/nivel, de cada tipoloxía…). |

| | | |
|---|---|---|
| B4.8. Recoñecemento das variantes diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar, uso normalizado da variante dialectal propia da zona e utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal. | | |

| **Estándares de aprendizaxe** | **Concreción de estándares de aprendizaxe** | **Instrumentos de avaliación e criterios de corrección** |
|---|---|---|
| LGB2.2.1. Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónicas, normas e instrucións de uso.<br>LGB2.9.1. Produce textos propios das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.<br>LGB1.2.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.<br><br>LGB1.5.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia e prosodia correcta, recoñece os erros nas producións orais propias e alleas e propón solucións para melloralas.<br>LGB1.5.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia galega.<br>LGB1.5.3. Asume, se a posúe, a variante dialectal propia e utilízaa na súa práctica habitual. | a) Coñece e identifica os elementos comúns ás mensaxes transmitidas a través de correos electrónicos: CC, CCO, Asunto…<br>b) Interpreta o signifcado destas siglas, símbolos… e úsaos correctamente.<br>c) *Comprende o significado de textos sinxelos, como cartas persoais, enviados por esta canle.<br>d) *Redacta correos electrónicos persoais empregando o rexistro axeitado, as fórmulas de saúdo e despedida…<br>e) Envía correos electrónicos e ábreos cando os recibe.<br>f) Interpreta  mensaxes que incorporan as abreviaturas habituais na mensaxería instantánea.<br>g) *Redacta cartas persoais, sexa por medios | Estes contidos poderán formar parte dos exames, nos que se indicará a valoración de cada parte.<br>Poderase pedir tamén a elaboración dun texto escrito.<br>Os criterios de corrección serán os indicados no apartado 4 no referente a “entregas periódicas”. |

| | | |
|---|---|---|
| LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo con respecto ás regras de interacción e ás opinións alleas.<br>LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.<br>LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.<br>LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.<br>LGB1.10.3. Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa.<br>LGB1.10.4. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.<br>LGB2.2.1. Comprende e interpreta a información máis relevante de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.<br>LGB2.9.1. Produce textos propios da vida cotiá e das relacións persoais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.<br>LGB4.6.1. Identifica e clasifica as variantes diafásicas do galego.<br>LGB4.6.2. Analiza a súa práctica lingüística e identifica nela os trazos propios da xerga estudantil.<br>LGB4.6.3. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora. | tecnolóxicos ou en papel, co rexistro axeitado e empregando as fórmulas de encabezamento e despedida oportunas.<br>h) Diferencia entre nota e aviso: intención, ámbitos de uso e características lingüísticas.<br>i) *Comprende a información contida en notas e avisos.<br>l) *Redacta notas e avisos axeitados a cada situación.<br>m) Coñece as principais características dos textos instrutivos, tanto lingüísticas como tipográficas.<br>n) *Comprende o contido dos textos instrutivos orais e escritos e pode, polo tanto, seguir unhas instrucións.<br>ñ) Identifica e analiza os verbos característicos dos textos instrutivos: imperativos, infinitivos, formas non impersoais…<br>o) *Produce textos instrutivos atendendo ás súas características básicas.<br><br>a) Coñece as características básicas do rexisto/nivel formal e culto, as do rexistro neutro ou estándar, as do rexistro informal e as do nivel vulgar.<br>b)*Distingue textos segundo o rexistro/nivel empregado.<br>c) *Emprega nas súas mensaxes, tanto orais como escritas, o rexistro/nivel axeitado, e asume a súa variante dialectal na práctica habitual. | |

| | | |
|---|---|---|
| LGB4.6.4. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona. | d) *Participa en conversas informais (simuladas) sobre diversos temas: expresar unha opinión, facer unha invitación, pedir indicacións, dar instrucións, solicitar unha información… usando o rexistro, pronuncia e prosodia axeitados.<br>e) Participa en debates sobre temas acordados, respectando as regras de interacción, as opinións alleas, cinguíndose ó tema... e cunha lingua axeitada.<br>f)*Pode expresarse oralmente e por escrito usando correctamente as fórmulas de tratamento de cortesía, así como, no contexto axeitado, termos da xerga estudantil.<br>g)*Comprende e produce (atendendo tamén á súa estrutura) textos de tipoloxía variada nos que se usa habitualmente un rexistro neutro ou coloquial: diario, carta persoal, aviso, invitación, participación en foros...<br>h)*Comprende e produce (atendendo tamén á súa estrutura) textos de tipoloxía variada nos que se usa un rexistro formal: convite, carta…, solicitude, participación en foros. | |

## TRISCO 2. TEXTOS PRESCRITIVOS: REGULAMENTOS

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**

B2.2. Comprender e interpretar textos da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos.
B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e intervencións en foros.

| Obxect. | Contidos | Actividades | Metodoloxía | Temp. |
|---|---|---|---|---|
| b, d, e, h | B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos. | Analizaranse textos pertencentes a esta tipoloxía e solicitarase a creación de textos similares. | Partirase dos textos, dos que se irán extraendo as características básicas, isto é, a actividade práctica levaranos ós contidos teóricos. | 3 sesións |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Comp. clave | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|---|
| LGB2.2.1. Comprende e interpreta textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos.<br>LGB2.2.2. Identifica os trazos característicos dun escrito (tipografía, distribución de espazos e escollas léxicas) coa tipoloxía textual (convocatoria, actas de reunión e regulamentos). | a) Distingue os regulamentos doutro tipo de textos.<br>b) *Identifica as características esenciais dos regulamentos.<br>c) *Coñece as situación comunicativas en que poden empregarse.<br>d)* Comprende o significado de textos deste tipo.<br>e) *Elabora textos similares cunha forma, contido e rexistro axeitados. | CCL, CSC, CD | Ademais da posibilidade de que formen parte dos exames previstos, poderán recollerse actividades de redacción deste tipo de textos, que sería valorada segundo o especificado no apartado 4 desta programación. |

## TRISCO 3. INTRODUCIÓN Á LITERATURA. CONCEPTOS BÁSICOS (criterios de av., obxectivos, contidos… referidos ó currículo de 2º[3])

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B5.5. Comparar textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.
B5.6. Analizar textos literarios, de maneira guiada, identificar os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.
B5.7. Escribir textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.

**Obxectivos:** h, l, n **Competencias clave:** CCL, CCEC **Temporalización:** 3 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B5.5. Comparación de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.<br>B5.6. Análise de textos literarios, de maneira guiada, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.<br>B5.7. Produción de textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. | -Lectura de textos literarios dos distintos xéneros e subxéneros e análise do seu contido: resumos, paráfrases…<br>-Identificación das características que definen cada xénero e cada subxénero.<br>-Identificación e análise dos recursos retóricos nos diferentes textos.<br>- Transformación de textos: do xénero lírico ó narrativo, do narrativo ó dramático… | Impartirase este trisco desde un enfoque práctico, primando o traballo cos textos. Os aspectos teóricos empregaranse, basicamente, para a súa aplicación na práctica. As actividades será realizadas sobre todo de xeito individual e a grande grupo. |

[3] Unidade dividida en varias partes (en 2º corresponde a distintos "triscos").

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGLB5.5.1. Compara textos pertencentes aos diferentes xéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.<br>LGLB5.5.2. Compara textos pertencentes ao mesmo xénero pero a diferentes subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.<br>LGB.5.6.1. Analiza textos literarios, de maneira guiada, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.<br>LGLB5.7.1. Escribe textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula | a)*Diferencia textos dos grandes xéneros literarios: lírico, narrativo, dramático, didáctico.<br>b)*Identifica as características principais de cada xénero literario.<br>c)*Diferencia os principais subxéneros da lírica.<br>d) Establece comparacións entre os distintos subxéneros líricos.<br>e) *Diferencia os principais subxéneros narrativos.<br>f) Establece comparacións entre os distintos subxéneros narrativos.<br>g)*Diferencia os principais subxéneros teatrais.<br>h) Establece comparacións entre os distintos subxéneros dramáticos.<br>i) *Identifica e clasifica os recursos retóricos en textos literarios.<br>l) Analiza a funcionalidade dos recursos retóricos en textos literarios.<br>m)*Comprende o contido dos textos literarios e podo resumilos, parafrasealos…<br>n) Escribe ou transforma textos con intención estética. | Os contidos deste trisco poderán formar parte dos exames previstos, nos que se indicará a valoración que se lle outorga a cada pregunta. |

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

B5.2. Ler expresiva e comprensivamente e facer audicións de poemas recitados ou cantados, determinar o tema principal, a estrutura xeral e pór de relevo os principais recursos estilísticos.
B1.8. Participar activamente en situación propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.
B2.6. Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura que permita identificar usos lingüísticos discriminatorios e manifestar posturas de acordo ou desacordo e respecto ás mensaxes expresadas.

**Obxectivos:** a, c, d, h, l **Competencias clave:** CCL, CSC, CAA **Temporalización:** 3/4 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B5.2. Lectura expresiva e comprensiva e audición de poemas recitados ou cantados; determinación do tema principal, a estrutura xeral e os principais recursos estilísticos.<br>B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.<br>B2.6. Actitude reflexiva e crítica ante a lectura para identificar usos lingüísticos discriminatorios, manifestar posturas de acordo e desacordo e expor razoadamente as ideas respectando as ideas dos demais. | -Lectura, escoita e análise de textos líricos: resumo, paráfrase, análise de recursos, subxénero (se é o caso)…<br>-Creación de textos líricos<br>- Actividades de adquisición de novo vocabulario<br>- Expresión de opinións (orais e/ou escritas) sobre textos poéticos. | Impartirase este trisco desde un enfoque práctico, primando o traballo cos textos. Os aspectos teóricos empregaranse, basicamente, para a súa aplicación na práctica. As actividades serán realizadas sobre todo de xeito individual e a grande grupo, propiciando o intercambio de opinión sobre os textos, as recomendacións do alumnado sobre outros poemas, versións musicadas… |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGLB5.2.1. Le expresiva e comprensivamente e fai audicións de poemas recitados ou cantados, determina o tema principal, a estrutura xeral e pon de relevo os principais recursos estilísticos.<br>LGB1.8.3. Expresa e compara con compañeiras/os a súa opinión sobre unha obra de lectura.<br>LGB2.6.1. Detecta mensaxes que transmiten prexuízos e evita usos lingüísticos discriminatorios.<br>LGB2.6.2. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.<br>LGB2.6.3. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.<br>LGB2.6.4. Respecta as opinións dos demais. | a) *Le expresiva e fluidamente textos líricos.<br>b) *Comprende o sentido xeral de textos líricos lidos e/ou escoitados.<br>c) *Identifica e analiza os elementos principais de textos líricos: tema, voz poética, estrutura, recursos estilísticos…<br>d) Establece comparacións entre diferentes textos líricos.<br>e) Expresa opinións persoais razoadas sobre textos poéticos.<br>f) Escribe textos líricos de intención estética. | Os contidos deste trisco poderán formar parte dos exames previstos, nos que se indicará a valoración que se lle outorga a cada pregunta.<br>Non se descarta a realización dunha proba específica deste trisco, que constaría dun texto lírico e actividades de comprensión similares ás realizadas na aula. Sería cualificada con positivo, negativo, visto ou NP.<br>No caso de pedir a elaboración dun texto literario, este nunca se valorará negativamente |

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B5.3. Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localizando e describindo os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.
B1.8. Participar activamente en situación propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.
B2.6. Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura que permita identificar usos lingüísticos discriminatorios e manifestar posturas de acordo ou desacordo e respecto ás mensaxes expresadas.

B2.12. Producir e sintetizar, en formato papel ou dixital, textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narracións e descricións.

**Obxectivos:** a, b, c, d, e, h, l **Competencias clave:** CCL, CD, CSC, CAA **Temporalización:** 3/4 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B5.3. Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e localización e descrición dos elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.<br>B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.<br>B2.6. Actitude reflexiva e crítica ante a lectura para identificar usos lingüísticos discriminatorios, manifestar posturas de acordo e desacordo e expor razoadamente as ideas respectando as ideas dos demais.<br>B2.12. Produción e síntese, en formato papel ou dixital, de textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narrativos e descritivos. | -Lectura, escoita e análise de textos narrativos: resumo, paráfrase, análise de recursos, subxénero (se é o caso)…<br>- Identificación das modalidades narrativas, descritivas e dialogadas dentro do xénero narrativo.<br>-Creación de textos narrativos, modalidade narrativa, descritiva, dialogada<br>- Ampliación de textos narrativos con descricións, diálogos....<br>- Actividades de adquisición de novo vocabulario<br>- Opinión argumentada sobre obras literarias narrativas. | Impartirase este trisco desde un enfoque práctico, primando o traballo cos textos. Os aspectos teóricos empregaranse, basicamente, para a súa aplicación na práctica. As actividades será realizadas sobre todo de xeito individual e a grande grupo. Propiciarase a expresión da opinión persoal, a comparación con outros que poidan coñecer…Darase paso a recomendacións do alumnado sobre contos, novelas, autores…ou o que desexen achegar sobre o tema. |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGLB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localiza e describe os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.<br>LGB1.8.3. Expresa e compara con compañeiras/os a súa opinión sobre unha obra de lectura.<br>LGB2.6.1. Detecta mensaxes que transmiten prexuízos e evita usos lingüísticos discriminatorios.<br>LGB2.6.2. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.<br>LGB2.6.3. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.<br>LGB2.6.4. Respecta as opinións dos demais.<br>LGB2.12.1. Produce, en formato papel ou dixital, escritos de distinta tipoloxía a partir dun modelo, fundamentalmente, narrativos e descritivos.<br>LGB2.12.2. Sintetiza e resume narracións e descricións sen parafrasear o texto resumido. | a) *Le expresiva e fluidamente textos literarios narrativos.<br>b) *Identifica e analiza os elementos da narración: tema, narrador, espazo, tempo, personaxes, estrutura, recursos…<br>c) *Comprende textos narrativos escritos e orais.<br>d) *Identifica as modalidades narrativas, descritivas e dialogadas dentro do xénero narrativo.<br>e)*Elabora textos destas modalidades.<br>f) Expresa unha opinión persoal razoada sobre obras literarias narrativas.<br>g) Escribe textos literarios narrativos breves. | Os contidos deste trisco poderán formar parte dos exames previstos, nos que se indicará a valoración que se lle outorga a cada pregunta.<br>Non se descarta a realización dunha proba específica para este trisco, con actividades do tipo das realizadas na aula.<br>Sería cualificada con positivo, negativo, visto ou NP.<br>No caso de pedir a elaboración dun texto literario, este nunca se valorará negativamente. |

**<u>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</u>**

B5.4. Ler dramatizada e comprensivamente, visionar pezas teatrais e recoñecer os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.
B1.8. Participar activamente en situación propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.
B2.6. Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura que permita identificar usos lingüísticos discriminatorios e manifestar posturas de acordo ou desacordo e respecto ás mensaxes expresadas.

**Obxectivos:** a, c, d, h, l **Competencias clave:** CCL, CSC, CAA **Temporalización:** 3/4 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B5.4. Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e recoñecemento dos compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.<br>B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.<br>B2.6. Actitude reflexiva e crítica ante a lectura para identificar usos lingüísticos discriminatorios, manifestar posturas de acordo e desacordo e expor razoadamente as ideas respectando as ideas dos demais. | -Lectura, escoita e análise de textos dramáticos: resumo, paráfrase, análise de recursos, subxénero (se é o caso)…<br>-Creación de textos dramáticos.<br>- Transformacion de textos narrativos en textos teatrais.<br>- Actividades de adquisición de vocabulario.<br>- Expresión de opinións sobre textos dramáticos. | Impartirase este trisco desde un enfoque práctico, primando o traballo cos textos. Os aspectos teóricos empregaranse, basicamente, para a súa aplicación na práctica. As actividades será realizadas sobre todo de xeito individual e a grande grupo, permitindo o intercambio de opinións, o debate… sobre distintos aspectos dos textos; propiciarase así a expresión da opinión persoal, a comparación con outros que poidan coñecer…Darase paso a recomendacións do alumnado sobre obras teatrais, autores…ou o que queiran achegar sobre o tema. |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGLB5.4.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e recoñece os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.<br>LGB1.8.3. Expresa e compara con compañeiras/os a súa opinión sobre unha obra de lectura.<br>LGB2.6.1. Detecta mensaxes que transmiten prexuízos e evita usos lingüísticos discriminatorios.<br>LGB2.6.2. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.<br>LGB2.6.3. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.<br>LGB2.6.4. Respecta as opinións dos demais. | a) *Le expresiva e fluidamente textos dramáticos.<br>b)* Identifica e analiza os principais elementos dos textos teatrais: diálogo, anotacións…<br>c) *Comprende o contido de obras teatrais lidas e/ou visualizadas.<br>d) Expresa unha opinión razoada sobre textos dramáticos.<br>e) Escribe textos teatrais sinxelos. | Os contidos deste trisco poderán formar parte dos exames previstos, nos que se indicará a valoración que se lle outorga a cada pregunta.<br>No caso de pedir a elaboración dun texto lit., este nunca se valorará negativamente. |

## TRISCO 4. SOCIOLINGÜÍSTICA: A DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA E A SITUACIÓN DO GALEGO

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**

B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a importancia da lusofonía e incorporar ferramentas en rede desta comunidade cultural.
B4.3. Coñecer as principais iniciativas normalizadoras, adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.
B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega.

| Obxect. | Contidos | Actividades | Metodoloxía | Temp. |
|---|---|---|---|---|
| ñ, o | B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.<br>B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega, afirmando o pluriling.<br>B4.3. A lusofonía.<br>B4.4. Situación sociolca. do galego, observación da situación sociolca. en canto a usos e actitudes no contorno máis próximo (aula e barrio), con aproximación ós prexuízos lcos. máis evidentes.<br>B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvem. de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecemento do xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega. | O alumnado, distribuído en grupos, realizará un traballo sobre os contidos deste “trisco”, que deberán entregar por escrito e expoñer oralmente. | O alumnado desenvolverá o traballo proposto, para o que se lles proporcionará un guión e algunhas páxinas de consulta, ademais de axudarlles a distribuír o traballo entre os membros do grupo e ofrecerlles as aclaracións que precisen. Aínda que se procurará que o realicen o máis autonomamente posible. | 5/6 sesións, incluíndo exposición oral. |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Comp. clave | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|---|
| LGB4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo e amósase capaz de explicar a súa postura.<br>LGB4.1.2. Distingue entre bilingüismo e diglosia e aplica estes termos de forma axeitada á realidade galega.<br>LGB4.1.3. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e amósase capaz de explicar a súa postura.<br>LGB4.1.4. Coñece as linguas que forman parte da nosa familia lingüística.<br>LGB4.1.5. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e a importancia desta na vida social e económica galega.<br>LGB4.1.6. Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da rede en lingua portuguesa (buscadores e enciclopedias).<br>LGB4.2.1. Describe e analiza a situación socio-lingüística de | a) *Comprende o concepto de "plurilingüismo" e as implicacións que del se derivan en canto a número de linguas existentes no mundo, a riqueza cultura que supón…<br>b) Explica razoadamente a súa opinión sobre a importancia das linguas como sinal de identidade dos pobos.<br>c) *Comprende os conceptos de "bilingüismo" e "diglosia" e aplícaos á situación sociolingüística de Galicia.<br>d) *Comprende o concepto de "familia lingüística" e sitúa o galego na familia correspondente xunto a outras linguas irmás.<br>e) *Coñece en que territorios se fala portugués, o seu número aproximado de falantes…<br>f) Coñece sitios web en lingua portuguesa como enciclopedias, páxinas de actualidade, de educación…<br>g) Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia.<br>h) *Interpreta gráficos relativos á situación sociolingüística de Galicia, en particular os que recollen datos que teñen en conta a idade das persoas.<br>i) *Comprende o concepto de normalización.<br>l) Describe e analiza iniciativas normalizadoras recentes, como as organizadas pola Mesa pola Normalización Lingüística, polos Equipos de Dinamización da Lingua Galega ou por calquera outro organismo, asociación…<br>m) Analiza e reflexiona sobre a súa propia práctica lingüística e a do seu entorno. | CCL,<br>CSC,<br>CD | Os contidos expostos provenientes dos seus traballos (que lle serán facilitados a todo o grupo a través do blog ou calquera outro medio) poderán ser materia de exame.<br>Ademais, valorarase o traballo escrito de cada grupo e a exposición oral individual, segundo o especificado no apartado 4 da programación. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Galicia.<br>LGB4.2.2. Analiza gráficas sobre o uso do galego segundo a idade das persoas.<br>LGB4.3.3. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega. | | | |

## TRISCO 5. TEXTOS EXPOSITIVOS

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**
B1.3. Comprender, interpretar e valorar textos orais expositivos e argumentativos.
B2.4. Comprender e interpretar textos de carácter educativo, especialmente os expositivos e explicativos: enciclopedias, webs educativas e outros materiais de consulta.
B2.5. Identificar o tema, os subtemas e a estrutura comunicativa dos textos expositivos e explicativos.
B2.7. Manifestar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto, para detectar prexuízos e discriminacións.
B3.9. Recoñecer en textos de diversa natureza e usar nas producións propias os diferentes conectores textuais e os principais mecanismos de cohesión.
B3.10. Sintetizar o contido e identificar a estrutura de textos. Elaborar producións propias segundo estes parámetros.
B3.11. Comprender o sentido global e a intención comunicativa de textos orais e escritos.

| Obxect. | Contidos | Actividades | Metodoloxía | Temp. |
|---|---|---|---|---|
| a, b, c, d, e, h | B1.3. Comprensión, interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos.<br>B2.4. Comprensión e interpretación dos textos propios do ámbito educativo, especialmente os expositivos e explicativos (enciclopedias, webs educativas e outros materiais de consulta).<br>B2.5. Identificación do tema e dos subtemas, a estrutura comunicativa das mensaxes e a intención do emisor dos textos expositivos e explicativos.<br>B3.9. Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os presentativos, secuenciadores, de adición, e mais dos mecanismos de cohesión textual como a referencia interna de tipo léxico.<br>B3.10. Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en textos alleos e propios. Elaboración de textos tendendo a estes valores.<br>B3.11. Recoñecemento e delimitación na intención comunicativa expresada.<br>B2.7. Actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto, para detectar prexuízos e discriminacións. | Traballarase con varios textos expositivos (orais e escritos) a través de actividades "en liña" e en papel.<br>O alumando deberá tamén elaborar, ó final do "trisco" un texto expositivo que amplíe a información dun xa traballado e que atenda ás características vistas neste tipo de textos e/ou un comentario guiado. | As actividades irán encamiñadas á análise, comprensión… de textos expositivos, así como á súa elaboración. A teoría será o apoio necesario para estas actividades prácticas. | 6 / 7 sesións |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Comp. clave | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|---|
| LGB1.3.1. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto oral expositivo ou argumentativo, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.<br>LGB1.3.2. Recoñece a intención comunicativa dos textos.<br>LGB1.3.3. Diferencia as explicacións dos argu-mentos.<br>LGB2.4.1. Comprende e interpreta textos propios do ámbito educativo, especialmente os expositivos e explicativos elaborados a partir da información obtida nas bibliotecas.<br>LGB2.4.2. Consulta fontes xerais (enciclopedias) e especializadas (monográficos e webs temáticas) para ampliar a información e mellorar o coñecemento da mensaxe.<br>LGB2.4.3. Interpreta, deduce e explica a información que aparece en diagramas, gráficas e mapas conceptuais.<br>LGB2.5.1. Interpreta o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas de textos | a) *Idenfica as ideas principais e secundarias de calquera tipo de textos expositivos (ou argumentativos) de carácter oral e escrito.<br>b) Recoñece a intención comunicativa dos textos expositivos orais e escritos: informativa, persuasiva…<br>c) Diferencia os elementos expositivos dos argumentativos.<br>d) *Comprende o significado xeral dos textos expositivos.<br>e) *Resume e/ou esquematiza textos expositivos, seleccionando a información relevante.<br>f) Amplía información sobre a mensaxe ofrecida por textos expositivos, buscando e seleccionando os datos proporcionados por distintas fontes (dicionario, enciclopedias, webs temáticas…).<br>g) Interpreta a información contida nos elementos gráficos que poidan acompañar un texto expositivo: mapas, gráficos, imaxes…<br>h) Analiza a estrutura dos textos expositivos, atendendo a distintos criterios:<br>- distribución da información: dedutivo, indutivo, mixto<br>- tipo de contido ou procedementos empregados no desenvolvemento: causa/efecto; problema/solución; estrutura enumerativa; estrutura descritiva; estrutura cronolóxica; estrutura paralelística…<br>i) *Identifica os procedementos de análise e desenvolvemento de datos: enumeración, exemplificación, clasificación, comparación, cita de autoridade, definición…<br>l) Identifica os trazos lingüísticos característicos dos textos | CCL,<br>CAA,<br>CD,<br>CLC,<br>CSC | O tipo de actividades realizadas poderán ser avaliadas nos exames.<br>No caso de formar parte do exame, estará indicada expresamente a valoración outorgada a cada parte.<br>O texto expositivo entregado e/ou o comentario será valorado de acordo cos criterios indicados no apartado 4 desta programación. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| expositivos e explicativos.<br>LGB2.5.2. Identifica a estrutura comunicativa das mensaxes escritas e a intención do emisor.<br>LGB3.9.1. Identifica, explica e usa distintos conectores, así como outros mecanismos que lle achegan cohesión a un texto.<br>LGB3.10.1. Determina o tema, delimita a estrutura e identifica a progresión temática en producións propias e alleas. Elabora textos nos que ten en conta os parámetros anteriores.<br>LGB3.11.1. Interpreta o sentido de textos orais e escritos, identifica a intención comunicativa e recoñece a postura de cada emisor.<br>LGB2.7.1. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.<br>LGB2.7.2. Recoñece e evita usos lingüísticos que transmiten prexuízos ou mensaxes discriminatorias. | expositivos: oracións enunciativas, uso da P1 e P3, estruturas atributivas, presente intemporal, adxectivación especificativa, oracións impersoais ou pasivas reflexas, vocabulario denotativo, emprego de tecnicismos…<br>m) Coñece e diferencia os tipos de textos expositivos orais (conferencia, discurso) e escritos (divulgativos, especializados)<br>n) Identifica e clasifica os conectores dos textos expositivos, especialmente os presentativos, secuenciadores e de adición.<br>ñ) Identifica e clasifica outros mecanismos de cohesión textual, en especial a substitución por expresións sinónimas, por hiperónimos…<br>o) *Elabora textos expositivos atendendo ás características antes sinaladas (estrutura, características lingüísticas, procedementos, elementos de cohesión…), así como á presentación e ás normas ortográficas.<br>p) *Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.<br>q) Identifica usos lingüísticos que poden resultar discriminatorios e procura unha alternativa. | | |

## TRISCO 6. CATEGORÍAS GRAMATICAIS: IDENTIFICACIÓN E CLASIFICACIÓN. AFONDAMENTO NAS CONTRACCIÓNS, DEMOSTRATIVOS E POSESIVOS.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**
B3.2. Aplicar os coñecementos sobre as distintas categorías gramaticais na elaboración de textos escritos e orais.

| Obxect. | Contidos | Actividades | Metodoloxía | Temp. |
|---|---|---|---|---|
| b, e, l | B3.2. Recoñecemento e identificación das categorías gramaticais. | As actividades serán realizadas en papel e "en liña" e irán encamiñadas á identificación e clasificación de clases de palabras. Realizaranse máis actividades naquelas que presenten maior dificultade. Traballarase con textos breves de diferente tipoloxía para analizar o predominio (ou non) de determinadas categorías gramaticais.<br>-Recoñecemento e clasificación de categorías gramaticais.<br>-Identificación dos seus valores.<br>-Elaboración de enunciados con determinados valores dos demostrativos e posesivos.<br>-Elaboración de enunciados con determinadas contraccións.<br>-Identificación da súa función deíctica… | Partirase do coñecemento previo do alumnado, que xa será capar de identificar e clasificar as categorías gramaticais. Farase fincapé naquelas que presenten maiores problemas. | 4 sesións |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Comp. clave | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|---|
| LGB3.2.1. Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros cun correcto uso das distintas categorías gramaticais.<br>LGB3.2.2. Identifica e explica os usos e valores das categorías gramaticais relacionándoas coa intención comunicativa e a tipoloxía textual. | a)*Identificación e clasificación de tódalas categorías gramaticias.<br>b) *Diferenciación da categoría gramatical dunha mesma forma dependendo do contexto: a (preposición, artigo, pronome)…<br>c) *Identificación dos elementos que forman as diferentes contraccións.<br>d)*Uso das formas correctas.<br>e) Recoñecemento do predominio (ou abundancia) dunha ou doutra categoría en función do tipo de texto:<br>- substantivos e adxectivos nos textos descritivos<br>- verbos nos textos narrativos<br>- pronomes persoais e outras formas deícticas nos diálogos…<br>f)*Identifica artigos, demostrativos, posesivos e pronomes persoais.<br>g) *Distingue artigos determinados e indeterminados.<br>h) *Comprende os valores que poden adquirir, en determinados contextos, os demostrativos e os posesivos.<br>i)* Distingue pronomes persoais tónicos e átonos.<br>l) *Identifica as contraccións das que poden formar parte os artigos, demostrativos e pronomes persoais.<br>m) *Emprega as formas destas categorías gramaticais correctamente, así como as contraccións das que forman parte.<br>n) *Emprega estes tipos de palabras coherentemente, atendendo tanto ó significado (valores) como á concordancia.<br>ñ) Recoñece e explica nos textos as referencias deícticas | CCL, CAA | Os contidos do trisco poden ser materia do exame correspondente, no que non se esixirá, polo momento, a subclasificación (tipos de adverbios, de cuantificadores…). Non se descarta unha proba específica sobre este tipo de contidos, que sería avaliada con positivo, negativo ou visto. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | persoais: substitución por demostrativo, por posesivo e/ou por pronome.<br>o) Comprende a necesidade destas referencias deícticas para evitar repeticións léxicas.<br>p) *Emprega axeitadamente estas referencias como elemento de cohesión. | | |

# TRISCO 7. ESQUEMAS E RESUMOS

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

B2.1. Aplicar técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.
B2.4. Comprensión e interpretación dos textos propios do ámbito educativo, especialmente os expositivos e explicativos (enciclopedias, webs educativas e outros materiais de consulta).
B3.10. Sintetizar o contido e identificar a estrutura de textos. Elaborar producións propias segundo estes parámetros.
B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico temático e da fraseoloxía.

| Obxect. | Contidos | Actividades | Metodoloxía | Temp. |
|---|---|---|---|---|
| b, e, f, h, l | B2.1. Uso de técnicas de análise do contido e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.<br>B2.4. Comprensión e interpretación dos textos propios do ámbito educativo, especialmente os expositivos e explicativos (enciclopedias, webs educativas e outros materiais de consulta).<br>B3.10. Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e | Traballarase fundamentalmente con textos expositivos, dos que extraerán tema, ideas secundarias, elaborarán os esquemas pertinentes, resumos, ampliarán información…<br>Realizarase tamén o proceso inverso, isto é, a partir de esquemas dados, o alumnado | A carga teórica será moi reducida, xa que se traballará, de xeito práctico, con diversos textos. Ademais de esquemas, ideas principais, resumos…., aproveitarase para repasar as clases de palabras vistas e os conectores, así como para ampliar o vocabulario. | 5 / 6 sesións |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | progresión temáticas en textos alleos e propios.<br>Elaboración de textos tendendo a estes valores.<br>B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico amplo e preciso, con incorporación de fra seoloxía e de vocabulario temático. | deberá elaborar o texto correspondente. | | |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Comp. clave | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|---|
| LGB2.1.1. Usa técnicas de síntese do contido dos textos: subliñados, esquemas e resumos.<br>LGB2.1.2. Usa técnicas de ampliación e organización da información: táboas, cadros, gráficos e mapas conceptuais.<br>LGB2.1.3. Busca e asimila o significado de palabras do rexistro formal e incorpóraas progresivamente ao seu vocabulario.<br>LGB2.1.4. Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto.<br>LGB2.4.1. Comprende e interpreta textos propios do ámbito educativo, especialmente os expositivos e explicativos elaborados a partir da información obtida nas bibliotecas.<br>LGB2.4.2. Consulta fontes xerais (enciclopedias) e especializadas | a) *Localiza as ideas principais e secundarias nos textos.<br>b) Escolle esquemas do tipo axeitado ó contido expresado nos textos: de comparación, xerárquicos, secuenciados.<br>c) *Elabora resumos e esquemas de distinto tipo recollendo, na orde adecuada, unicamente a información principal.<br>d) *Redacta textos, partindo de esquemas dados, ampliando a información.<br>e) Amplía información sobre a mensaxe ofrecida por textos expositivos, buscando e seleccionando os datos proporcionados por distintas fontes (dicionario, enciclopedias, webs temáticas…).<br>f) Adquire novo vocabulario vencellado á temática tratada nos textos traballados na aula, en concreto, dos campos semánticos das aves, insectos, clima, flores, transportes por estrada. | CCL, CAA | A materia pertencente a este “trisco” poderá ser avaliada a través dos exames previstos para o trimestre, nos que se indicará a valoración correspondente a cada parte; en calquera caso, no que atinxe á elaboración de esquemas, unha valoración positiva supón que:<br>-se seleccionan as ideas esenciais e non se enche o esquema de información irrelavante<br>-se organizan axeitadamente as ideas, atendendo á xerarquía, secuenciación… |

| | | | |
|---|---|---|---|
| (monográficos e webs temáticas) para ampliar a información e mellorar o coñecemento da mensaxe.<br>LGB3.10.1. Determina o tema, delimita a estrutura e identifica a progresión temática en producións propias e alleas. Elabora textos nos que ten en conta os parámetros anteriores.<br>LGB3.1.1. Selecciona o léxico e as expresións axeitadas en contextos comunicativos de uso formal da lingua. | | | |

## TRISCO 8. A LINGUA E A LITERATURA GALEGAS NA IDADE MEDIA

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN[4]:**

B4.4. Recoñecer os principias elementos na orixe e formación da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua desde os seus inicios ata 1916.
B5.1. Identificar e comprender as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.
B5.2. Seleccionar, ler autonomamente e comentar textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e relacionar o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.
B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.

[4] Estes criterios traballaranse aquí parcialmente, xa que só se tratará o relativo á historia da lingua e da literatura na Idade Media; o resto das etapas serán obxecto de estudo de "triscos" posteriores.

B5.6. Crear ou recrear textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.

| **Obxect.** | **Contidos** | **Actividades** | **Metodoloxía** | **Temp.** |
|---|---|---|---|---|
| h, l, ñ, o | B4.6. A orixe e formación da lingua galega. Etapas da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916, e análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.<br>B5.1. Identificación e comprensión das distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.<br>B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.<br>B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.<br>B5.6. Creación ou recreación de textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos. | a) Actividades sobre palabras patrimonias, cultismos e semicultismos, así como sobre latinismos (ampliación de vocabulario de rexistro culto).<br>b) Lectura, comprensión, comparación, comentario… de cantigas medievais. | Nesta ocasión, presentaranse, en primeiro lugar, os contidos teóricos ó tempo que se irán analizando os gráficos que conteñen.<br>Logo, comezarase coas actividades prácticas descritas anteriormente. | 10 / 11 sesións |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Comp. clave | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|---|
| LGB4.4.1. Recoñece os principias elementos na orixe e formación da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.<br>LGB4.4.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.<br>LGB4.4.3. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.<br>LGB4.4.4. Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.<br>LGB4.4.5. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.<br>LGLB5.1.1. Identifica as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.<br>LGLB5.1.2. Comprende e explica | a) *Recoñece os principais elementos na orixe e formación da lingua galega: substrato, estrato, superestrato.<br>b) *Coñece o significado de conceptos clave na orixe da lingua, tales como romanización e latinización.<br>c) Comprende os conceptos de palabra patrimonial, semicultismo e cultismo.<br>d) *Identifica termos patrimoniais, semicultismos e cultismos.<br>e) Adquire novo vocabulario do rexistro culto a través das actividades con latinismos, cultismos…<br>f) Comprende procesos básicos da evolución do latín ó galego.<br>g) *Coñece as características xerais da literatura galego-portuguesa medieval: época, lugar, axentes, cancioneiros, orixe, xéneros…<br>h)* Identifica os principais elementos de cada xénero maior: cantiga de amigo, de amor e de escarnio e maldicir.<br>i) Compara cantigas de diferente xénero, indicando semellanzas e diferenzas (cantigas de amor vs. CSM…).<br>l) *Comprende o significado xeral das cantigas.<br>m) Establece relacións entre o contido das cantigas e o contexto social (cantiga de amor vs. feudalismo…)<br>n) *Elabora comentarios sinxelos de cantigas, atendendo ó xénero ó que pertencen, ó contido e á forma.<br>ñ) Crea ou recrea textos literarios sinxelos a partir dos traballados na aula. | CCL, CSC, CD, CCEC | A materia deste “trisco” poderá ser obxecto de exame; aínda que, dada a súa extensión, non se esixirá un comentario completo nunha proba deste tipo, senón que o comentario será recollido pola profesora na data que se indique.<br>No exame, indicarase a valoración que se lle outorga a cada parte. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| razoadamente as distintas épocas e períodos da literatura ga-lega desde a Idade Media ata 1916 e sinala os seus principais trazos característicos.<br>LGLB5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 para a súa lectura.<br>LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.<br>LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada, textos de obras da Literatura galega desde a Idade Media ata 1916, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatu-ra galega correspondente.<br>LGLB5.2.4. Compara textos literarios dunha mesma época ou período ou de diferentes épocas e | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico da(s) épo-ca(s) ou do(s) período(s).<br>LGLB5.3.1. Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatu-ra galega desde a Idade Media ata 1916.<br>LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaís-ticos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e escribe/debate, argumentadamente, sobre aspectos literarios básicos destes.<br>LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.<br>LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos. | | | |

## TRISCO 9. CONVOCATORIAS E ACTAS DE REUNIÓN. TEXTOS ORAIS: RELATORIOS, MESAS REDONDAS…

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**
B1.4. Comprender textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas) e identificar as ideas principais e secundarias, o propósito comunicativo implícito ou explícito, e diferenciar as explicacións dos argumentos.
B1.5. Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade educativo, tanto espontáneas como planificadas.
B1.7. Participar activamente en situación propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.
B2.2. Comprender e interpretar textos da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos.
B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e intervencións en foros.

| Obxect. | Contidos | Actividades | Metodoloxía | Temp. |
|---|---|---|---|---|
| a, b, c, d, e, h | B1.4. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais usados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas).<br>B1.5. Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado.<br>B1.7. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión. | As actividades xirarán en torno á comprensión de convocatorias, actas, presentacións, debates, mesas redondas… audiovisuais, analizando os seus aspectos básicos (argumentos empregados, características lingüísticas…), e á participación activa en situacións similares, especialmente debates e "microdebates" (previamente | Procurarase que os documentos audiovisuais e escritos que se analizarán traten temas de interese para o alumnado, que sirvan de base para os posteriores debates, ou mesmo para debates informais que se poidan xerar na aula. | 4 / 5 sesións |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos.<br>B2.9. Produción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e intervencións en foros. | preparados), así como á composición escrita de convocatorias e actas. | | |

| **Estándares de aprendizaxe** | **Concreción de estándares de aprendizaxe** | **Comp. clave** | **Instrumentos de avaliación e criterios de corrección** |
|---|---|---|---|
| LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas dentro do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo.<br>LGB1.4.2. Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra.<br>LGB1.5.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).<br>LGB1.5.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o | a) *Coñece as características que definen a presentación, o relatorio e a mesa redonda.<br>b) Distingue entre mesa redonda e outras formas de comunicación oral como debates, coloquios…<br>c) *Comprende o contido xeral de presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas.<br>d) *Resume e/ou esquematiza estes contidos.<br>e) Identifica ideas principais e secundarias, así como posicións a favor e en contra dun determinado tema.<br>f) Identifica e rexeita usos lingüísticos que poden implicar algún tipo de prexuízo ou discrimación.<br>g) Analiza a linguaxe empregada nestas situacións comunicativas, tanto no seu aspecto verbal (entoación, pausas, volumen, ton, fonética, vocabulario…) como non verbal (acenos, postura corporal…).<br>h) *Participa en situacións comunicativas similares (mesas redondas, debates, coloquios…): | CCL,<br>CCA,<br>CSC,<br>CAA,<br>CSIEE | A avaliación destes aspectos levarase a cabo a través da recollida dunha actividade de resumo e análise de intervencións orais e/ou da valoración da participación en debates.<br>No primeiro caso, a valoración atenderá ó especificado no apartado 4, mentres que no segundo, será o propio alumnado o que faga as valoracións seguindo unha táboa proporcionada pola profesora. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal.<br>LGB1.7.1. Participa activamente en debates ou coloquios, respecta as regras de interacción, intervención e cortesía, manifesta as súas opinións e respecta as dos demais.<br>LGB1.7.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións do moderador nos debates e coloquios.<br>LGB1.7.3. Avalía as intervencións propias e alleas.<br>LGB1.7.4. Respecta as quendas de palabra, o espazo, xesticula de xeito adecuado, escoita activamente os demais e usa fórmulas de saúdo e despedida.<br>LGB2.2.1. Comprende e interpreta textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos.<br>LGB2.2.2. Identifica os trazos característicos dun escrito (tipografía, distribución de espazos e escollas léxicas) coa tipoloxía textual (convocatoria, actas de reunión e regulamentos).<br>LGB2.9.1. Produce, en formato | - Preparando, previamente, o tema.<br>- Respectando as normas de cortesía (quenda, saúdos…).<br>- Empregando unha linguaxe correcta.<br>- Manexando con corrección os aspectos fonéticos e prosódicos, así como a linguaxe non verbal.<br>- Cinguíndose ó tema, sen divagacións.<br>i) Distingue convocatorias, actas de reunión e regulamentos doutro tipo de textos.<br>l) *Identifica as características esenciais de cada un destes tipos de textos.<br>m) *Coñece as situación comunicativas en que pode empregarse cada un.<br>n)* Comprende o significado de textos deste tipo.<br>ñ) *Elabora textos similares cunha forma, contido e rexistro axeitados. | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| papel ou dixital, textos da vida cotiá ou das relacións sociais, segundo os modelos propostos na aula: convocatorias, actas de reunións e intervencións en foros. | | | |

## TRISCO 10. SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DE GALICIA

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**
B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega.
B4.3. Coñecer as principais iniciativas normalizadoras, adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.
B4.5. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.
B4.6. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.

| Obxect. | Contidos | Actividades | Metodoloxía | Temp. |
|---|---|---|---|---|
| ñ, o | B4.4. Situación sociolingüística do galego, observación da situación sociolingüística en canto a usos e actitudes no contorno máis próximo (aula e barrio), con aproximación aos prexuízos lingüísticos máis evidentes.<br>B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecemento do xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e | a) Actividades dirixidas a localizar e corrixir desvíos da normativa, en especial, castelanismos.<br>b) Busca de información, por parte do alumnado, sobre a historia da normalización, lexislación lingüística…<br>c) Reflexión sobre prexuízos lingüísticos. | As actividades realizaranse a grande grupo, mentres que a procura de información organizarase en pequenos grupos e, posteriormente, farase unha posta en común.<br>O relativo ós prexuízos será tratado de xeito oral, a través da reflexión, do debate… | 4 / 5 sesións |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | colectivo do uso normalizado da lingua galega.<br>B4.7. Situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.<br>B4.8. Prexuízos lingüísticos. | | | |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Comp. clave | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|---|
| LGB4.2.3. Identifica os castelanismos nas producións lingüísticas e depura estes elementos no seu propio discurso.<br>LGB4.3.1. Coñece as principais iniciativas normalizadoras da lingua galega.<br>LGB4.3.2. Comprende o concepto normalización e explica o proceso normalizador do galego.<br>LGB4.5.1. Coñece a lexislación estatal e autonómica que regula a utilización do galego e a súa promoción.<br>LGB4.6.1. Coñece o que é un prexuízo, detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter sociocultural e sociopolítico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno. | a) Comprende os motivos da presenza de desvíos da normativa no galego, en particular de castelanismos.<br>b) Coñece os distintos tipos de castelanismos: ortográficos, morfolóxicos…<br>c) Distingue os graos de interferencia léxica do castelán.<br>b)*Identifica e corrixe os castelanismos.<br>e) *Comprende o concepto de normalización.<br>f) Coñece as principais iniciativas normalizadoras da lingua galega.<br>g) Coñece a principal lexislación estatal e autonómica que regula o uso do galego e a súa promoción.<br>h)*Comprende o concepto de “prexuízo lingüístico”.<br>i) Identifica os prexuízos lingüísticos.<br>l) Analiza o seu entorno e identifica prexuízos lingüísticos.<br>m) Reflexiona sobre a súa práctica lingüística e a súa opinión sobre a lingua identificando e rexeitando os propios prexuízos. | CCL, CSC | Os contidos traballados neste “trisco” poderán formar parte dos exames previstos para o trimestre, en cuxo caso será indicada a valoración correspondente a cada parte. |

# TRISCO 11. A LINGUA E A LITERATURA NOS SÉCULOS ESCUROS

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**

B4.4. Recoñecer os principias elementos na orixe e formación da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua desde os seus inicios ata 1916.
B5.1. Identificar e comprender as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.
B5.2. Seleccionar, ler autonomamente e comentar textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e relacionar o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.
B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.
B5.6. Crear ou recrear textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.

| Obxect. | Contidos | Actividades | Metodoloxía | Temp. |
|---|---|---|---|---|
| h, l, ñ, o | B4.6. A orixe e formación da lingua galega<br>Etapas da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916, e análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.<br>B5.1. Identificación e comprensión das distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.<br>B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.<br>B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos repre- | Traballarase con diversos textos desta etapa, que serán analizados desde unha perspectiva lingüística e literaria, vencellando o seu contido, na medida do posible, á realidade histórica na que foron creados. | Partirase dunha breve información teórica para, posteriormente, verificar estes contidos, de xeito práctico, nos textos. | 4 sesións |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | sentativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.<br>B5.6. Creación ou recreación de textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos. | | | |

| **Estándares de aprendizaxe** | **Concreción de estándares de aprendizaxe** | **Comp. clave** | **Instrumentos de avaliación e criterios de corrección** |
|---|---|---|---|
| LGB4.4.1. Recoñece os principias elementos na orixe e formación da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.<br>LGB4.4.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.<br>LGB4.4.3. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.<br>LGB4.4.4. Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.<br>LGB4.4.5. Interpreta gráficos, | a) Coñece os principais fitos dos SSEE que afectan á historia da lingua e da literatura.<br>b) *Coñece aspectos sociolingüísticos básicos referentes á situación do galego durante os SSEE.<br>c) Coñece as principais características da lingua dos SSEE.<br>d) *Le e comprende o sentido xeral dos textos orixinais escritos nesta etapa.<br>e) *Coñece as principais manifestacións literarias dos SSEE.<br>f) *Le, analiza e comenta textos literarios desta etapa. | CCL, CSC, CD, CCEC | Os contidos deste “trisco” poderán formar parte dos exames da avaliación, onde se indicará a valoración correspondente. Poderán formularse preguntas para comprobar os coñecementos teóricos, e actividades prácticas sobre textos, similares ás realizadas na aula.<br>Poderase recoller tamén unha actividade práctica de análise e comprensión dun texto literario correspondente á etapa estudada; neste caso, será valorada segundo o especificado no apartado 4 da |

| | | | |
|---|---|---|---|
| táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.<br>LGLB5.1.1. Identifica as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.<br>LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente as distintas épocas e períodos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e sinala os seus principais trazos característicos.<br>LGLB5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, textos representativos da lit. gal. desde a IM ata 1916 para a súa lectura.<br>LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativos da lit. gal. desde a IM ata 1916, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.<br>LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada, textos de obras da lit. galega desde a IM ata 1916, sinala os seus trazos característicos definitorios e | | | programación. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.<br>LGLB5.2.4. Compara textos literarios dunha mesma época ou período ou de diferentes épocas e períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico da(s) épo-ca(s) ou do(s) período(s).<br>LGLB5.3.1. Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.<br>LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e escribe/debate, argumentadamente, sobre aspectos literarios básicos destes.<br>LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| traballados na aula.<br>LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos. | | | |

## TRISCO 12. SUBCLASIFICACIÓNS NALGUNHAS CATEGORÍAS GRAMATICAIS: CUANTIFICADORES, IDENTIFICADORES, ADVERBIOS, CONXUNCIÓNS

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**

B3.2. Aplicar os coñecementos sobre as distintas categorías gramaticais na elaboración de textos escritos e orais

| Obxect. | Contidos | Actividades | Metodoloxía | Temp. |
|---|---|---|---|---|
| b, e, l | B3.2. Recoñecemento e identificación das categorías gramaticais. | -Idenficación, clasificación e subclasificación de categorías gramaticais.<br>-Unión de distintas partes de oracións coas conxuncións axeitadas.<br>-Substitución de adverbios por outros equivalentes.<br>- Elaboración de enunciados con estas categorías. | O enfoque será eminentemente práctico, enfocado sobre todo a enriquecer o léxico do alumnado coa incorporación, ó seu discurso, de termos novos. | 7/8 sesións |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Comp. clave | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|---|
| LGLB5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.<br>LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente os distintos períodos da literatura galega de 1916 ata a actualidade sinalando os seus principais trazos característicos.<br>LGLB5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razonados, obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade para a súa lectura.<br>LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.<br>LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da Literatura galega desde 1916 ata a actualidade, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente<br>LGLB5.2.4. Compara textos literarios dun mesmo período ou de diferentes períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período ou períodos.<br>LGLB5.3.1. Le expresiva, compresiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a | a) Coñece a existencia das tres xeracións poéticas (X.36, Promoción de Enlace, X.50) e os motivos polos que conflúen.<br>b)*Coñece as características xerais de cada xeración poética (liñas poéticas, temáticas, autores máis representativos...), así como as características particulares dos autores/as máis relevantes desta etapa.<br>c)*Identifica nos textos poéticos as vertentes e temáticas propias de cada xeración.<br>d)*Demostra as comprensión dos textos poéticos desta etapa e analiza aspectos básicos como tema, argumento, personaxes, tempo, espazo, vertente...<br>e) Realiza comentarios completos de textos poéticos de posguerra.<br>f) Compara textos poéticos de posguerra e extrae conclusións.<br>g) *Relaciona a poesía de posguerra co contexto histórico no que se produciu e identifica as referencias nas que este se reflicte. | Os contidos deste trisco poderán formar parte do exame correspondente, no que se indicará a valoración que se lle outorga a cada pregunta.<br>Pedirase tamén a elaboración dun comentario de texto, para entregar á docente, que será valorado con positivo, negativo, visto ou NP (non presentado), de acordo cos criterios especificados no punto 4 desta programación. |

| | | |
|---|---|---|
| actualidade.<br>LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade e escribe/debate, argumentadamente, sobre os seus valores literarios.<br>LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.<br>LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos. | | |

## TRISCO 10. UNIDADES LINGÜÍSTICAS: FONEMAS E MONEMAS. PROCEDEMENTOS DE CREACIÓN DE PALABRAS.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B3.4. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.
B1.6. Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
B3.3. Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras, os valores dos morfemas e as súas posibilidades combinatorias para crear novos termos e identificar a súa procedencia grega ou latina.

**Obxectivos:** a, b, d, e, h, i, o **Competencias clave:** CCL, CAA, CSC, CCEC **Temporalización:** 7 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B3.4. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias (apertura das vogais de grao medio, o n velar ou a entoación).<br>B1.6. Participación nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valoración desta pronuncia e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.<br>B3.3. Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras. | -Identificación dos fonemas vocálicos e distinción dos graos de apertura das vogais.<br>-Identificación dos fonemas consonánticos.<br>-Diferenciación dos contextos nos que se pronuncia a nasal velar e a alveolar.<br>-Definición dos diferentes fonemas.<br>-Pequenas transcricións fonolóxicas.<br>-Segmentar palabras clasificando os seus constituíntes.<br>-Clasificar palabras segundo os seus constituíntes: simples, compostas, derivadas, parasintéticas.<br>-Clasificación de sufixos<br>-Xuntar prefixos e/ou sufixos a lexemas para formar novas palabras.<br>-Sinalar o significado dos prefixos e os novos signficados que adquiren os lexemas ós que se engaden.<br>-Clasificar significantes en abreviaturas, símbolos, acrónimos…<br>-Sinalar o significado de determinadas abreviaturas, símbolos, acrónimos… | Será precisa a participación activa do alumnado, especialmente no referente á pronunica dos diferentes fonemas. Predominará, no desenvolvemento do “trisco”, o emprego e reflexión sobre a lingua oral.<br>Traballarase tamén a partir de exemplos para deducir, sobre todo no referente ó significado de prefixos e sufixos, os significados. Así pois, primará neste trisco unha metodoloxía de carácter indutivo. |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGB3.4.1. Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención á entoación, ás vogais de grao medio e ao n velar.<br>LGB1.65.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega.<br>LGB1.6.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega.<br>LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.<br>LGB3.3.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras.<br>LGB3.3.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación léxica.<br>LGB3.3.3. Recoñece os valores de prefixos e sufixos e as súas posibilidades combinatorias para crear novas palabras.<br>LGB3.3.4. Identifica a procedencia grega ou latina de prefixos e sufixos habituais no uso da lingua galega. | a) Distingue entres sons, fonemas e grafías.<br>b) Define fonoloxicamente os fonemas vocálicos.<br>c)*Distingue vogais de grao medio aberto e medio pechado e pronúnciaas correctamente.<br>d) Define fonoloxicamente os fonemas consonánticos.<br>e)*Pronuncia correctamente os fonemas consonánticos.<br>f) Distingue os contextos nos que se emprega a nasal velar e a nasal alveolar.<br>g)*Identifica os fenónemos dialectais fonéticos (gheada, seseo...).<br>h) Identifica os prexuízos asociados á pronuncia galega (graos de apertura de vogais, gheada, seseo…) e rexéitaos argumentadamente.<br>i)*Segmenta palabras clasificando os seus constituíntes principais: raíz, morfemas gramaticais de xénero e número, morfemas derivativos prefixo e sufixo.<br>l) Clasifica os sufixos en alterativos e derivativos.<br>m)*Idenfica palabras simples, derivadas, compostas e parasintéticas.<br>n) *Recoñece os valores de prefixos e sufixos e, polo tanto, o significado que achegan ós lexemas ós que se unen.<br>ñ) Diferencia os prefixos e sufixos gregos dos de orixe latina. | Os contidos deste trisco poderán formar parte do exame correspondente, no que se indicará a valoración que se lle outorga a cada pregunta.<br>Non se descarta a realización dunha proba específica dos contidos deste trisco, que sería cualificada con positivo, negativo, visto ou NP (punto 4 da programación). |

| | | |
|---|---|---|
| | o) Comprende outros procedementos de formación de novos significantes: abreviaturas, símbolos, siglas, acrónimos, amálgamas.<br>p)*Comprende o significado das abreviaturas, símbolos, siglas, acrónimos a amálgamas máis comúns e, especialmente, os relacionados co ámbito educativo. | |

## TRISCO 11. NARRATIVA E TEATRO DE POSGUERRA

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B5.1. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade
B5.2. Seleccionar, ler autonomamente e comentar obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade e relaciona o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.
B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
B5.6. Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.

**Obxectivos:** h, l, n **Competencias clave:** CCL, CCEC **Temporalización:** 11 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B5.1. Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.<br>B5.2. Selección, lectura autónoma e comentariode obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade.<br>B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.<br>B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos. | -Análise de distintos aspectos de textos narrativos e/ou dramáticos seleccionados pola docente.<br>-Comparación de textos seguindo diferentes criterios (vertente, temática, estrutura, voz poética…).<br>- Visualización de adaptacións de relatos desta etapa e comparación coa versión orixinal escrita.<br>- Comentario completo dalgúns dos textos narrativos e/ou dramáticos de posguerra.<br>- Lectura dramatizada de obras teatrais (ou fragmentos) desta etapa. | Partirase da contextualización da literatura deste etapa, poñéndoa en relación con outras manifestacións artísticas e outras literaturas de diferentes nacionalidades. Pero o núcleo do "trisco" serán os diferentes textos literarios, dos que se realizarán lecturas e análises a grande grupo.<br>A redacción do comentario completo será individual. |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGLB5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.<br>LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente os distintos períodos da literatura galega de 1916 ata a actualidade sinalando os seus principais trazos característicos.<br>LGLB5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razonados, obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade para a súa lectura.<br>LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura | a) Coñece a existencia de autores de distintas xeracións e os motivos polos que conflúen.<br>b)*Coñece e identifica as características da obra de Álvaro Cunqueiro, Blanco Amor, Ánxel Fole e Neira Vilas.<br>c)*Diferencia o realismo popular, fantástico e social e relaciónao cos autores correspondentes.<br>d)*Demostra as comprensión dos textos narrativos desta etapa e analiza aspectos básicos como tema, argumento, personaxes, tempo, espazo...<br>e) Realiza comentarios completos de textos narrativos de posguerra. | Os contidos deste trisco poderán formar parte do exame correspondente, no que se indicará a valoración que se lle outorga a cada pregunta.<br>Pedirase tamén a elaboración dun comentario de texto, para entregar á docente, que será valorado con positivo, negativo, visto ou NP (non presentado), de acordo cos criterios especificados no punto 4 desta programación. |

| | | |
|---|---|---|
| galega correspondente.<br>LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da Literatura galega desde 1916 ata a actualidade, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente<br>LGLB5.2.4. Compara textos literarios dun mesmo período ou de diferentes períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período ou períodos.<br>LGLB5.3.1. Le expresiva, compresiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.<br>LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade e escribe/debate, argumentadamente, sobre os seus valores literarios.<br>LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.<br>LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos. | f) Compara textos narrativos destes autores e e extrae conclusións.<br>g) Relaciona a narrativa de posguerra co contexto histórico no que se produciu e identifica as referencias nas que este se reflicte.<br>h)*Coñece as principais características a autores do teatro de posguerra.<br>i) *Demostra a comprensión de textos teatrais deste etapa.<br>l) Analiza textos teatrais atendendo ó contido e á forma.<br>m) *Coñece as características da Nova Narrativa Galega: novas temáticas, novas técnicas, autores e obras máis representativos...<br>n) *Identifica nos textos as características da NNG<br>ñ)*Demostra as comprensión dos textos narrativos desta etapa e analiza aspectos básicos como tema, argumento, personaxes, tempo, espazo...<br>o) Realiza comentarios completos de textos narrativos pertencentes á NNG | Pedirase tamén a elaboración dun comentario de texto, para entregar á docente, que será valorado con positivo, negativo, visto ou NP (non presentado), de acordo cos criterios especificados no punto 4 desta programación. |

# TRISCO 12. VERBOS E PERÍFRASES

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B3.2. Recoñecer e usar correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega.

Obxectivos: b, e, l    Competencias clave: CCL, CAA    Temporalización: 6 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B3.2. Recoñecemento e uso das formas verbais da lingua galega e das perífrases. | -Conxugación de verbos regulares, semirregulares e irregulares.<br>-Análise de formas verbais.<br>-Introdución de formas verbais en determinados contextos.<br>-Transformación de textos cambiando os tempos (de pasado a presente, a futuro…).<br>-Segmentación de formas verbais.<br>-Identificación dos valores de tempos, modos…<br>-Escolla de forma correcta segundo o valor que se pretende expresar.<br>-Identificar e corrixir formas verbais incorrectas.<br>-Empregar o infintivo conxugado nos contextos que o admitan.<br>- Identificar e clasificar perífrases verbais.<br>- Usar a forma perifrástica axeitada segundo o matiz de significado que se queira expresar. | As actividades prácticas conformarán o eixe do trisco, posto que se traballará continuamente con formas verbais, perífrases…, partindo sempre dos exercicios, e reducindo a teoría ó estritamente necesario para a realización das actividades prácticas. |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGB3.2.1. Recoñece e usa correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega e distingue os diversos tipos. | a)*Conxuga verbos regulares, semirregulares e irregulares.<br>b) *Analiza calquera forma verbal (persoa, tempo, modo, conxungación).<br>c)*Emprega correctamente nos seus escritos as formas verbais oportunas.<br>d) Recoñece os valores dos tempos e modos, así como das formas de xerundio e participio.<br>e)*Coñece as formas de xerundio e participio (regulares e irregulares).<br>f)*Identifica e corrixe os castelanismos nas formas verbais (acentuación, tempos compostos, verbos reflexivos…).<br>g) Emprega o infinitivo conxugado nos contextos axeitados.<br>h) Analiza a estrutura das formas verbais: Raíz, vogal temática, SMT, SNP.<br>i) *Recoñece as perífrases verbais diferenciándoas de complexos verbais e emprégaas correctamente.<br>l)*Clasifica as perífrases verbais. | Os contidos deste trisco poderán formar parte do exame correspondente, no que se indicará a valoración que se lle outorga a cada pregunta.<br>Non se descarta a realización dunha proba específica sobre este trisco (ou sobre algunha parte del), que sería valorada con positivo, negativo, visto ou non presentado. |

## TRISCO 13. A HISTORIA DA LINGUA GALEGA

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B4.4. Recoñecer os principais elementos de evolución da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da súa historia social, e sinalar as distintas etapas desde 1916.
B4.5. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas de España.

**Obxectivos:** ñ, o **Competencias clave:** CCL, CCEC, CD **Temporalización:** 8 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B4.6. Evolución da lingua galega e etapas da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade. Análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.<br>B4.7. Situación sociolingüística e legal das linguas de España. | - O trisco ten unha importante carga teórica, que será o seu núcleo, polo que as actividades xirarán en torno ó manexo de datos teóricos: unir datas e acontecementos, ordenar feitos segundo un criterio cronolóxico, sinalar afirmacións correctas… Por outro lado, realizaranse actividades de interpretación de gráficos, táboas… relacionados con estes contidos.<br>-Lectura e interpretación de textos que versen sobre os contidos deste trisco.<br>- Visualización e comentario posterior de documentais sobre a situación da lingua nesta etapa.<br>-Interpetación de gráficas, táboas… con datos sociolingüísticos sobre este período. | Malia ter unha importante carga teórica, traballarase tamén con lecturas, gráficas, documentais… para que o alumnado sexa quen de extraer conclusións. Relacionarase tamén, como é inevitable, coa historia da literatura, polo que servirá de repaso do visto ó longo do curso. |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGB4.4.1. Recoñece os principais elementos da evolución da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.<br>LGB4.4.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 e elabora textos expositivos sobre as diferentes etapas.<br>LGB4.4.3. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.<br>LGB4.4.4. Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.<br>LGB4.4.5. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde 1916.<br>LGB4.5.1. Describe a situación sociolingüística e legal das linguas de España e analiza criticamente textos (literarios e xornalísticos), gráficos ou documentos audiovisuais que traten sobre a situación sociolingüística do Estado español. | a)*Comprende a situación social da lingua galega nesta etapa.<br>b) Coñece os principais eventos que influíron na lingua: creación da RAG, revista *A Nosa Terra*, Irmandades da Fala, Seminario de Estudos Galegos...<br>c)*Coñece as características das Irmandades da Fala e da Revista Nós: integrantes, labor...<br>d)*Interpreta gráficos, táboas, textos... relacionados coa historia social da lingua neste etapa.<br>e)*Comprende o que supuxo a Guerra Civil para a evolución social da lingua galega.<br>f)*Coñece os principais eventos relacionados coa lingua galega: creación da editorial Galaxia, asociacións culturais, partidos clandestinos, primeira celebración do Días das Letras Galegas…<br>g)*Comprende as causas da situación sociolingüística desta etapa: deterioración do prestixio da lingua, minorización, auxe dos prexuízos, ampliación de comportamentos diglósicos…<br>h) Interpreta datos relativos a este tema representados en gráficas, táboas…<br>i) Coñece os principais documentos lexislativos que afectan á lingua galega, aprobados a partir de | Os contidos deste trisco poderán formar parte do exame correspondente, no que se indicará a valoración que se lle outorga a cada pregunta. |

| | | |
|---|---|---|
| | 1975: CE, Estatuto de Autonomía, LNL.<br>l) *Coñece os fitos máis destacados en relación coa evolución da lingua galega: lingua vehicular na Xunta e no Parlamento, fúndanse entidades como o Consello da Cultura Galega, a TVG, o Centro Dramático Galego…, introdúcese no ensino, apróbanse oficialmente as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (normativización), aparecen xornais en galego (desaparecidos, moitos deles, hoxe en día), agroman editoriais (Baía, Ir indo, Positivas, Kalandraka…), xorden colectivos como a Mesa, Prolingua, Queremos galego…<br>m) *Comprende a situación sociolingüística desta etapa: continúa o proceso de desgaleguización, aparición de neofalantes, lingua minoritaria na función laboral… | |

## TRISCO 14. A LITERATURA GALEGA DAS ÚLTIMAS DÉCADAS

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B5.1. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade
B5.2. Seleccionar, ler autonomamente e comentar obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade e relaciona o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.
B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
B5.6. Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.

**Obxectivos:** h, l, n **Competencias clave:** CCL, CCEC **Temporalización:** 4 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B5.1. Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.<br>B5.2. Selección, lectura autónoma e comentariode obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade.<br>B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.<br>B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos. | -Análise de distintos aspectos de textos seleccionados pola docente.<br>-Comparación de textos seguindo diferentes criterios (vertente, temática, estrutura, voz poética…).<br>- Comentario completo dalgúns dos textos da etapa. | Partirase dunha breve exposición teórica dos contidos da unidade, pero traballarase sobre todo con textos literarios, dos que se realizarán lecturas e análises a grande grupo.<br>A redacción do comentario completo será individual.<br>Completarase o contido cos traballos realizados polo alumnado (especificado máis abaixo). |

| Estándares de aprendizaxe | Concreción de estándares de aprendizaxe | Instrumentos de avaliación e criterios de corrección |
|---|---|---|
| LGLB5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.<br>LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente os distintos períodos da literatura galega de 1916 ata a actualidade sinalando os seus principais trazos característicos.<br>LGLB5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razonados, obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade para a súa lectura.<br>LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos | a)*Coñece as características xerais da literatura galega nas últimas décadas, relativas ós distintos xéneros (correntes, grupos, autores…).<br>b) *Comprende textos literarios, de calquera xénero, correspondentes a esta etapa, o que demostra analizando aspectos básicos como tema, argumento, personaxes, espazo, tempo…<br>c)*Identifica as principais características desta literatura en cada texto. | Os contidos deste trisco poderán formar parte do exame correspondente, no que se indicará a valoración que se lle outorga a cada pregunta.<br>Pedirase tamén a elaboración dun comentario de texto, para entregar á docente, que será valorado con positivo, |

| | | |
|---|---|---|
| representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.<br>LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da Literatura galega desde 1916 ata a actualidade, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente<br>LGLB5.2.4. Compara textos literarios dun mesmo período ou de diferentes períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período ou períodos.<br>LGLB5.3.1. Le expresiva, compresiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.<br>LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade e escribe/debate, argumentadamente, sobre os seus valores literarios.<br>LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.<br>LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos. | d) Realiza comentarios completos de textos líricos, narrativos ou teatrais deste etapa.<br>e) Compara textos literarios desta e doutras épocas e extrae concluións. | negativo, visto ou NP (non presentado), de acordo cos criterios especificados no punto 4 desta programación. Os contidos deste trisco serán tamén obxecto dalgúns dos traballos realizados polo alumnado (especificados máis abaixo). |

## TRABALLOS E PROXECTO

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**
B1.9. Realizar exposicións orais planificadas e claras de traballos e de informacións de actualidade, coa axuda das TIC.
B1.10. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer en exposicións orais propias e alleas as dificultades expresivas.
B5.4. Elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
B5.5. Consultar fontes de información variadas e recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.
B1.5. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como normas de cortesía nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.
B2.8. Usar e seleccionar materiais de consulta das bibliotecas e doutras fontes de información impresa ou en formato dixital.
B2.10. Empregar as TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.
B5.2. Seleccionar, ler autonomamente e comentar obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade e relaciona o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.B3.13. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.
B1.12. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro formal, neutro ou informal.
B2.8. Usar e seleccionar materiais de consulta das bibliotecas e doutras fontes de información impresa ou en formato dixital.
B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer e describir o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.
B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados así como ás tendencias de evolución.
B4.6. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.
B2.14. Valorar a escritura como un instrumento moi útil na aprendizaxe, nas relacións sociais e no desenvolvemento do individuo.
B4.3. Identificar os elementos do proceso normalizador e adquirir vínculos positivos cara ao seu uso asumindo a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.

B1.3. Comprender e interpretar textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas).
B1.4. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais.

**Obxectivos:** a, b, c, d, e, f, g, h, l, ñ, o **Competencias clave:** CCL, CAA, CSC, CSIEE, CCEC, CD **Temporalización:** 6 sesións

| Contidos | Actividades | Metodoloxía |
|---|---|---|
| B1.9. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción de textos orais, de técnicas para aprender a falar en público e uso das TIC.<br>B1.10. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas.<br>B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos literarios representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.<br>B5.5. Consulta de fontes de información variadas e de recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.<br>B1.5. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto.<br>B2.8. Uso autónomo dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información complementaria.<br>B2.10. Utilización das TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.<br>B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de obras | Os temas dos traballos e do proxecto decidiranse en cada curso, en función da actividade do centro: tema en torno ó que se organice o traballo do equipo da biblioteca, autor/a a quen se lle dediquen as letras galegas, novas de actualidade, aspectos do temario que requiran unha maior profundidade, temáticas vinculadas á diversidade e á convivencia, e especialmente a aspectos relacionados coa sociolingüistica… | Procurarase un traballo o máis autónomo posible por parte do alumnado, que deberá realizar a meirande parte deste traballo fóra da aula, aínda que se dedicará algunha sesión para guialos.<br>No caso dos traballos, deberase presentar un traballo escrito (en conxunto) e realizar unha exposición oral, na que cada membro do grupo exporá, cando menos, durante dous minutos. |

| | | |
|---|---|---|
| representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade.<br>B3.13. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.<br>B1.12. Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros.<br>B1.13. Valoración da lingua oral como un instrumento de aprendizaxe e de relación social.<br>B2.8. Uso autónomo dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información complementaria.<br>B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.<br>B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.<br>B4.3. A lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.<br>B4.4. Situación sociolingüística de Galicia. A presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados. Tendencias de evolución.<br>B4.8. Prexuízos lingüísticos.<br>B2.14. Valoración da escritura como un instrumento de aprendizaxe, de relación social e enriquecemento persoal.<br>B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara | | |

| | | |
|---|---|---|
| ao seu uso. Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.<br>B1.3. Comprensión e interpretación de textos orais expositivos e argumentativos do ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas).<br>B1.4. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais de natureza diversa. | | |
| **Estándares de aprendizaxe** | **Concreción de estándares de aprendizaxe** | **Instrumentos de avaliación e criterios de corrección** |
| LGB1.9.1. Planifica a produción oral, estrutura o contido, revisa os borradores e esquemas.<br>LGB1.9.2. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical.<br>LGB1.9.3. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa.<br>LGB1.9.4. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos e (entoación e pronuncia axeita da, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público.<br>LGB1.9.5. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación atractiva e innovadora.<br>LGB1.10.1. Recoñece erros (incoherencias, repeticións, ambigüidades, pobreza léxica, erros fonética e entoación inadecuada) nos discursos propios e alleos para evitalos nas súas producións. | a) Prepara a exposición oral e apréciase que domina o contido.<br>b) Apóiase en guións previamente elaborados para expoñer oralmente, sen abusar da lectura.<br>c) Domina os aspectos prosódicos nas súas intervencións: ritmo, ton, volume, pronuncia…<br>d) Amosa unha postura corporal axeitada durante as súas exposicións orais.<br>e) Diríxese ó auditorio.<br>f) Emprega un rexistro axeitado á situación.<br>g) Emprega as TIC para facer máis clara e atractiva a súa exposición oral.<br>h) Mostra unha actitude respectuosa perante as intervencións orais dos compañeiros e compañeiras: garda silencio, escoita…<br>i) Intervén na rolda de preguntas e debates | Os traballos serán cualificados segundo se indica no apartado 4 da programación. Para a valoración terase en conta a autovaliación realizada polo propio alumnado e mais a avaliación entre iguais; ambas realizaranse por medio dun padrón que será entregado pola docente. |

| | | |
|---|---|---|
| LGLB5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.<br>LGLB5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas.<br>LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.<br>LGB1.5.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.<br>LGB1.5.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas.<br>LGB1.5.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.<br>LGB2.8.1. Selecciona contidos, analiza información e extrae conclusións a partir da consulta de materiais en distintos soportes.<br>LGB2.8.2. Sérvese dos recursos que ofrecen as bibliotecas ou as TIC para integrar os coñecementos adquiridos nos seus escritos.<br>LGB2.10.1. Usa as TIC para a corrección dos textos: corrector ortográfico do procesador de textos, dicionarios en liña e outras páxinas especializadas no estudo da lingua galega.<br>LGB2.10.2. Usa procesadores de textos para mellorar a presentación dos seus escritos, especialmente na presentación dos seus traballos educativos, atendendo a cada | que se poidan xerar despois de cada exposición oral, respectando as regras de interacción.<br>l) No traballo exposto e na rolda de preguntas e/ou debate posterior, cínguese ó tema, sen divagacións.<br>m) Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.<br>n) Selecciona e incorpora ó seu traballo información obtida dos medios dixitais e noutros soportes.<br>ñ) Reelabora e redacta a información, sen divagacións e centrándose no tema que trata, evitando información superflua.<br>o) Comprende os contidos que incorpora ó seu traballo e é capaz de explicalos e transmitilos.<br>p) Redacta o traballo coherentemente, sen erros ortográficos, léxico e conectores variados…<br>q) Presenta o traballo atendendo ás indicacións dadas: portada, introdución, epígrafes correspondentes, conclusión, bibliografía.<br>r) Incorpora, no seu caso, elementos gráficos ó seu traballo. | |

| | | |
|---|---|---|
| unha das funcionalidades de cada elemento: encabezamento e pé de páxina, numeración de páxinas, índice, esquemas etc.<br>LGB3.13.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.<br>LGB1.12.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais.<br>LGB2.13.1. Identifica e describe os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.<br>LGB2.8.1. Selecciona contidos, analiza información e extrae conclusións a partir da consulta de materiais en distintos soportes.<br>LGB2.8.2. Sérvese dos recursos que ofrecen as bibliotecas ou as TIC para integrar os coñecementos adquiridos nos seus escritos.<br>LGB2.10.3. Usa as TIC como medio de divulgación de textos propios, de coñecemento doutros alleos e de intercambio de opinións.<br>LGB4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade.<br>LGB4.1.2. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e argumenta cun discurso propio a súa postura. | | |

| | | |
|---|---|---|
| LGB4.1.3. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e sabe describir a súa importancia dentro das linguas do mundo no século XXI.<br>LGB4.1.4. Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da rede en portugués (buscadores, enciclopedias e portais de noticias).<br>LGB4.2.1. Coñece e describe a lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística.<br>LGB4.2.2. Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual.<br>LGB4.2.3. Analiza gráficas de distribución de linguas tirando conclusións nas que incorpora os seus coñecementos sociolingüísticos.<br>LGB4.2.4. Describe a situación sociolingüística de Galicia e emprega a terminoloxía apropiada.<br>LGB4.2.5. Analiza as tendencias de evolución da lingua galega a partir da situación sociolingüística actual.<br>LGB4.6.1. Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada.<br>LGB4.6.2. Analiza a opinión propia sobre as linguas, detecta os prexuízos, en caso de os ter, e rebáteos argumentadamente.<br>LGB2.14.1. Identifica e describe os valores da escritura non só como una ferramenta para organizar os pensamentos senón tamén como un instrumento para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.<br>LGB4.3.1. Identifica os procedementos de normalización e argumenta axeitadamente a necesidade de continuar con este | | |

| | | |
|---|---|---|
| proceso na lingua galega.<br>LGB4.3.2. Distingue normativización e normalización e explica axeitadamente cada fenómeno.<br>LGB4.3.3. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.<br>LGB.4.3.4. Coñece os principais axentes normalizadores en Galicia e valora a súa importancia.<br>LGB1.3.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo.<br>LGB1.3.2. Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra dunha opinión ou postura.<br>LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais. | | |

# 4. AVALIACIÓN[5]

## 4.1. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

**1º e 2º ESO**

O procedemento de avaliación que se seguirá será similar nas tres avaliacións e conterá:

- Dous exames cada trimestre.
- Un traballo e/ou un proxecto. O traballo, preferentemente en grupos, constará de versión escrita e exposición oral. O proxecto será realizado, se é posible, polo conxunto do grupo.
- Un control de lectura de, como máximo, dous libros por avaliación.
- Control do traballo diario e continuado a través de:
    - Diversos escritos que se recollerán ó longo de cada trimestre: redaccións, comentarios…
    - Posibilidade de realizar probas concretas sobre algún aspecto específico do currículo.
    - Tarefas, resposta oral a preguntas realizadas na aula (chamadas), resposta escrita a actividades realizadas na aula sobre un aspecto concreto…

Non se realizarán recuperacións, posto que a avaliación, ademais de ser continua, é acumulativa, isto é, en cada exame entrarán contidos dos anteriores, especialmente de carácter práctico e instrumental; evidentemente, estes contidos serán traballados ó longo de curso e irán facéndose repasos periódicos.

Se algún alumno ou alumna suspende a avaliación ordinaria, deberá presentarse ó exame extraordinario de setembro, no que se terá en conta, unicamente, a nota acadada no exame, que será o único instrumento de avaliación que se empregará.

**3º e 4º ESO**

O procedemento de avaliación que se seguirá será similar nas tres avaliacións e conterá:

- Dous exames cada trimestre.
- Un traballo e/ou un proxecto. O traballo, preferentemente en grupos, constará de versión escrita e exposición oral. O proxecto será realizado, se é posible, polo conxunto do grupo.
- Un control de lectura de, como máximo, dous libros por avaliación.

[5] O relativo á avaliación poderá sufrir modificacións no caso de ensinanza semipresencial ou ensinanza a distancia (ver "Transición ó ensino non presencial").

- Control do traballo diario e continuado a través de:
  - Diversos escritos que se recollerán ó longo de cada trimestre: redaccións, comentarios…
  - Posibilidade de realizar probas concretas sobre algún aspecto específico do currículo.
  - Tarefas, resposta oral a preguntas realizadas na aula (chamadas), resposta escrita a actividades realizadas na aula sobre un aspecto concreto…

Farase unha recuperación de cada avaliación (no caso da 1ª e 2ª avaliación, despois de realizada a sesión de avaliación) coa materia da avaliación completa (1º e 2º exame); en ningún caso se farán recuperacións de partes da avaliación. Como se explicará máis adiante, a nota desta recuperación será modificada en función das demais notas obtidas durante o trimestre.

No final do curso, haberá unha recuperación que se realizará de acordo co seguinte:

- Alumnado con só unha avaliación suspensa, na que acadara menos dun 4: poderá presentarse á recuperación desa avaliación (ponderarase a nota como no caso das recuperacións realizadas durante o curso).
- Alumnado con máis dunha avaliación suspensa con 4: poderá decidir se se presenta á recuperación de toda a materia ou só á recuperación dunha avaliación, na que deberá sacar nota suficiente para que, calculada a media, consiga o aprobado (ponderarase a nota coma no caso das recuperacións realizadas durante o curso).
- Alumado con dúas ou máis avaliacións suspensas (exceptuando a caso anterior): poderá presentarse á recuperación de toda a materia (ponderarase a nota).

Calquera alumno/a poderá presentarse a calquera recuperación para subir a nota; conservarase sempre a máis alta.

No exame extraordinario de setembro, terase en conta, unicamente, a nota acadada no exame, que será o único instrumento de avaliación que se empregará.

## 4.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

**1º e 2º ESO**

Para calcular a nota de cada avaliación terase en conta só o primeiro decimal e atenderase ó seguinte:

Notas dos exames

A nota de exames calcularase sumando o resultado do 40% do primeiro exame e o 60% do segundo. Non se esixirá unha nota mínima para proceder a este cálculo, pero si para que se teñan en conta as notas dos demais instrumentos de avaliación e acadar, así, un aprobado, sendo esta **nota mínima, un 3.**

Exemplo:

Caso no que alguén ten un 4 no primeiro exame e un 3 no segundo:
40% de 4 = 1.6
60% de 3 = 1.8
1.6+1.8 = 3.4. Esta nota correspondente ós exames será ponderada como se explicacará máis adiante.
Caso no que alguén ten un 4 no primeiro exame e un 2 no segundo:
40% de 4 = 1.6
60% de 2 = 1.2
1.6+1.2 = 2.8. A ponderación unicamente lle permitirá acadar, como máximo, un 4 na nota final de avaliación.
Faise, pois, imprescindible, para aprobar, ter un 3 no resultado do cálculo das notas dos dous exames.
A **nota máxima** que se pode acadar cos demais instrumentos (libros, traballos, proxecto, positivos…) **é un 2.** Non se establece unha nota mínima, polo que, de non ler ningún libro, non presentar traballos, acadar negativos, etc. poderase acumular unha **nota negativa superior ós 2 puntos.**

Control do traballo diario e continuado

Os escritos demandados (redaccións, comentarios…) serán cualificados cun positivo, negativo ou visto; cada positivo suma +0,2 á nota media dos exames; cada negativo resta -0,2; os "vistos" non alteran a nota. Porase un "Non Presentado" (-0.4) cando a redacción, traballo, comentario… entregados se realizasen sen prestar ningunha atención e sen responder ás características do demandado.

Os positivos, negativos e vistos tamén poderán ser empregados para valorar tarefas, resposta a preguntas formuladas na aula (chamadas), recollida de tarefas realizadas na aula, probas específicas sobre un determinado contido…

Traballos e proxectos

Os proxectos e os traballos, dos que se require a presentación por escrito e a exposición oral, valoraranse, de acordo co que se explicará no apartado "criterios de corrección", con: -0.7; -0.5; -0.2; visto; +0.2; +0.5

Lecturas

Os libros de lectura valoraranse segundo o descrito no apartado "criterios de corrección" con: -0.7; visto; +0.2; +0.5

Nota de cada avaliación

A nota final da avaliación calcúlase sobre a nota media dos exames (40% + 60%) que, como se dixo, **non pode ser inferior a 3**, á que se lle engaden ou restan as procedentes dos instrumentos de avaliación mencionados. Dado que é necesario redondear a nota, aplicarase o chamado

"redondeo normal", isto é, o número decimal aproxímase ó enteiro máis próximo; se a parte decimal é menor ca 5 décimas, aproxímaxe ó enteiro menor (6.4 → 6); se é igual ou superior a 5 décimas, aproxímase ó enteiro superior (6.5 → 7).

Nota da avaliación final ordinaria

A nota da avaliación ordinaria será a suma de:
- 20% da nota da 1ª avaliación que figura no boletín (xa redondeada).
- 30% da nota da 2ª avaliación que figura no boletín (xa redondeada).
- 50% da nota da 3ª avaliación que figurará no boletín (xa redondeada).

Avaliación extraordinaria (setembro)

A avaliación extraordinaria consistirá nun único exame referente a toda a materia traballada durante o curso; o alumnado que suspendera na avaliación ordinaria, deberá realizar esta proba, independentemente de que teña algunha avaliación aprobada durante o curso.

**3º e 4º ESO**

Para calcular a nota de cada avaliación terase en conta só o primeiro decimal e atenderase ó seguinte:

Notas dos exames

A nota de exames será a media entre o 1º e o 2º exame (50%). Non se esixirá unha nota mínima para proceder ó cálculo desta media, pero si para que se teñan en conta as notas dos demais instrumentos de avaliación e acadar, así, un aprobado, **sendo esta nota media mínima, un 3**.

Exemplo: se alguén acadou nos exames un 2,5 e un 6 terá de media un 4,2; nota que se ponderará tal como describiremos a continuación, podendo subir ou baixar. Se alguén ten unha media de menos de 3 nos exames, a ponderación unicamente lle permitirá acadar, como máximo, un 4 na nota final. Faise, pois, imprescindible, para aprobar, ter unha media de 3 ou máis nos exames.

A **nota máxima** que se pode acadar cos demais instrumentos (libros, traballos, proxecto, positivos…) **é un 2.** Non se establece unha nota mínima, polo que, de non ler ningún libro, non presentar traballos, acadar negativos, etc. poderase acumular unha **nota negativa superior ós 2 puntos.**

Control do traballo diario e continuado

Os escritos demandados (redaccións, comentarios…) serán cualificados cun positivo, negativo ou visto; cada positivo suma +0,2 á nota media dos exames, cada negativo resta -0,2, os "vistos" non alteran a nota. Porase un "Non Presentado" (-0.4) cando a redacción, traballo, comentario… entregados se realizasen sen prestar ningunha atención e sen responder ás características do demandado.

Os positivos, negativos e vistos tamén poderán ser empregados para valorar tarefas, resposta a preguntas formuladas na aula, resposta por escrito a tarefas realizadas na aula, probas específicas dun determinado contido…

Traballos e proxectos

Os proxectos e os traballos, dos que se require a presentación por escrito e a exposición oral, valoraranse, de acordo ó que se explicará no apartado "criterios de corrección", con: -0.7; -0.5; -0.2; visto; +0.2; +0.5

Lecturas

Os libros de lectura valoraranse segundo o descrito no apartado "criterios de corrección" con: -0.7; visto; +0.2; +0.5

Nota de cada avaliación

A nota final da avaliación calcúlase sobre a nota media dos exames que, como se dixo, non pode ser inferior a 3, á que se lle engaden ou restan as procedentes dos instrumentos de avaliación mencionados. Dado que é necesario redondear a nota, aplicarase o chamado "redondeo normal", isto é, o número decimal aproxímase ó enteiro máis próximo; se a parte decimal é menor ca 5 décimas, aproxímaxe ó enteiro menor (6.4 → 6); se é igual ou superior a 5 décimas, aproxímase ó enteiro superior (6.5 → 7).

Para calcular a nota cando se realizan recuperacións:

- Terase a posibilidade de recuperar, nos termos que se indicou máis arriba, a nota correspondente ós exames da avaliación no seu conxunto (non se realizarán recuperacións de cada un dos exames da avaliación, senón do global).
- A nota acadada nas recuperacións deberá ser **igual ou superior a 3** para poder ponderala coas acadadas por outros procedementos; no caso de que non sexa así, non se acadará máis de 4 na nota de avaliación, sexa cal sexa o resultado da ponderación. Isto refírese tanto ás recuperacións de cada avaliación, como á recuperación final, na que o alumnado poderá examinarse dos contidos correspondentes a un trimestre ou a toda a materia, segundo o indicado no punto "Procedementos de cualificación".
- Non existe a posibilidade de recuperación das notas obtidas por medio dos demais instrumentos de avaliación (libros, traballos, proxectos…), posto que é o principal medio empregado para realizar unha avaliación continua que permite obter información sobre o traballo

continuado ó longo do trimestre e do curso (sobre a implicación nas tarefas, o interese mostrado…), polo que non se pode reducir a un momento puntual de final de trimestre ou de curso no que se entregue todo o non realizado durante o curso.

Nota da avaliación final ordinaria
Para calcular a nota da avaliación ordinaria:
- A nota da avaliación ordinaria será a media das obtidas en cada unha das tres avaliacións (terase en conta a nota da recuperación se é superior á da avaliación).
- Para acadar o aprobado, a suma resultante das notas (xa redondeadas) das avaliacións deberá ser, como mínimo, 14.
- Non se poderá aprobar se nalgunha das avaliacións se obtivo menos dun 4, independentemente do resultado da media; nestes casos, a nota máis alta que se poderá acadar será un 4.

Avaliación extraordinaria (setembro)
A avaliación extraordinaria consistirá nun único exame referente a toda a materia traballada durante o curso, sendo este o único instrumento de avaliación; o alumnado que suspendera na avaliación ordinaria, deberá realizar esta proba, independentemente de que teña algunha avaliación aprobada durante o curso.

## 4.3. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CORRECCIÓN

Aínda que xa se fixo referencia a eles anteriormente, detallaremos a continuación, máis polo miúdo, en que consiste cada instrumento de avaliacón e os criterios de corrección asociados a cada un:

Exames
Os exames de cada trimestre versarán sobre os contidos teóricos e prácticos traballados. Indicarase sempre a valoración de cada pregunta do xeito máis detallado posible. En calquera caso, os erros de ortografía, expresión, puntuación… baixarán a nota do exame un 0.1 cada dous erros, no caso de 1º e 2º de ESO, e 0.1 cada erro, no caso de 3º e 4º de ESO (se aparecen repetidos, só se computan unha vez).

É imprescindible unha presentación correcta: letra lexible, marxes, orde, claridade…

Se non se asiste a un exame por motivos de saúde, deberase entregar xustificante médico para que este sexa repetido.

Traballos

Os traballos, preferentemente en grupo, constarán de versión escrita e exposición oral. A versión escrita será responsabilidade do conxunto do grupo, polo que a cualificación correspondente a esa parte será igual para tódolos membros; a valoración da exposición oral será individual.

A versión escrita constará de:

- Portada: título, autoría, curso…
- Introdución
- Corpo do traballo coas epígrafes correspondentes, segundo a distribución do contido.
- Conclusión
- Bibliografía: listaxe ordenada de tódolos medios consultados, incluídas páxinas web, libros, revistas, xornais…

É imprescindible unha correcta presentación: traballo unificado (non diversas partes grampadas), sen erros de ortografía (pódese revisar cantas veces faga falta antes de entrégalo), coas marxes axeitadas…

De non responder a estas características, a cualificación será de NP (independentemente de que se realizara a exposición oral), posto que se entende que non responde ó demandado.

A exposición oral pódese realizar cun guión previamente elaborado, pero non tendo o traballo diante. Hai que lembrar que se trata de ofrecer ó resto da clase información sobre un determinado tema, empregando expresións propias (aínda que sempre coidando o rexistro e o nivel), sen memorizar datos que non se comprenden. O obxectivo é que as persoas receptoras comprendan a información que se lles está proporcionando, o que non acontecerá se quen realiza a exposición non entende o que está a expresar.

Despois de cada exposición, que terá unha duración mínima de 2 minutos por cada membro do grupo, as persoas receptoras poderán formular as preguntas, pertinentes, que desexen.

Na exposición oral valorarase:

- Cumprimento do tempo mínimo (2 minutos).
- Explicación dos contidos con expresións propias, demostrando unha boa comprensión do tema (non memoriza contidos que non entende).
- Corrección da linguaxe verbal empregada: léxico variado, rexistro axeitado, pronuncia, ritmo, entoación… adecuados.
- Corrección da linguaxe non verbal: postura, acenos, seriedade…
- Adecuación do contido ó demandado.
- Emprega elementos de apoio: mapas, imaxes, gráficos…

Para cualificar o conxunto do traballo partirase da valoración da exposición individual, que se ponderará segundo a corrección do traballo escrito, que poderá subir, baixar ou non afectar á nota da exposición.

Se non se presentou o traballo escrito e/ou non se realizou a exposición oral, ou o entregado/exposto non respondía ó demandado, a cualificación será de -0.7.

Considerarase a posibilidade de ter en conta a propia autoavaliación do alumnado e mais a avaliación entre iguais.

Proxectos

Na medida do posible, serán realizados polo conxunto do grupo. Para a súa cualificación terase en consideración, segundo o caso:

- Participación e implicación no proxecto.
- Colaboración co resto dos integrantes do grupo, resolvendo pacificamente, a través do diálogo, os conflitos que poidan xurdir.
- O esforzo individual e a responsabilidade (como parte dun proxecto común que depende das achegas de cada individuo).
- Lingua empregada na comunicación cos compañeiros.

De non participar no proxecto ou facelo escasamente, a cualificación será de -0.7.

Do mesmo xeito que acontecía coa exposición oral, para o proxecto considerarase a posibilidade da coavaliación, proporcionando ó alumnado uns criterios claros cos que poderán avaliar os seus compañeiros/as, e da autoavaliación, a través de informes individuais sobre o seu labor no proceso de elaboración do traballo ou do proxecto.

Lecturas

En canto ós libros de lectura, farase un control de lectura de dous libros por trimestre, podendo darse algunha das seguintes circunstancias:

- Non demostra a lectura comprensiva de ningún dos dous libros: -0.7
- A súa resposta ofrece dúbidas sobre a lectura comprensiva do libro: visto.
- Demostra axeitadamente a lectura comprensiva dos libros: +0.2 por cada un dos libros.
- Demostra claramente a lectura comprensiva dos libros, ademais de reflexionar sobre aspectos do seu contido, dar unha opinión ben razoada…: +0.5 por cada un dos libros.

<u>Control do traballo diario e continuado</u>

Recolleranse diversos escritos ó longo de cada trimestre (redaccións, comentarios, tarefas concretas…); valoraranse tendo en conta aspectos como:

- Presentación
- Erros ortográficos, de expresión, puntuación…
- Repetir (ou rectificar) os mesmos erros de escritos anteriores
- Riqueza léxica
- Complexidade sintáctica
- Contidos demandados
- Madurez…

Para a entrega destes textos acordarase unha data límite: o alumnado poderá entregar os seus escritos ata esa data (incluída), pero en ningún caso se recollerán posteriormente.

En canto ás tarefas, resposta oral a preguntas realizadas na aula, resposta escrita a tarefas realizadas na aula, probas específicas sobre un contido determinado...: a docente decidirá, en cada caso, cando precisa recorrer a algún destes instrumentos; en calquera caso, non se premiará aquilo que é de obrigado cumprimento (realizar unha tarefa encomendada…), senón a excelencia na súa realización.

Como se indicou máis arriba, este tipo de actividades serán valoradas con positivo, negativo, visto, non presentado.

## 4.4. AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial realizarase nos primeiros días de curso e terá por obxecto coñecer o nivel do alumnado, especialmente no que se refire a destrezas básicas: expresión, comprensión de textos… e coñecementos xerais. En concreto, realizarase unha proba que, adaptada a cada curso, consistirá en:

- Comprensión de texto, a través de preguntas directas, de resumos, esquemas, indicación de ideas principais…
- Comprobación de que manexan unha terminoloxía lingüística básica: clases de palabras…
- Expresión escrita: redacción, texto argumentativo…

Ademais disto, común a tódolos cursos, en 1º faranse lecturas en voz alta; estas lecturas tamén serán realizadas por alumnado doutros cursos que se incorporara este ano ó centro, así como por aqueles que presentaran dificultades neste sentido en cursos anteriores.

A corrección desta avaliación inicial non será de tipo cuantitativo, senón que se realizarán as anotacións cualitativas oportunas para tomar decisión sobre:

- Modificacións na programación cando esta avaliación evidencie carencias que afectan ó conxunto do grupo:
  - Contemplando a necesidade de repaso dalgunhas cuestións.
  - Ampliando ou reducindo a temporalización prevista para algúns contidos.
  - Ampliando ou modificando as actividades previstas (cambio na complexidade…)…
- Recomendacións da realización de actividades concretas sobre algún aspecto particular no que algún alumno/a mostre carencias.

### 4.5. PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Segundo lexislación vixente.

## 5. MÍNIMOS ESIXIBLES – GRAOS DE CONSECUCIÓN MÍNIMA

No apartado 3 desta programación recóllese, para todos os cursos, a concreción dos estándares de aprendizaxe vinculados ós criterios de avaliación; nesta concreción sinálanse cun asterisco aqueles que se consideran mínimos esixibles. A isto debemos engadir que no PE advírtese o seguinte: “nas programacións de lingua e/ou literatura galegas de tódalas etapas, debe figurar expresamente que será necesario acadar un dominio da lingua oral axeitado á idade do alumnado para superar a materia”, polo que, seguindo estas indicacións, **será requisito indispensable**, para aprobar a materia, un dominio aceptable da lingua oral, que será demostrado, especialmente, na exposición oral dos traballos; aínda que tamén noutros momentos do proceso educativo: na realización de debates, en intervencións espontáneas, nas respostas a preguntas da docente…

Á par disto, é evidente tamén a necesidade dun **dominio do resto das capacidades lingüísticas básicas**: expresión escrita e comprensión de textos orais e escritos. Loxicamente, o nivel de esixencia irá *in crescendo* segundo se vaia subindo de nivel académico, pero en todos eles será imprescindible demostrar, a través dos diferentes instrumentos de avaliación descritos, que se é capaz de:

- Redactar un texto, que sexa coherente, adecuado, cohesionado, ben presentado e cunha ortografía e expresión aceptables.
- Comprender textos orais e escritos.

Así pois, a axeitada expresión e comprensión, referidas ambas á oralidade e á escrita, son **condición *sine qua non* para a superación da materia.**

Esta imprescindibe habilidade comunicativa reflíctese nos diversos elementos do currículo de cada curso: nas competencias clave (competencia en comunicación lingüística), nos elementos de carácter transversal (comprensión lectora, expresión oral e escrita), nos obxectivos da educación secundaria obrigatoria (comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e

mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura) e en varios criterios de avaliación, contidos e estándares de aprendizaxe.

Como xa se indicou máis arriba, os mínimos esixibles aparecen sinalados na concreción dos estándares de aprendizaxe, e entre eles figuran aqueles que se consideran precisos para o desenvolvemento do nivel necesario na competencia en comunicación lingüística. Porén, o carácter holístico desta competencia non fai posible, na nosa opinión, a adxudicación a cada un destes estándares dun grao mínimo de consecución, senón que debe aplicarse, neste caso, unha valoración do conxunto que non estea suxeita a avaliación artificiosa de cada parte do acto comunicativo (ver apartado 3.1 desta programación).

# 6. MEDIDAS DE ATENCIÓNÁ DIVERSIDADE

Durante o curso 2020-21 non están previstos agrupamentos específicos ou grupos de reforzo que atinxan directamente á nosa materia; porén, si debemos mencionar, que parte do alumnado de 1º e 2º estará exento de Francés para reforzar as materias instrumentais. Ademais, levaranse a cabo tres adaptacións curriculares: unha en 1º, outra en 2º e outra en 3º de ESO.

Á marxe desta medida, seguiranse estas pautas:

- Os grupos para a elaboración dos traballos de cada avaliación deberán ser heteroxéneos, e o traballo repartirase de acordo ás capacidades, habilidades… de cada alumno/a, sen que isto sexa valorado negativamente; caso distinto será o da falta de implicación no traballo do grupo, que si será valorado negativamente.
- A organización dos proxectos seguirá o dito para os traballos.
- Na organización da aula, terase en conta que os agrupamentos, se os houbera, favorezan a axuda entre iguais, especialmente naqueles casos en que haxa alumnado con máis necesidades (reforzo educativo, TDA, TEA…).
- Na valoración dos escritos recollidos periodicamente terase en conta a evolución de cada alumno/a, posto que un dos criterios de corrección sinalados é “repetir (ou rectificar) os erros de escritos anteriores”.

Os instrumentos de avaliación descritos no apartado 4 servirannos para detectar se un alumno/a presenta dificultades  (sexa nestes mínimos ou noutros contidos), ó que haberá que engadir a propia percepción do alumnado a este respecto, que pode demandar, nun momento dado, un reforzo para comprender determinados conceptos ou para realizar correctamente algún tipo de actividade.

As actividades encamiñadas á superación destas dificultades seguirán algún (ou algúns) dos seguintes mecanismos:

- Realización de actividades en liña ás que se poida acceder a través do blog co que se traballa na aula; de feito, neste blog, ademais de indicar as actividades que se deben realizar, adoitan sinalarse outras, para facer a maiores, se se seguen a ter dificultades.
- Actividades en papel proporcionadas pola docente e adaptadas a cada situación.
- Nova explicación do concepto non comprendido.
- Plan de traballo a máis longo prazo cando se trate de dificultades de base como a escasa comprensión de textos sinxelos, a falta de capacidade para a expresión escrita ou oral coherente…

Cómpre mencionar que se trata de actividades de reforzo dirixidas, como dixemos, a alumnado que presenta dificultades nunha ou en varias partes da materia impartida, isto é, non conseguen acadar un resultado satisfactorio **unha vez realizado un esforzo** que implica o traballo coas actividades propostas (exercicios prácticos, repasos...). De non darse este esforzo previo, é evidente que o alumno/a non precisa unhas actividades de reforzo, senón un cambio de actitude; nestes casos, dependendo da gravidade da situación, poderase optar por:

- Facerlle ver ó alumno ou alumna a necesidade dun traballo constante para acadar resultados.
- Comunicarlle a situación á persoa titora do grupo.
- Comunicarlle a situación á orientadora do centro.
- Solicitar que se comunique á familia a situación, verbalmente e/ou por escrito.

Finalmente, debemos aclarar que a realización das actividades de reforzo non supón que non se deba demostrar, polas canles establecidas no apartado 4, a superación desas dificultades. Trátase dunha medida dirixida á aprendizaxe, pero non dun instrumento de avaliación.

Cómpre lembrar que o sistema de avaliación, recollido no punto 4, contempla distintos instrumentos de avaliación que, á súa vez, requiren diferentes habilidades ou capacidades (expresión escrita, expresión oral, traballo en grupo, lecturas individuais…).

# 7. EDUCACIÓN EN VALORES E ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Tomamos como referencia para abordar estes aspectos os valores recollidos nos artigos 1 e 2 do Cap. I "Principios e fins da educación" da LOE e mais o art.4 "Elementos transversais" do Título Preliminar do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Dadas as características da nosa materia, determinados elementos transversais serán traballados, en tódolos cursos, dunha maneira específica: comprensión lectora, expresión oral e escrita, comunicación audiovisual.

Porén, como pode desprenderse da metodoloxía e dos recursos sinaladas nesta programación, farase tamén especial fincapé noutros aspectos como as tecnoloxías da información e da comunicación (ver apartado apartado 8 desta programación).

Ademais, entre os libros de lectura propostos para cada curso, inclúense algúns que tratan, dunha maneira evidente, temáticas como a amizade, a resolución de conflitos, o respecto á diversidade, a tolerancia, o coidado do medio ambiente, a prevención da violencia de xénero ou contra as persoas con discapacidade, o respecto á orientación sexual…Nos controis de lectura, que serán o instrumento co que se avaliará a lectura comprensiva destas obras, incluiranse cuestións para valorar a comprensión e reflexión do alumnado sobre estes valores (obviamente, parte importante desa lectura comprensiva), que serán un dos factores que determine a nota do alumnado nesta parte.

Por outro lado, tal como se sinalou no apartado 4,  a avaliación dos proxectos terá en consideración:

- Participación e implicación no proxecto.
- Colaboración co resto dos integrantes do grupo, resolvendo pacificamente, a través do diálogo, os conflitos que poidan xurdir.
- O esforzo individual e a responsabilidade (como parte dun proxecto común que depende das achegas de cada individuo).

Por último, a formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural do Estado español é parte dos contidos presentes en distintos cursos da programación, polo que, neste caso, si forman parte, explicitamente, das unidades didácticas e están sometidas á avaliación correspondente.

# 8. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

O alumnado da materia estará en continuo contacto coas TIC, posto que:

- A materia está organizada na aula virtual e no blog “Ti dálle que malo será”, que recolle teoría, actividades e ligazóns a outras páxinas, e que constituirá un elemento básico no desenvolvemento das clases.
- Moitas das actividades que realizará o alumnado serán en liña.
- Os traballos e os proxectos requiren, tal como se indica nos apartados 3 e 4 desta programación, traballo coas TIC (procura de información, exposición con axuda das TIC…). Nos apartados mencionados sinálanse os criterios de corrección que se aplicarán.
- Están programados “triscos” que tratan dunha maneira específica as TIC, como: “Textos da vida cotiá: mensaxes electrónicas…” ou “Enciclopedias, glosarios, webs educativas…”, que engloban os criterios de avaliación aplicables, a relación coas competencias…
- Os proxectos que se proporán para cada curso incluirán tamén o traballo coas TIC.

# 9. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

O sinalado anteriormente referente á educación en valores está intimamente ligado ó plan de convivencia, pois trátase de desenvolver e potenciar actitudes no alumnado que contribúan a unha convivencia pacífica.

A isto podemos engadir, no que atinxe á xestión da aula, que consideramos que o alumnado debe dispor, desde o primeiro momento, de información clara e precisa sobre o desenvolvemento da materia, en especial no referido a criterios e instrumentos de avaliación, o que diminuirá os posibles conflitos ocasionados polas cualificacións. Así pois, o primeiro día de clase proporcionase información sobre isto, ademais de ficar no taboleiro da aula durante o curso. Ademais, a programación estará a disposición das familias na páxina web do centro.

Terase tamén presente, para a realización de traballos e proxectos, a posibilidade de abordar temáticas vinculadas á mellora da conviencia.

# 10. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Dadas as características da nosa materia, resulta evidente que o traballo con diferentes tipos de textos é esencial e continuo; deste xeito, advertiranse na programación de cada curso referencias á lectura, comprensión, elaboración… de textos, así como nos instrumentos e criterios de avaliación que se aplicarán.

Cómpre destacar, neste sentido, o programa de lecturas recollido no apartado 4.3. deste documento.

# 11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Este departamento non ten deseñadas actividades complementarias nin extraescolares concretas, posto que será ó longo do curso cando vaian xurdindo diferentes propostas, tanto por parte do centro e do Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias (Letras Galegas, Nadal…), como doutras organizacións e institucións (Concello, Xunta…), nas que poderá participar o noso alumnado e os propios membros do departamento; deste xeito, prevese a colaboración en distintas celebracións que se organizan no centro, como a do Entroido (coa elaboración, por parte do alumnado de Secundaria, do “Xuízo de Entroido”), a revista “Folerpas”…

Cómpre mencionar que, especialmente a través dos traballos e proxectos, procúrase vincular os contidos da materia coas actividades levadas a cabo por outros equipos do centro, sobre todo polo EDLG.

# 12. PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR

Este aspecto tratarase do mesmo xeito sinalado no punto 6, isto é, a partir da detección das dificultades que presente este alumnado, procederase ó reforzo descrito anteriormente.

# 13. RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES: PLAN DE TRABALLO, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A profesora, nos primeiros días de clase, entregará ó alumnado coa materia pendente de cursos anteriores un caderniño con actividades que serán parte da avaliación da materia.

Constarán en dito caderno as datas de entrega de cada parte, que deberán ser respectadas. Se, por calquera circunstancia, algún alumno/a non entregara as actividades no día sinalado, recolleránselle outro día, pero **en ningún caso se aceptarán atrasos continuos sen xustificación**.

A elaboración destas actividades debe ser realizada fóra do horario de clase, aínda que se poden consultar as dúbidas na clase ou durante o tempo que a profesora ten asignado a atención ó alumnado. Deberán realizarse nunha libreta, bloc..., de xeito ordenado e **coidando a presentación** (non se recollerán folios soltos).

O alumnado que entregue os exercicios realizados correctamente, nas datas sinaladas, e respectando as indicacións da profesora (revisión e corrección de actividades…) terá dereito a examinarse da materia pendente por parciais:

- O primeiro parcial realizarase despois das vacacións de Nadal e incluirá actividades **semellantes (non necesariamente iguais**) ás que aparecen na primeira metade do caderno.
- O segundo parcial realizarase despois das vacacións de Semana Santa e incluirá actividades **semellantes (non necesariamente iguais)** ás que aparecen na segunda metade.

Para acadar un Suficiente na recuperación desta materia, ademais da entrega das actividades de xeito correcto, deberase acadar, **como mínimo, un 3 en cada exame parcial.** Poderase obter unha nota final máis alta en función do resultado destes exames.

Aqueles/as alumnos/as que non acaden unha avaliación positiva, terán dereito a un exame extraordinario de toda a materia pendente, que se celebrará no mes de maio. Neste caso, a nota acadada neste exame será a única que se terá en conta.

# 14. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Non se empregarán libros de texto en ningún do cursos; senón que se recorrerá, fundamentalmente, a materiais aloxados na rede, organizados a través da aula virtual e do blog: “ti dálle que malo será” (http://tidallequemalosera.blogspot.com.es/) que recolle textos, teoría… e ligazóns a outras páxinas con diversas actividades.

# 15. ANÁLISE DA PROPIA PROGRAMACIÓN: MECANISMOS E INDICADORES PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN

Posto que a programación didáctica debe ser a guía dos procesos de ensino-aprendizaxe e reflectir a práctica docente, deberá formar parte dos documentos que a docente manexe na súa actividade diaria dentro da aula.

Consideramos que o ter presente, físicamente, o deseño de cada “trisco” ou unidade tal como consta na programación facilitará a revisión, avaliación e, se é o caso, modificación de cada parte, posto que se poderán ir realizando as anotacións pertinentes de cara a cursos vindeiros ou ós próximos contidos do mesmo curso (relacionalos con outros anteriores, aproveitalos para reforzar…).

Os indicadores que se terán en conta nesta reflexión sobre a propia modificación serán:

- Adecuación do tipo de actividades (axeitadas, ou non, para traballar un determinado contido e/ou estándar).
- Número de actividades para cada contido: saturación ou escasez.
- Variedade das agrupacións nas actividades: individuais, en pequeno grupo, en gran grupo.
- Proposta de actividades para reforzar e/ou ampliar.
- Estratexias metodolóxicas empregadas (explicación teórica, proposta de actividades prácticas, facilítase a aprendizaxe autónoma…): variadas, equilibradas, predominio dalgunha sobre outras…
- Temporalización: escasa, correcta, excesiva.
- Secuenciación
- Adecuación de traballos e proxectos propostos.
- Adecuación de lecturas propostas.
- Sistema de avaliación: instrumentos variados, claro e preciso, puntos incertos, adecuación a distintos tipos de alumnado, infórmase dos resultados ó alumnado…
- Vinculación da programación a proxectos comúns desenvoltos no centro.

As anotacións referidas a estes indicadores terán como finalidade a modificación e mellora da programación, e serán de tipo cualitativo, posto que, neste caso, é o modo idóneo (na nosa opinión) de reflectir que tipo de cambios reais se precisan.

# 16. APARTADOS DERIVADOS DAS INSTRUCIÓNS DO 30 DE XULLO DE 2020

## 16.1. TRANSICIÓN Ó ENSINO NON PRESENCIAL

Incorpórase este apartado á programación didáctica atendendo ó indicado nas *Instrucións do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da CA de Galicia nos que se imparten as ensinanzas de EI, EP, ESO e do Bacharelato*.
O punto 3.2 do apartado segundo destas Instrucións (Liñas xerais para o curso 2020/2021) dispón que nas programacións didácticas se deben contemplar os posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial.
Así mesmo, o punto 3.7.d deste mesmo apartado sinala que constarán as adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir, identificando de forma expresa aquelas aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave, así como o deseño de tarefas globais e as estratexias e instrumentos de avaliación máis adecuados para a consecución deste obxectivo.
Por outro lado, as *Instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública e a actualización das recomendacións sanitarias ó protocolo do 22 de xullo de adaptación ó contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia*, sinala tamén, no seu punto 30.1, que as programacións didácticas incluirán a metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia e, no punto 30.2, que se incluirá o modo de prover o dereito á educación ó alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.

En virtude desta normativa tómanse as seguintes decisións:

<u>Aprendizaxes mínimas</u>
As aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave serán as indicadas na programación didáctica, onde aparecen sinaladas cun asterisco no apartado: “concreción de estándares de aprendizaxe”.
Cómpre ter presente tamén o exposto no apartado 5 da programación no referente a contidos mínimos.
De ser necesario, a formación centrarase nestas aprendizaxes e prescindirá doutro tipo de contidos.

Metodoloxía e recursos

No traballo cotián nas clases presenciais farase uso das TIC, empregando as mesmas ferramentas que o alumnado deberá utilizar no caso dun escenario que requira unha ensinanza distinta á presencial. Preténdese así que todo o alumnado se familiarice co seu uso e poida traballar do xeito máis autónomo posible.

As principais ferramentas que comporán o ecosistema dixital son:

- ✓ Aula virtual.
- ✓ Blog "Ti dálle que malo será"
- ✓ Páxinas web de actividades sobre distintos aspectos da materia.
- ✓ Correo electrónico, a través do que, en caso necesario, se manterá a comunicación con alumnado e familias.

No referente ós libros de lectura, prestaranse no mes de setembro os libros previstos para o 1º trimestre, de xeito que todo o alumnado teña a oportunidade de lelos e realizar o control de lectura presencial ou os traballos que se determinen. Poderase recorrer tamén ós libros de consulta libre na rede que indique a docente.

Escenario posible: ensinanza semipresencial

No caso de darse un escenario no que sexa posible a ensinanza semipresencial, dedicaranse as sesións presenciais a:

- ✓ Realización de probas de avaliación.
- ✓ Traballo cos contidos máis dificilmente adaptables á ensinanza á distancia.
- ✓ Resolución de dúbidas.

Salvo disposición regulamentaria en contrario, avanzarase no desenvolvemento da programación a través tanto das clases presenciais como dos recursos TIC anteriormente mencionados. Así pois, as probas de avaliación presenciais recollerán os aspectos novos que se traballen.

Escenario posible: ensinanza á distancia

Empregaranse as ferramentas TIC indicadas anteriormente e, de igual xeito que no caso da ensinanza semipresencial, salvo disposición regulamentaria en contrario, continuarase avanzando segundo o previsto na programación, atendendo especialmente ás aprendizaxes mínimas.

Escenario posible: ensinanza presencial con alumnado confinado

O alumnado que, preventivamente, se atope confinado, deberá realizar, se o seu estado físico llo permite, as actividades que, nese tempo, realicen os seus compañeiros/as de aula, coas modificacións que, no seu caso, a docente considere necesarias. Tales actividades poderán ser cualificadas e tidas en conta no cálculo da nota de avaliación.

Na medida do posible, manterase contacto con este alumnado, como mínimo, nos momentos en que se imparte clase ó resto do grupo, para o que se poderá empregar a ferramenta "conversa en tempo real" da aula virtual. Se a dinámica da clase ou calquera outra circunstancia impide tal comunicación, establecerase contacto noutro momento.
Considérase que o alumnado confinado debe estar dispoñible no tempo correspondente ó horario lectivo; se así non o fixer, adoptaranse as medidas acordadas polo centro (no seu caso). De calquera xeito, a materia impartida presencialmente será obxecto de exame e avaliación tamén para este alumnado, sen que a situación de confinamento poida ser escusa para non continuar o proceso de aprendizaxe.

Avaliación
Como se indicou antes, se é posible a ensinanza semipresencial, realizaranse as probas de avaliación previstas de xeito ordinario na aula (exames, controis de lectura, exposicións orais...).
No caso de ensinanza a distancia, a avaliación poderase realizar mediante:

- Traballos que o alumnado deberá entregar.
- Gravacións de exposicións orais (vídeo ou audio).
- Uso da ferramenta "tarefa" da aula virtual, que permite adxudicar un tempo determinado para a realización dunha determinada tarefa.

Non se descarta o emprego doutros instrumentos, como realización de probas orais ou escritas a través de videoconferencias.
No que atinxe ó alumnado co materia pendente de cursos anteriores, seguirase o indicado na programación (combinación de caderno de actividades e probas presenciais); de non ser posible as probas presenciais, teranse en conta unicamente as actividades do caderno.

Alumnado que non pode seguir a ensinanza telemática
Dada a experiencia do último trimestre do curso 2019-20, cremos que todo o noso alumnado terá acceso á ensinanza telemática. De calquera xeito, no caso de que algún alumno/a non contara cos recursos imprescindibles, seguirase o modelo de traballo que adopte o equipo docente ou o centro (xa que se entende que o problema afectará a tódalas materias), e que poderá pasar polo envío de tarefas, desde o centro ou desde o Concello, a través do correo ordinario.

## 16.2. PLANS DE REFORZO E RECUPERACIÓN

As *Instrucións do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da CA de Galicia nos que se imparten as ensinanzas de EI, EP, ESO e do Bacharelato* dispoñen, no seu punto segundo (Liñas xerais para o curso 2020/2021), apartado 3.3, que "para un correcto inicio e

desenvolvemento do curso 2020/2021, os equipos docentes elaborarán plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020”.

Para acadar esta finalidade, modificouse a programación didáctica incorporando os contidos relativos a ditas aprendizaxes, ben a través de novas unidades, ben a través da ampliación doutras que trataban contidos semellantes.

Na propia programación, así como na aula virtual, indícanse que unidades incorporan aprendizaxes pertencentes a cursos anteriores.

Ademais disto, priorízanse en tódolos cursos, na medida do posible, aspectos básicos do currículo, que inciden na adquisición da competencia lingüística e da competencia dixital:

- Acentúase o traballo de comprensión e expresión oral e escrita.
- Traballarase de xeito cotián coa aula virtual e outras páxinas e, malia tratarse de ensinanza presencial, solicitarase o envío de tarefas por medios telemáticos, de xeito que resulte cada vez máis familiar, de cara a unha posible situación de suspensión das clases presenciais.

Deseñaranse tamén plans individualizados para o alumnado que así o precise, en particular:

- Plans de recuperación para alumnado coa materia pendente (punto 13 desta PD).
- Plans de reforzo para alumnado que presente dificultades, que se deseñarán a partir dos resultados da avaliación inicial.